

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 25 de outubro de 2019

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 25 de outubro de 2019, ás 12:00 horas.

## **ASUNTOS**

### **Información e actas**

- [1. Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Manuel Taboada Vigo](#)
- [2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/19, do 27 de setembro](#)
- [3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro de 2019 ata o 18 de outubro de 2019](#)

### **Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

- [4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar os XVII Premios Mestre Mateo e o III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual](#)
- [5. Aprobación da toma de coñecemento de "Compartimos Plan": Diagnose e Plan de Acción das políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña.](#)

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

- [6. Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Fundación Exponav para financiar "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval"](#)
- [7. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común \(ORGACCMM\) para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes"](#)

### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

- [8. Aprobación do proxecto modificado nº 1 da obra DP 8202 ampliación de plataforma e mellora de trazado na D.P. 8202 Galanas a Cacheiras pq 3+500 ao 4+240 \(Teo\), do Plan de Inversións de Vías Provinciais 2017, cuarta fase](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

- [9. Aprobación da avocación parcial da contratación de obras e subministro comprendidos nos plans provinciais a solicitude do concello de Pontedeume.](#)
- [10. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para a execución da Rede de saneamento na DP-0510.](#)
- [11. Aprobación do texto e formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha "Cátedra de Dereito Local"](#)

**Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

[12. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) "POS+ 2020"](#)

[13. Aprobación do proxecto modificado da obra "Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase" do Concello de Ames incluída no Plan de Acción Social \(PAS\) Adicional 1/2015 co código 2015.3111.0501.0](#)

[14. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma viales en Sobreira, Gárdoma, Aquelavila, a Igrexa, Ponte Boado, Casa do Monte e Fontao," do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2019 co código 19.2000.0118.0](#)

[15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na Pontella, do Cruce de Buxantes á estación de bombeo", do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0736.0](#)

[16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de equipamentos e espazos libres públicos na Picota e en San Cosme", do Concello de Mazaricos, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0749.0](#)

[17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e adaptación do parque infantil de Bañobre", do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0752.0](#)

[18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Asfaltado en Liñares, Castiñeira, ampliación de parking público e rede de saneamento en Grandal", do Concello de Vilarmaior, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2018 co código 2018.2000.0325.0](#)

[19. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Acondicionamento de senda peonil de Oroso Pequeno ao Parque Fluvial do río Carboeiro"](#)

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

[20. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2019.](#)

[21. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a agosto de 2019 e proxección a 31/12/2019.](#)

[22. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 4/2019 de aprobación polo Pleno.](#)

[23. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL:  
MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa á xunta de portavoces da Deputación Provincial da Coruña

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a creación dun novo parque comarcal de bombeiros para dar servizo á área metropolitana de Santiago de Compostela

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños para restablecer a normalidade dos traficos no cruce das estradas provincial DP 5803 e autonómica AC-12

Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar a aprobación dun Plan integral de reforma, adaptación, acondicionamento, reparación e mantemento continuado no tempo, da totalidade das instalacións deportivas dos municipios da provincia da Coruña.

Moción do Grupo Provincial Popular de apoio e recoñecemento da labor que realizan as forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña.

ROGOS E PREGUNTAS

**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 25 de outubro de 2019.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de outubro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Presidente:** Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

**Deputados/as**

**Asistentes:**

Dona Martina Aneiros Barros PP  
Don Evaristo Ben Otero PP  
Don José Carlos Calvelo Martínez PP  
Dona Cristina Capelán Cancelo PSOE  
Don Germán Castrillón Permuy PP  
Dona María Milagros Castro Sánchez PSOE  
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez BNG  
Don Manuel María Durán Guillán PP  
Don Antonio Fernández Angueira PP  
Don José Luis Fernández Mouriño PP  
Don Bernardo Fernández Piñeiro PSOE  
Dona Rosa M<sup>a</sup> Gallego Neira PP  
Dona Dalia García Couso PP  
Don José Blas García Piñeiro PSOE  
Don Ángel García Seoane AVV  
Don José Pablo González Cacheiro PP  
Dona Sandra González Castro PSOE  
Don José Manuel Lage Tuñas PSOE  
Don Antonio Leira Piñeiro PSOE  
Don Alberto Lema Suárez MA  
Dona María Beatriz Molinos Vidal PP  
Don José Muiño Domínguez PP  
Dona María del Carmen Muiño Filgueira BNG  
Don Xosé Luis Penas Corral BNG  
Don José Manuel Pequeño Castro PSOE  
Don Xosé Regueira Varela BNG  
Don José Ramón Rioboo Castro PSOE  
Don Roberto Rodríguez Martínez PP  
Don Manuel Taboada Vigo PP

**Excusado:**

Dona Ana Lamas Villar PSOE

**Actúa como secretario:** Don José Luis Almau Supervía, Secretario xeral da Corporación

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.- Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Manuel Taboada Vigo**

#### Sr. Secretario

Na Secretaría Xeral desta Deputación consta a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi asignado deputado provincial, don Manuel Taboada Vigo, en substitución por renuncia de don Agustín Hernández Fernández de Rojas, por figurar como primeiro suplente na listaxe de candidatos a deputados presentada polo Partido Popular como consecuencia das eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019. Don Manuel Taboada Vigo formulou declaración sobre causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionan ou lle poden proporcionar ingresos económicos, reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial, previa prestación do preceptivo xuramento ou promesa.

Don Manuel Taboada Vigo toma posesión do seu cargo, xurando o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

#### Sr. Presidente

Dándolle a benvinda ao Sr. deputado en nome de toda a Corporación, pasamos ao punto número dous.

### **2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/19, do 27 de setembro**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 10/19, do 27 de setembro

### **3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro de 2019 ata o 18 de outubro de 2019**

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Presidencia desde o 21 de setembro de 2019 ata o 18 de outubro de 2019

### **4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar os XVII Premios Mestre Mateo e o III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual**

#### INTERVENCIONS

#### Sr. Couto Rodríguez

Bo día a todos e a todas. Quería xustificar a singularidade da entidade, a excepcionalidade da actividade que vai desenvolver. Porque a Academia Galega do Audiovisual é a asociación sectorial sen ánimo de lucro que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego, tanto de cine, como de multimedia, publicidade, televisión, vídeo. Foi creada hai dezasete anos e é a única asociación que en Galicia representa de forma conxunta os intereses deste sector profesional da cultura, ao que a Xunta de Galicia, practicamente desde que naceu, outorgou o recoñecemento do sector como sector estratéxico.

A Academia fomenta o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente co audiovisual en Galicia, promovendo e defendendo a imaxe pública do conxunto dos profesionais do sector, e ten entre a súas principais actividades a organización dos premios do audiovisual galego, Mestre Mateo, co obxectivo de fortalecer o coñecemento do audiovisual galego no máis amplo sentido. É, por tanto, unha entidade de natureza única e singular, que nos seus anos de vida se converteu, xunto co clúster do audiovisual, na entidade de referencia do sistema audiovisual galego.

En 2019 a entidade solicitounos o apoio para o desenvolvemento dunha iniciativa absolutamente singular, como é a celebración da Gala dos XVII premios Mestre Mateo e do III premio María Luz Morales, e ao igual que as outras tres deputacións provinciais do noso país, cremos que é un sector importantísimo dentro do panorama cultural do noso país.

Por outro lado, na área de Cultura da Deputación da Coruña desenvolveuse nos últimos anos un intenso labor de reformulación do sistema de subvencións, promovendo a posta en marcha dun modelo que garantise transparencia, obxectividade, claridade nos criterios de valoración e primase a concorrencia competitiva sobre as concesións nominativas. A nosa política seguía reducindo as subvencións nominativas outorgadas desde a nosa área, en concreto a área de Cultura realiza hoxe subvencións nominativas excepcionalmente en tres casos, coas entidades culturais e educativas singulares a nivel galego, véxase Real Academia Galega, universidades, coas entidades profesionais representativas dos diferentes sectores da cultura galega, como a Academia Galega do Audiovisual, e con proxectos e iniciativas singulares que nesta área consideramos que merecen o apoio da Deputación e non teñen encaixe pola súa natureza nas liñas de subvencións creadas. No caso concreto dunha entidade sen ánimo de lucro como a Academia Galega do Audiovisual, a opción de concorrencia existente sería unicamente a FO203, FO204, que son liñas reformuladas orientadas a catro tipo de entidades, de tecido cultural local, entidades de natureza veciñal, entidades de natureza socioeducativa e entidades de natureza social.

Desde a área da Cultura consideramos que a natureza singular de entidades como a Academia Galega do Audiovisual e outras representativas dos diferentes sectores culturais, fai que teñan moi difícil encaixe nestas liñas citadas, e xustamente pola súa natureza singular e pola singularidade das propostas de actividades que presentan, son casos que claramente poden contar coa vía de apoio da subvención nominativa.

Por todo isto, no caso da solicitude da subvención nominativa da Academia Galega do Audiovisual, polo interese da actividade que se nos propuxo pola súa parte, consideramos que a concesión dunha subvención nominativa neste caso é coherente. O apoio da Deputación a súa celebración entendemos repercute positivamente, tanto no desenvolvemento dunha actividade de fomento e promoción do audiovisual, que só a AGA, Asociación Galega do Audiovisual, polo papel que xoga no sistema ten capacidade para desenvolver pola súa natureza de identidade de representación colectiva, e contribúe ao tempo a favorecer a interlocución, diálogo e cooperación da nosa administración cos sectores culturais. Grazas.

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual por importe de **15.000 €**, para financiar os *XVII Premios Mestre Mateo e os III Premios María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual*, cun orzamento subvencionado de 108.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de outubro de 2019.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2020, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar os XVII Premios Mestre Mateo e o III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual**

Na Coruña a

#### REÚNENSE

Don/a \_\_\_\_\_ en representación da Deputación Provincial da Coruña. Don/a \_\_\_\_\_ en representación da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

#### MANIFESTAN

**Primeiro.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

**Segundo.-** Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

**Terceiro.-** Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos *Premios Mestre Mateo* cos que se recoñece a profesionalidade e calidade dun sector en auxe, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público, que fan que actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores sexan referentes tanto dentro como fóra de Galicia.

Estes premios, que no presente ano acadan a súa décimo sétima convocatoria, son unha



singular oportunidade para obter anualmente unha panorámica xeral do audiovisual galego e, coa súa consolidación xa son un referente entre outros galardóns das academias de cine españolas.

Convócanse por terceira vez os *Premios María Luz Morales* co obxectivo de fomentar a investigación, a difusión cultural e os traballos sobre o mundo audiovisual e nomeadamente, promover a irrupción de puntos de vista anovadores sobre esta temática.

**Cuarto.-** De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

**Quinto.-** En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña reconece o labor cultural que ven desenvolvendo a Asociación Academia Galega do Audiovisual e considera de interese os premios que convoca polo que no Orzamento do ano 2019 figura crédito destinado a financiar os ditos premios.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Academia Galega do Audiovisual, con CIF:

G15844145, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial dos **XVII Premios Mestre Mateo e o III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual**, co seguinte contido:

#### XVII Premios Mestre Mateo

\* *Lectura de finalistas.*- Neste acto danse a coñecer os nominados nas distintas categorías para dar maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista.

\* *Xuntanza de finalistas.* Acto no que se xuntan os finalistas de cada categoría para celebrar a súa nominación e se dan a coñecer os premios honoríficos que concederá a Academia na XVII edición do premio.

\* *Encontros Mestre Mateo.*- Debate profesional e sereo entre os profesionais finalistas nas distintas categorías, os cales achéganse ás escolas de produción, imaxe e son de Galicia, a través de coloquios co público e máis directamente cos futuros profesionais.

\* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo.*- Cerimonia de posta en valor do audiovisual galego á tempo que é un espectáculo televisivo capaz de atraer audiencia.

\* *Colaboración con outras academias.*- A Academia Galega do Audiovisual ten un acordo de colaboración dende o 2010 coa Academia do Cinema Catalán polo que as obras finalistas e gañadoras nos Premios Mestre Mateo proxéctanse en Barcelona e, ao tempo, as obras gañadoras e nominadas nos Premios Gaudí exhibense en Galicia.

\* *Colaboración co CGAI.*- *Exhibición na filмотeca dos gañadores nas categorías de Mellor longametraxe, Mellor película para TV, Mellor longa documental e Mellor documental.*

### III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual

Convocatoria dos premios en dúas categorías:

- \* Ensaio sobre calquera aspecto do audiovisual mundial.
- \* Videoensaios, para ensaios en formato audiovisual.

Os premios contarán coa colaboración das Facultades de Comunicación das universidades galegas.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

### **XVII Premios Mestre Mateo**

#### **Actividades paralelas**

Lectura de finalistas	200,00
Xuntanza de finalistas	1.000,00
Colaboración con outras academias	250,00
Encontros Mestre Mateo	480,00
Proxeccións Mestre Mateo	70,00

#### **Gala**

Guión e música	4.100,00
Persoal artístico	6.000,00
Persoal técnico	37.984,00
Escenografía	11.200,00
Montaxe e sonorización	3.900,00
Aluguer equipamentos técnicos	14.516,00
Varios produción	7.170,00
Viaxes, aloxamentos	5.680,00
Notaría, seguros e asesoría xurídica	2.100,00
Plataforma visionado e votación	1.600,00
Gastos xerais	750,00
<i>Importe</i>	<b>97.000,00€</b>

### **III Premio María Luz Morales de ensaio sobre o audiovisual**

Persoal técnico	2.136,59
-----------------	----------

Comunicación	1.373,35
Asesoramento xurídico e laboral	199,65
Xurado	902,50
Dotación premios	4.800,00
Gastos produción	2.087,91
	<i>Importe</i>
<b>Total gastos</b>	<b>11.500,00€</b>
	<b>108.500,00€</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **13,825 %**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **13,825 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponde á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos realizados** (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola

Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2019**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao

pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada alo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei

38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**5.- Aprobación da toma de coñecemento de "Compartimos Plan": Diagnose e Plan de Acción das políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña.**

#### INTERVENCIÓNS

##### Sra. Muiño Filgueira

Considerando que traer por fin este documento a Pleno é un motivo de satisfacción para o Goberno, si que me gustaría facer unha pequena intervención. Este documento chega ao Pleno logo de dezaioito meses de intensísimo traballo e marcado por unha moi grande participación. Entendemos que a aprobación deste documento marca unha nova etapa, sendo tamén a primeira vez que esta institución vai aprobar un plan de acción de políticas de igualdade na súa historia, o cal non é unha cuestión menor.

Entendemos tamén que vai marcar unha nova etapa ao poder contarmos cunha ferramenta que facilite unha maior coordinación e coñecemento da realidade á hora de implementar as políticas de igualdade, o cal consideramos moi importante. Tamén vai contribuír a fortalecer e consolidar a transversalidade de xénero na acción provincial, creando unha estrutura específica de igualdade, e tamén contribuír a que ao longo dos anos de desenvolvemento deste Plan se dean as condicións estruturais básicas, tanto nesta institución como nos concellos. Pero se hai algo importante que dicir ao noso modo de ver, é agradecer a todas e cada unha das persoas que participaron ao longo do proceso de elaboración deste Plan, tanto na fase de diagnose como o que é no deseño de medidas do Plan de acción. Facelo de xeito moi especial para a persoal da área de Igualdade desta Deputación, e por suposto, como non, facer unha lembranza especial á deputada Ánxela Franco, que foi a muller que promoveu na súa calidade de deputada de Igualdade no anterior mandato que este estudo fose posible. Cómpre tamén salientar datos relativos á participación, comentando que foron máis de 1.800 persoas as que participaron con 849 enquisas, participaron en máis de cen foros, en máis de 150 entrevistas individuais a traballadoras municipais e da Deputación.

Compartimos Plan é un proxecto construído desde o territorio, polo tanto achega información de primeira man do que é a realidade a día de hoxe na provincia en relación a necesidades e políticas de igualdade, pero tamén achega de cara a ese Plan de acción, información moi concreta das necesidades percibidas desde o territorio. E tamén un traballo de colaboración no que se incluíron a diferentes administracións, axentes sociais, polo tanto, o



resultado está suficientemente validado.

A raíz de todo este traballo, o resultante é que se definen seis liñas estratéxicas de traballo, que contemplan 170 medidas que se han desenvolver e que responden a 29 obxectivos específicos.

Hai que apuntar unha cuestión que non é menor, que un dos obxectivos deste Plan é mellorar os orzamentos anuais da área de igualdade, adaptándose ás necesidades detectadas e ás prioridades establecidas, mais tamén hai que afirmar que o 32% das medidas que aparecen recollidas neste documento non teñen custo económico, e si un elevado impacto social. Por certo, non quero deixar pasar a ocasión para poñer en valor ese enorme traballo ao persoal dunha área que conta cunha única técnica de igualdade, o cal nos pode facer valorar especialmente todo o esforzo que hai detrás da elaboración e seguimento dunha medida de tanto impacto como vai ser esta.

As áreas estratéxicas que se recollen, en función das necesidades percibidas, son a transversalización do principio de igualdade en todas as áreas públicas da Deputación, a estratexia provincial de impulso das políticas de igualdade nos concellos, o cambio de valores e o fomento dunha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa, a igualdade de xénero no acceso ao mercado laboral, a promoción do poder colectivo das mulleres e o fomento dunha sociedade libre de violencias machistas. Todas estas medidas responden á necesidades detectadas na fase de diagnose.

Como comentaba, cada unha destas áreas leva aparellada accións específicas, que foron recollidas no proceso participativo, e só por citar algunhas, están a creación dun grupo de seguimento interno na Deputación para ver de que xeito se van implementando en cada área as medidas; a inclusión dun modelo transversal de igualdade nos cursos programados a través dun Plan agrupado de formación; a elaboración dun documento regulador da transversalidade; a elaboración dun decálogo para promover unha imaxe da Deputación equilibrada por sexos e non sexista, así como a revisión da comunicación gráfica das campañas, publicacións e programas que promove esta institución; a inclusión de cláusulas de igualdade nos pregos de contratación e nos diferentes servizos, e a creación da rede de concellos pola igualdade e a posta en marcha dun servizo de asesoramento técnico dirixido aos concellos máis pequenos da provincia; o deseño e realización de programas de coeducación integral, de superación de roles, estereotipos de xénero, inclusión de actividades afectivo-sexuais, ou incorporación de actividades de sensibilización e prevención da violencia de xénero dirixidas ao alumnado. Unha confección dun catálogo con recursos que fomenten o respecto á diversidade sexual, ou a creación dun programa para o empoderamento das mulleres na provincia da Coruña.

Como podemos ver, son moitas as medidas que se recollen, hai que destacar que este Plan vai moito máis alá dun enfoque de xénero e recolle na súa estratexia unha visión máis integradora. Tívoise en conta, ademais do xénero, condicións sociais, de raza, de etnia, de clase social, orientación sexual, diversidade funcional e a idade, e tamén os diferentes tipos de discriminación e desigualdade que sufrimos todas as mulleres, e que se pode dar como consecuencia desas identidades. Por tanto, este documento contempla a perspectiva interseccional e aposta pola equidade de xénero, facendo énfase no concepto de xustiza social.

E para finalizar a miña intervención, Compartimos Plan, para que se poida desenvolver e cumprir os obxectivos que se recollen depende do compromiso e participación de todos e todas. Polo tanto, fago unha chamada á participación e ao compromiso, tanto do persoal técnico e administrativo desta casa, como dos deputados e deputadas. Avanzar en igualdade e contribuír a unha sociedade libre de violencia de xénero é unha cuestión de todos e todas. Moitas grazas.

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Tomar coñecemento da Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero na provincia da Coruña.
2. Instar aos órganos de Goberno a adoptar o compromiso provincial de orientar as liñas de xestión orzamentaria no marco dos principios, medidas e obxectivos do Plan, co obxecto de inspirar as políticas públicas de Igualdade de Xénero da Deputación da Coruña.
3. Dispor que se publique na páxina web da Deputación o documento da Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero, para xeral coñecemento.

### **6.- Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Fundación Exponav para financiar "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval"**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construcción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.
- A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades marítimas.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval".

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 75.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

En A Coruña a

#### REUNIDOS

Dunha parte o  
de A Coruña,

en representación da Excma. Deputación Provincial

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval".

##### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Atención ao visitante e guías do Museo	24.525,00 €
Mantenimiento e Limpeza	23.500,00 €
Externalización de servizos	12.800,00 €
Administración e Asesorías	5.490,00 €
Material de oficina e consumibles	3.575,00 €
Publicidade e gabinete de prensa	5.420,00 €
Biblioteca	1.940,00 €
Organización exposicións e eventos	3.500,00 €
Ampliación e remodelación de material expositivo e discurso expositivo	13.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>93.750,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios

para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que presenten a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social,

segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de agosto de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN

NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posibel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao

pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOMIEN TO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicatoruna.es](http://dicatoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de agosto do 2019 ata o 31 de decembro de 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 28 de febreiro do ano 2020**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2019.

2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2020** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente



extinguído, de xeito que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de 2019.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

O representante da  
FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO  
DEL CONOCIMIENTO DE LA  
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE  
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS  
(EXPONAV),

#### **7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM) para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes"**

#### INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Bo día a todos e moitas grazas. Imos anunciar a nosa abstención porque entendemos que unha vez máis estase vulnerando a ordenanza de subvencións, o artigo 4, e entendemos que ademais o Goberno provincial está indo en contra dos seus propios actos, porque quero recordar que nosoutros abstivémonos na aprobación desa ordenanza. E explico por que o entendemos, porque consta no expediente que a solicitude é o do 20 de novembro de 2018, asinada electronicamente ademais, e o Congreso celebrouse o 26 e 27 de maio dese ano. Se é verdade que xa estaba anunciado no propio Congreso o financiamento e o patrocinio por parte da Deputación, e a presentación por parte do presidente da Deputación, pero non había solicitude de subvención, co cal cremos que se queren traer os convenios tarde, que cambien o artigo 4 da

ordenanza, sinxelamente. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Imos retirar o punto da orde do día para comprobar, efectivamente, os feitos que acaba de manifestar a portavoz do Partido Popular, para unha maior seguridade xurídica do procedemento.

Apróbase por unanimidade a retirada deste punto da orde do día.

**8.- Aprobación do proxecto modificado nº 1 da obra DP 8202 ampliación de plataforma e mellora de trazado na D.P. 8202 Galanas a Cacheiras pq 3+500 ao 4+240 (Teo), do Plan de Inversións de Vías Provinciais 2017, cuarta fase**

#### INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, coincide que son seguidos, pero neste imos anunciar o noso voto en contra, e xa levamos dous Plenos con modificados deste nivel e non imos aprobalo. Por acordo deste Pleno apróbase a licitación da obra citada por importe de 325.595,04 euros, por resolución da Presidencia de xaneiro de 2019 adxudícanse as obras por un importe de 221.000 euros, unha baixa do 32,10, que ascende a 104.500 euros. En agosto de 2017 apróbase a ficha técnica da obra e di que non é necesario un estudo xeotécnico, nin xeofísico, nin autorizacións doutros organismo, pero resulta que o 6 de agosto de 2018 recíbese por Rexistro un oficio do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, autorizando as obras coa condición de que, como a actuación pasa por diante dunha vivenda catalogada e afecta a un muro de peche da parcela, piden un informe no que se acredite que van demoler o muro manualmente, e que hai que reconstruílo, unha serie de condicións, e este informe non se emite.

Parécenos unha chapuza, contempla modificacións que non están previstas no prego inicial, coñeceuse o informe, obviouse completamente, e agora non obstante baséase o modificado no informe da Xunta de Galicia, pois non entendemos porque ademais esta modificación é substancial. Existen unidades de obra novas, non contempladas na licitación inicial, cun incremento de 140.000 euros, é dicir, un 43,13% máis.

O que tería que ter feito o Goberno municipal neste caso é resolver o contrato e licitar un novo, con este, co que se está propoñendo a este Pleno, é a constatación dunha deficiente e nula planificación na relación dos proxectos iniciais, que se ben son licitados externamente deben ser supervisados polos técnicos provinciais, desvirtuado e desnaturalizado a licitación inicial, prexudicando os posibles licitadores e contratistas no seu caso, e incrementase un 43,13% o importe da licitación inicial non contemplado na Lei de contratos, porque se introducen unidades novas diferentes á do contrato inicial. Polo tanto, o noso voto será en contra.

Sr. Presidente

Nosoutros imos retirar este punto da orde do día e vou explicar por que. Evidentemente, a tramitación, a redacción de proxectos, a supervisión de proxectos, fana as unidades técnicas da Deputación, como sempre o fixeron, onde loxicamente houbo modificados deste tipo, seguramente se acudimos a lexislaturas anteriores, uns cantos, sempre baixo o mesmo procedemento, a observancia, e sempre baixo criterios puramente técnicos. Os informes son favorables dos

servizos, pero en calquera caso a modificación pretendida, segundo nos informa a nós, está perfectamente contemplada na Lei de contratos do sector público, en calquera caso para unha maior seguridade, porque eu entendo polo que me informei que na última Xunta de Portavoces o departamento técnico, que é o responsable da tramitación do expediente de modificación deste proxecto, informou debidamente aos portavoces dos Grupos, en principio parecía que quedaba todo aclarado, pero parece que hai algunha dúbida máis, polo tanto, nós imos pedir a retirada do punto da orde do día para maior seguridade xurídica, igual que anteriormente fixemos.

Sr. Lema Suárez

Senta un perigoso precedente ao poñer en dúbida aquilo que xa foi debatido previamente no órgano que tocou, que neste caso era a Comisión de Contratación, se non me equivoco, aínda que se xustificou debidamente a modificación da obra, que non ten que ver unicamente con ese muro, que ten valor patrimonial, senón tamén coa propia superficie por onde ía discorrer esta estrada, que se explicou debidamente nos informes que complementaban a proposta para a aprobación da modificación. Polo tanto, eu creo que é unha práctica que senta un precedente perigoso a de poñer en dúbida neste caso o traballo dos propios técnicos, que son os que certifican a legalidade da obra, e nós propoñemos, e manifestamos a nosa oposición a que se retire este punto da orde do día.

Sra. Gallego Neira

Na comisión ditamínase e no Pleno vótase, por se aínda non o sabe o deputado, seguindo o mesmo que no Concello onde vostede gobernaba, e era concelleiro de Contratación, está ben que os técnicos fagan os informes e hai que basearse nos informes dos técnicos, pero hai un informe con duras críticas do interventor, entón non todos os informes son favorables, e logo, o deputado neste caso responsable de Contratación ten que supervisar, como non, e dar o seu ok ao tema, o tema é que aquí vaise votar, con independencia do ditame da Comisión, e hai unha responsabilidade.

Sr. Presidente

En calquera caso, tamén quero dicir que, efectivamente, as comisións teñen que valer para algo, e polo tanto as posibilidades son de abstención, voto en contra ou voto a favor. Non estaría de máis, se chegamos a este salón de Plenos con carácter construtivo e positivo, con anticipación nas comisións, deixemos ver cales son as nosas posturas respecto aos puntos que van vir a Pleno, porque senón parece que estamos xogando ao gato e ao rato, e creo que iso non favorece para nada un debate construtivo nunha institución que por si xa o é.

Sr. García Seoane

Eu, como deputado das comisións de Contratación son unha persoa crítica desde sempre con algúns temas, pero este tema falouse na Comisión, e eu digo, para que valen as Comisións?, para cobrar 370 euros?, non os paguen, porque as Comisións son para debater, as Comisións son para chegar e non cinco minutos e marchamos para casa, e nas Comisións non vale absterse continuamente, se un non está de acordo ten que dicir por que. Neste caso que eu inicialmente non estaba de acordo, pero cando me explicaron o responsable da área, e tamén os técnicos que estaban na Mesa que era un tema que xurdiu da forma que xurdiu e que había unha anomalía que non se coñecía, e que por tanto era unha obra nova, iso explicóusenos detalladamente a todos, porque se non fora así eu estaría votando en contra dese tema, déronse as explicacións que tiñan que dar desde os servizos técnicos e tamén dos xurídicos desta Corporación. Por tanto, non entendo por que temos que andar retirando temas, presidente, porque que vai pasar, que vai cambiar se retiramos o tema, vai volver o mesmo, porque os técnicos son os mesmos e os informes son os mesmos, porque non os van variar. Polo tanto, estamos perdendo o tempo, xa a

administración é demasiado lenta, tremendamente lenta, non polos funcionarios, sempre se lle achaca aos funcionarios, por como están as leis, por cómo hai que facer todo, non deamos máis marcha atrás a temas que teñen que resolverse, é unha obra que está aí e que hai que solucionar, e hai que solucionar incrementando o prezo, por que?, non o prezo, incrementando o custo, porque aparecen partidas novas de obra porque non se prevían ou non se localizaron no momento da obra. Como está tremendamente xustificado, eu vou votar en contra de que se retire tamén.

Sr. Presidente

En calquera caso, estando en parte do acordo co que se acaba de expoñer, insisto en retirar o punto da orde do día porque eu creo que nunca está de máis se a algún Grupo lle queda algunha dúbida...

Sra. Gallego Neira

Simplemente dicir que nós non pedimos a retirada, si a pediu o Sr. García Seoane nun tema de Cambre hai nada, por un tema parecido, cuestionando os informes dos técnicos. E as Comisións cóbranse e os Plenos tamén, e para algo estamos, para votar, e temos unha responsabilidade, simplemente anunciamos o noso voto en contra, e eu quero xustificalo, para que non se diga que votamos en contra sen máis.

Sr. Presidente

Xustificado queda, simplemente a proposta do Goberno é a que acabo de expoñer, ante un Grupo que ten dúbidas respecto da legalidade do que se vai aprobar aquí, creo que quedou claro, creo que pode haber máis información, pode ademais seguramente sexa moi esclarecedor que o propio servizo técnico traia expedientes similares de lexislaturas anteriores, para que quede claro cal é o procedemento nun caso similar e, polo tanto, estaremos todos máis cómodos seguramente se así ocorre na próxima Xunta de Portavoces. A proposta nosa é a retirada.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados (14 do PP, 10 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 2 deputados (1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

Aprobase a retirada do asunto da orde do día.

**9.- Aprobación da avocación parcial da contratación de obras e subministro comprendidos nos plans provinciais a solicitude do concello de Pontedeume.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- ACEPTAR a solicitude do concello de Pontedeume para a avocación parcial da contratación das seguintes obras e subministro comprendidas nos plans provinciais que se relaciona a continuación:

OBRA / PROXECTO/PLAN	ORZAMENTO
----------------------	-----------

	TOTAL (ive incluído)
<i>Pavimentación Camiño Vello (POS+ Adicional 2018)</i>	49.439,16 €
<i>Pavimentación de acceso ao Barreiro (POS+ Adicional 2018)</i>	32.805,27 €
<i>Mellora de parque infantil en Centroña (Subministro + obra) (POS+ Adicional 2018)</i>	38.883,02 €
<i>Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella (POS+ 2019)</i>	76.114,05 €
<i>Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira" (Subministro) (POS+ 2019)</i>	20.265,77 €
<i>Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña (POS+ 2019)</i>	51.729,82 €

As citadas obras se contratarán con arranxo aos Pregos tipo aprobado pola Deputación Provincial e os subministros con arranxo aos Pregos que aprobe a Deputación, ao que se lle engadirá a seguinte cláusula adicional:

*"Establécese na presente cláusula as relacións entre a Deputación e os licitadores e adxudicatarios e as relacións entre o Concello e o adxudicatario.*

**RELACIÓNS DIPUTACION – LICITADORES E ADXUDICATARIO**

*1º.- A Deputación aprobará o expediente de contratación e a convocatoria do correspondente procedemento de licitación e a súa publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público, previa acreditación polo concello:*

*A.- No caso das obras:*

- a) Acreditación da dispoñibilidade dos terrenos.*
- b) Acreditación de que o Concello conta con todas as licenzas ou autorizacións que se requiran.*
- c) Incorporación ao expediente da acta de replanteo (art. 236 da LCSP)*
- d) Certificación acreditativa de que o Concello asumirá a dirección das obras, a coordinación da seguridade e saúde e control de calidade, ben con medios propios ou a través dos correspondentes contratos, asumindo neste caso a contratación e financiación dos mesmos.*
- e) Certificado de existencia de crédito*

*B.- No caso dos subministros:*

- a) Memoria xustificativa da necesidade do contrato*
- b) Xustificación no seu caso da no división en lotes*
- c) Prescricións técnicas*
- d) Certificado de existencia de crédito*

- 2º.- Os licitadores deberá presentar as súas ofertas de forma electrónica a través do Perfil do Contratante da Deputación integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público:
- 3º.- A Deputación Provincial da Coruña realizará a través da Mesa de Contratación Permanente os actos de apertura dos correspondentes sobres, así como a cualificación, concesión de prazo para emendar, admisión e exclusión de licitadores.
- 4º.- No caso de que algunha empresa formulase algunha oferta anormalmente baixa a Deputación a través da Mesa concederá o correspondente trámite de audiencia e previo informe do Servizo Técnico correspondente aceptará ou rexeitará a mesma.
- 5º.- A Mesa de Contratación Permanente da Deputación formulará a correspondente proposta de adxudicación ou no seu caso a declaración de deserta a licitación de forma motivada.
- 6º.- O órgano de contratación da Deputación realizará o requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta
- 7º.- O licitador deberá presentar á Deputación a través da Plataforma a documentación requirida
- 8º.- O licitador deberá constituír a garantía definitiva no concello de Pontedeume comunicando á Deputación esta circunstancia.
- 9º.- O órgano de contratación procederá á adxudicación do contrato á oferta máis vantaxosa que cumpra os requisitos establecidos no presente Prego.
- 10º.- A Deputación comunicará ao Concello de Pontedeume a adxudicación do contrato para que proceda a realizar os trámites de formalización do contrato e de inicio de obra.

#### RELACIONES CONCELLO-ADXUDICATARIO

- 1º.- Unha vez recibida a comunicación da adxudicación do contrato por parte da Deputación o concello formalizará o contrato co adxudicatario en documento administrativo
- 2º.- O Concello a través de medios propios ou externos realizará a dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade e no seu caso o abono dos honorarios que corresponda.
- 3º.- O Concello a través dos Servizos Técnicos correspondentes formalizará o acta de comprobación de replanteo e verificará o cumprimento da normativa laboral, seguridade social, ambiental e demais esixida no Prego, e singularmente o cumprimento das condicións especiais de execución así como das contratacións.
- 4º.- Corresponderá ao Concello a través da Dirección de obra a emisión das certificacións de obra e ao Concello o pago da mesma cando cumpra, ben directamente ao contratista ou á persoa que este designe a través do correspondente expediente de transmisión de dereitos de cobro.
- 5º.- Así mesmo corresponderá ao Concello o pago dos intereses de demora e indemnizacións ao contratista que no seu caso proceda.
- 6º.- O concello así mesmo tramitará as correspondentes dilixencias de embargo de certificacións que se diten pola autoridades administrativas ou órganos xudiciais.
- 7º.- O Concello ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, suspensión e resolución do contrato cando cumpra, nos termos previstos na Lei de Contratos do Sector Público.
- 8º.- Corresponde ao Concello a tramitación dos proxectos modificados, certificacións finais, liquidacións, así como o pago das cantidades que legal e

*contractualmente proceda.*

*9º.- A Deputación non asumirá en ningún caso o abono ao contratista de cantidades derivadas do presente contrato.*

*10º.- Corresponde ao Concello a tramitación dos expedientes de imposición de penalidades, incidencias contractuais, así como, a tramitación no seu caso dos expedientes de extinción do contrato e en concreto a resolución do contrato.*

*11º.- Corresponde ao Concello a formalización do acta de recepción e o informe previo á devolución da garantía e o cumprimento dos requerimentos presupuestarios e contables, así como o cumprimento da normativa de aplicación.*

2º.- Así mesmo, e tras levar a cabo o procedemento de licitación e adxudicación do referido contrato pola Deputación da Coruña, o Concello unha vez formalizado o contrato co adxudicatario será o responsable dos traballos relativos á dirección de obra, coordinación da seguridade e saúde, control de calidade e das, comprobación do replanteo, emisión das certificacións de obras, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato así como todo o relativo á os efectos e extinción do contrato.”

#### **10.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para a execución da Rede de saneamento na DP-0510.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para executar as obras da Rede de saneamento do DP-0510 cunha achega municipal máxima de 141.275,24 € IVE incluído, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00% do orzamento total.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIACION DÁ OBRA DÁ REDE DE SANEAMENTO DÁ DP-0510.

Na Coruña, a de \_\_\_\_\_ de  
2018 REUNIDOS

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, Deputado de \_\_\_\_\_ dá  
Excma.

Deputación dá Coruña, en virtude das resolucións dá presidencia número \_\_\_\_\_ e  
\_\_\_\_\_ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios dá súa área, E

doutra parte D., Alcalde Presidente do Concello de Culleredo,

Vos comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dúas seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1. Con data do 31 de marzo de 2017, ou Pleno dá Deputación provincial da Coruña aproba ou Proxecto dá Travesía CP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MELLORA DE

TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NO DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94" por importe de 1.215.705,33 euros, e que entre outras actuacións recolle, a reposición dúas servizos existentes, excepto non saneamento.

2. Pola súa parte, ante vos problemas existentes pola falla de saneamento na área por onde discorre a Travesía dá CP 0510, de Tarrío ao Orro, ou Concello de Culleredo desexa dotar do mesmo a esa zona, e encarga non ano 2016 a redacción do proxecto do servizo de saneamento, ao Arquitecto Alejandro Pena López, non que se contempla a execución dous colectores de saneamento baixo a cuneta dá estrada provincial aloxando vos rexistros na beiravía, e consignando nos orzamentos municipais de 2017 a cantidade necesaria para a súa execución.

Dito proxecto, encádrase non marco de creación, renovación e mellora dá infraestrutura do termo municipal, e leva por rúbrica "Rede de saneamento dá DP-0510".

3. Con data de 12 de setembro de 2017, ou Concello de Culleredo, coñecedor das obras que serán realizadas non seu termo municipal e máis concretamente na Travesía dá CP 0510, presenta unha solicitude á Deputación provincial da Coruña, na que propón a actuación conxunta das obras e a formalización dun convenio, que teña por obxecto que a Deputación licite, coordine e execute ambos os proxectos, á fin de que a súa execución realícese de forma coordinada con intención de optimizar custos e simplificar e reducir tempos de execución, sendo por conta do Concello de Culleredo a redacción do proxecto e ou importe de execución dá obra do saneamento, cuantificada en 141.275,24 euros, IVE engadido, cantidade que se recolleu non orzamento municipal de 2017.

4. Ou 14 de setembro de 2017, ou Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, concluíndo que a actuación pode ser licitada conxuntamente coas obras de ampliación previstas na DP-0510, unha vez formalizado ou convenio correspondente co Concello de Culleredo.

5. A Deputación Provincial e ou Concello de Culleredo consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en ditos proxectos, pois desta maneira poderíanse executar simultaneamente vos traballos de ampliación dá plataforma e vos de mellora dá rede de saneamento, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo vos tempos de execución.

Por todo ou exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar ou presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

Ou presente Convenio ten por obxecto coordinar as actuacións entre a Deputación provincial da Coruña e ou Concello de Culleredo con CIF P1503100H, para a execución das seguintes obras:

1. Proxecto dá Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, "ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NO DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94" por importe de 1.215.705,33 euros.

2. Proxecto "REDE DE SANEAMENTO DÁ DP-0510", redactado polo Arquitecto Alejandro Pena López a conta do Concello de Culleredo por importe de 141.275,24 euros IVE engadido.

#### II.- EXPROPIACIÓN

Non é preciso, dado que existe dispoñibilidade de terreos, que se tramite expediente de expropiación para a tramitación do presente convenio.

#### III.- CONTRATACIÓN DÁS OBRAS



A Deputación Provincial, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado ou presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos seus pregos tipo, a execución das obras incluídas en ámbolos proxectos, de forma conxunta nun único lote, á fin de que a súa execución realícese de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

#### IV.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DÁS OBRAS.

Vos orzamentos de execución de ambas as obras son vos seguintes:

1.- Proxecto dá Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NO DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94” por importe de 1.215.705,33 €.

Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NO DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94”

Orzamento de execución material	844.298,44
Gastos xerais (13%)	109.758,80
Beneficio industrial (6%)	50.657
IVE (21%)	210.990,18
Orzamento Base de Licitación	1.215.705,33 €

2.- Proxecto “Rede de saneamento dá DP-0510”, redactado polo Arquitecto Alejandro Pena López á conta do concello de Culleredo por importe de 141.275,24 € IVE engadido.

#### REDE DE SANEAMENTO DO DP-0510

Orzamento execución material	98.114,62
Gastos xerais (13%)	12.754,90
Beneficio industrial (6%)	5886,88
IVAE(21%)	24.518,84
Orzamento Base de Licitación	141.275,24 €

#### V.- FINANCIAMENTO DÁS OBRAS

As obras financiaranse do seguinte xeito:

1. Proxecto dá Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NO DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94” por importe de 1.215.705,33 €.

A Deputación provincial da Coruña Financiará ou 100% do seu orzamento de execución, con cargo á partida orzamentaria 0410/1601/650

Ou importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega dá Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

2. Proxecto “Rede de saneamento dá DP-0510”, redactado polo Arquitecto Alejandro Pena López á conta do concello de Culleredo por importe de 141.275,24 € IVE engadido.

Ou Concello de Culleredo financiará ou 100% do seu orzamento de execución por contrata, ata un máximo de 141.275,24 euros, que se aboará conforme ao establecido na cláusula VIN do presente Convenio. Ou importe das baixas que se produzan na adxudicación desta obra minorará a achega do Concello.

A achega do concello contabilizarase no concepto de ingresos 361 “Ingresos P/Activos constr ou adquiridos para outras entidades”.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello de Culleredo.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dous obxectivos dá Lei de Estabilidade Orzamentarias

Ou Concello de Culleredo autoriza á Deputación a consultar vos datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### VIN. PAGO

A Deputación aboará ao contratista adxudicatario dá obra, ou prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido non Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación das obras mediante procedemento aberto dá Deputación.

A Deputación remitirá ao Concello de Culleredo as certificacións das obras correspondentes ao Proxecto “Rede de saneamento dá DP-0510”, acompañadas das respectivas facturas para que proceda ao ingreso do seu importe, na conta que sinala a Deputación, non prazo máximo dun mes dende a remisión das citadas certificacións.

De igual xeito, remitiranse as facturas correspondentes á coordinación dá Seguridade e Saúde e Control de Calidade.

#### VII.- DIRECCIÓN DÁS OBRAS. COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A Dirección das obras realizarase por persoal dúas servizos técnicos dá Deputación e esta asumirá, non seu caso, vos gastos que do deriven.

A Deputación levará a cabo, do mesmo xeito, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e ou control de calidade, e asumirá, non seu caso, vos gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello impórtesvos pagados por este concepto non relativo ao Proxecto Municipal e que a continuación se desagregan:

- |                                       |              |
|---------------------------------------|--------------|
| • Coordinación de seguridade e saúde: | 784,92 euros |
| • Control de calidade:                | 981,15 euros |

#### VIII.- ACTA DE RECEPCIÓN

Notificarase ao Concello de Culleredo, coa debida antelación, a data de formalización do acta de recepción das obras, para que asista, se ou considera conveniente, un técnico

designado polo Alcalde de Culleredo.

#### IX.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción dá obra de “Rede de saneamento dá DP-0510”, entregará ao Concello de Culleredo as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos formalizarase a correspondente acta de entrega. A partir de dita entrega ou Concello farase cargo dous gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

#### X.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

#### XI.- VIXENCIA

Ou presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata ou 31 de outubro de 2020. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente non exercicio orzamentario correspondente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada ou

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar ou presente convenio, non lugar e data indicados non encabezamento."

#### **11.- Aprobación do texto e formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha "Cátedra de Dereito Local"**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto da **ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA “CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL”**

#### **ANEXO**

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA “CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL”**

Na Coruña, a de  
de 2019.

#### **REÚNENSE**

Dunha parte o representante da Deputación Provincial da Coruña Doutra o representante da

Universidade da Coruña

### EXPOÑEN

Por acordo plenario de data 28 e abril de 2017, aprobouse o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”.

En data 31 de maio de 2017 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”, e que se formalizou en documento administrativo número 67/2017.

A vixencia do convenio é dende a data da súa sinatura e ten unha duración de catro anos.

O 27 de febreiro do 2019, tivo lugar na Deputación da Coruña reunión ordinaria da Comisión de Seguemento do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da coruña e a Universidade da coruña para financiar a creación dunha “Cátdra de Dereito Local”.

Un dos temas analizados na comisión foi a tramitación das xustificacións de anos precedentes, e a necesidade de axilizar a xestión dos gastos relativos ás actividades realizadas.

Con data de 20 de setembro de 2019, entra no rexistro xeral da deputación escrito da UDC solicitando autorización de encargo obrigatorio da xestión exonómica da Cátedra de Dereito Local ao medio propio Fundación Universidade da Coruña.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto a presente Addenda de Colaboración, e acordan formalizar a mesma que modifica o convenio de colaboración 67/2017 no seguinte clausulado,

### ACORDAN

**PRIMEIRO.** Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración vixente, asinado o 31 de maio de 2017, para financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local”.

**SEGUNDO.** Modifícase a cláusula terceira do convenio, III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE, que queda redactada do seguinte xeito:

#### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

*1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima anual de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe do 100 % do orzamento total.*

*2.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito*

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2017	0112/3269/45390	20.000
2018	0112/3269/45390	20.000
2019	0112/3269/45390	20.000
2020	0112/3269/45390	20.000

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

6.-Esta achega será monetaria á conta indicada pola Fundación Universidade da Coruña, medio propio e servizo técnico da UDC que terá a encomenda da xestión económica da Cátedra en bae a Encomenda de Xestión da UDC á FUAC segundo resolución reitoral do 1 de setembro de 2017 pola que se encomenda á Fundación da Universidade da Coruña a xestión económica de contratos de investigación (art. 83 LOU) e cátedras institucionais.

7.- Tralas achegas anuais, a Fundación emitirá os certificados de ingreso conforme ao disposto pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**TERCEIRO.** Manter a redacción inicial en todo o seu contido do resto das cláusulas previstas no convenio asinado o 31 de maio de 2017, que serán de aplicación xunto con esta addenda,

**CUARTO.** Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.

Ao estaren conformes as dúas partes, asinan tres copias desta addenda no lugar e data indicados.

**12.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"**

## INTERVENCIÓNS

### Sr. Lema Suárez

Se se me permite, un pequeno comentario sobre a votación da estrada que foi retirado, tamén diría que ademais das cuestións formais ou das sospeitas que haxa sobre a pureza do procedemento, teñan en conta que ten efectos reais e que hai uns veciños dun Concello concreto, que son os de Teo, que van seguir padecendo durante un prazo maior unha estrada en mal estado.

Indo xa ao punto no que quería intervir, que é o punto número doce, nós por suposto estamos a favor do que aquí se trae, entendemos que esta maneira digamos obxectiva, mediante concurrencia, de distribuír os fondos públicos, entendemos que sen dúbida é o xeito de proceder que debe imperar nunha institución, como é a Deputación, que eu creo que ten ben gañada certa sonda de partidismo, se se quere, no reparto na asignacións de fondos públicos.

Polo tanto, por suposto, faltaría máis, nós estamos a favor desta maneira de actuar e entendemos que incluso debería ser estendida ao máximo, na súa maior amplitude posible.

Hai dúas cuestións que si queremos resaltar, que desde algúns concellos se nos está transmitindo a súa preocupación ante a minoración das partidas destinadas a este Plan, o que se nos está solicitando é que non suceda isto, ao contrario, senón que se incrementen as asignacións ao POS, ao Plan de obras e servizos, e tamén unha interpelación, unha pregunta, que é cando se vai facer efectivo este Plan, cando se lle van asignar de feito eses recursos. Graciñas.

### Sr. Regueira Varela

Eu quería facer unha pequena presentación do plan, porque estamos diante de, seguramente, coa aprobación do orzamento, dos dous instrumentos máis grandes que ten esta administración para influír sobre a economía, sobre o benestar das persoas e sobre a transferencia de fondos a concellos da provincia, pero xa se me adiantou Alberto, entón xa vou comezar un discurso con certo cambio na modulación do que tiña pensado dicir.

En todo caso, antes de nada, gustárame darlle as grazas ao Servizo de Plans por ser capaces de traer este documento hoxe aquí, estamos nun momento político tamén especial, onde non hai un Goberno no Estado, esta administración é altamente dependente de cuestións que se aproban no Goberno do Estado, non temos orzamentos do Estado, polo tanto non sabemos tampouco o nivel de transferencias do Estado cal vai ser o noso límite de gasto, e qué remanentes imos poder incorporar de cara ao ano 2020, polo tanto, imos ter que aprobar si ou si un orzamento contido, e polo tanto tamén imos ter uns recursos para o Plan que veñen limitados tamén por este tipo de cuestións. En todo caso, a min gustárame resaltar varias cousas.

O Plan, como tal, como plan é un instrumento que aprobamos a totalidade dos concellos da provincia cos criterios que actualmente ten o Plan, cos criterios de reparto e baremación, reunión de alcaldes neste edificio, no seu momento, cando se decidiu cambiar a fórmula de plans finalistas por un Plan único, e todos os alcaldes e alcaldesas decidiron que, evidentemente, ese era o camiño que se debía seguir. Estamos diante dun instrumento que desde o primeiro momento, e repetiuse así constantemente, porque houbo diferentes puntualizacións por parte, sobre todo, do Partido Popular, que é un instrumento de financiamento dinámico, é dicir, depende do financiamento que teña a Deputación en cada momento para achegar ao Plan. Polo tanto, non ten nada que ver o nivel de financiamento inicial, o nivel de orzamento inicial do Plan, co nivel final de achega de recursos do Plan aos concellos, por poñer un exemplo.

Eu creo que este Plan, incluso desde ese punto de vista é unha boa nova. É curioso que,

canto menos foi a achega inicial ao Plan, máis grande foi o investimento final do Plan nos concellos da provincia. No ano 2018 o Partido Popular dicía que estabamos recurtando orzamentos do Plan único, inicialmente, cousa que era certo, que a cantidade inicial reflectía unha menor achega, pero na altura daquel final de 2018 demostrouse que o Plan foi capaz de transferir máis fondos, iniciando con menos fondos, transferir máis fondos aos concellos. Pero isto aínda veu reforzado no ano 2019 onde o Plan, inicialmente tamén levaba menos diñeiro, bastante menos diñeiro, pero rematou sendo o Plan máis grande da historia da Deputación para os concellos, en torno a cen millóns de euros.

Agora mesmo comezamos o Plan, o Plan Único tamén, cunha achega que está sete millóns de euros por baixo da achega de 2019, aínda así as previsións e o horizonte orzamentario de transferencia de recursos aos concellos, vai máis aló do que fomos capaces de achegar en 2019. Polo tanto, a intención política, pero tamén a previsión económica para o ano 2020 é que este Plan se vexa incrementado moi cuantiosamente en superar o financiamento dos concellos neste ano que estamos rematando. En todo caso, sen ter xa o balance feito do que significou o plan no territorio en 2019, si temos que resaltar, evidentemente, que temos un instrumento, como ben dicía tamén o portavoz de Marea Atlántica, fantástico, temos un instrumento revolucionario á hora de entenderse unha administración con outras administracións, onde non poñemos excesivas condicións, onde damos unha ampla marxe de autonomía local ás administracións locais para decidir en que invisten os recursos que reciben da Deputación, un instrumento que inflúe positivamente na planificación de recursos e na planificación política dos investimentos dos concellos, porque a estas alturas, cando os concellos aínda están elaborando os seus orzamentos municipais xa saben cal vai ser a mínima achega por parte da Deputación, e ademais a Deputación incentiva que haxa xa unha biblioteca de proxectos para as maiores achegas que se vaian producir durante o ano 2020. Pero no feito real, na vida real, que significou o plan na provincia?, pois significou sen contar os investimentos do ano 2019 en torno a 1000 execucións de obra, que non está nada mal, influíu moi positivamente na débeda municipal, na débeda das administracións locais, podemos facer un balance, podemos ver a fotografía do ano 2016 e ver a fotografía do ano 2019 de como están as débedas dos municipios da provincia da Coruña, e veremos claramente como o plan se demostrou como un instrumento extraordinario para diminuír a débeda das administracións locais. E algo que non é menor, que tamén convén resaltar, que varios millóns de euros que lle adebedaban as administracións locais aos seus provedores, a través do propio plan, tamén foron capaces de solucionarse. Polo tanto, estamos diante dun instrumento dinámico, que incorpora continuamente recursos, que os transfire cuns criterios claros de reparto, que permite planificar e que, por poñer tamén un valor engadido, creo que é milagroso que unha administración local, como é a Deputación, que é unha administración pequena, orzamentariamente falando, a min sempre me gusta dar un dato clarificador. Esta administración aproba algo máis de 180 millóns de euros de presuposto inicial, o Concello da Coruña aproba arredor dos 250 millóns de presuposto inicial, e aínda así, esta administración é capaz de achegarlle recursos ao Concello da Coruña, por poñer un exemplo. Pero é capaz de transferirle aos concellos automaticamente, ou case automaticamente, arredor de 100 millóns de euros para diferentes cuestións de urxencia e de competencia municipal, outras administracións que teñen once mil e pico de millóns de euros, no Plan de achegas a concellos reparten pouquiño máis para toda Galicia. Creo que o ano pasado as transferencias da Xunta a través do Plan de cooperación coas administracións locais estaban en torno a 124, 125 millóns de euros, a diferenza é claramente abismal.

Veremos o que dá de si o Plan no ano 2020, pero creo que podemos ser optimistas para pensar que no ano 2020, como mínimo, imos ter un nivel de apoio e de transferencia de recursos aos concellos, cando menos igual, aínda que eu agardo que superior, ao que foi nese 2019. Nada máis e moitas grazas.

Antes de nada, tamén me gustaría xa persoalmente darlle a benvinda de novo a esta institución a Manuel Taboada, que xa é un veterano, e que eu agardo que tamén o percorrido

anterior que tivo aquí nos sirva para colaborar e para avanzar entre todos e todas.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. O primeiro que queremos dicir é que nosoutros entendemos que este Plan está desvirtuado desde o momento que inclúe actuacións como turismo, cultura, envellecemento activo e demais. Non quere dicir que non esteamos a favor de plans de turismo, cultura, envellecemento activo, etc., pero como plans específicos, non incluídos neste plan porque, evidentemente, consideramos que son impropios dun Plan de obras e servizos, polo tanto, POS si, pero cunha convocatoria única e destinada unha boa parte dos recursos presupostarios.

En segundo lugar, o que si nos chama a atención, e vostede Sr. Regueira fixo alusión a iso, é que fala da redución da débeda, iso empezou antes do Plan único, é dicir, o PAI empezou no mandato era do 11 ao 15, o PAI, o que non ten sentido é que o PAI, que é unha achega aos concellos para pagar as débedas contraídas se inclúa nun Plan de obras e servizos, non ten sentido, é un exercicio de escaparatismo político, é un exercicio de dicir, eu doto de tanta cantidade a este Plan único, sabendo que gran parte deses concellos non van poder facer uso dese recurso, de tal forma que volva á Deputación, de tal forma que facemos un adicional, etc., nosoutros queremos as cousas claras, PAI si, cun Plan específico, e fóra do Plan de obras e servizos, porque nada ten que ver o pagamento de débeda cos servizos, obras e demais que teña que facer unha administración local.

Chámame a atención, dicía o Sr. Lema, nosoutros tamén, a importante redución de presuposto, vostede fixo alusión a iso, esperemos que se corrixa como se fixo en anteriores ocasións, e tamén esperemos que iso non sirva para seguir a liña dos últimos Plenos neste mandato, que é a continua e constante chegada a este salón de Plenos de subvencións nominativas, das que tanto vostedes en épocas pasadas abxuraron e protestaron por elas, iso é evidente que así segue sendo, esperemos que deixe de selo, ou que sexa xustificado en todo caso.

En todo caso, desde o meu punto de vista, o máis importante, a relación máis importante da Deputación cos concellos é o POS, que debe ser tratada e respectada e presupostada con carácter inicial por este equipo de Goberno coa seriedade que se merece. Todos sabemos que o POS é unha das competencias clásicas previstas na normativa de réxime local cos outros municipios da provincia, por iso debemos atender con carácter prioritario a través deste Plan, a todas as obras que garantan os servizos municipais, e para iso debemos de dotalo de recursos suficientes para cumprir a dita finalidade, porque a Deputación é e está, e niso estamos todos de acordo, ao servizo de todos os concellos e ao servizo de todos os cidadáns.

Desde o Grupo municipal desde logo, desde o Grupo Popular, solicitamos un financiamento maior, é dicir, incluír o importe de todos os gastos que levan aparelados a realización dos investimentos, como por exemplo os gastos derivados dos distintos estudos, honorarios de profesionais, as legalizacións, así como os custos dos carteis das obras, licenzas, etc., todo iso respectando a normativa aplicable.

Por outra parte, tamén queremos dicirlle que esta Plan cremos que chega tarde, chega tarde no tempo este ano porque trastoca os concellos á hora de elaborar os seus orzamentos de cara ao ano que vén para facelos en tempo e forma. Hai outra cuestión que nos preocupa, e nos están dicindo os nosos alcaldes, incluso alcaldes doutros signos políticos, cando teñen vostedes pensado aprobar o complementario?, sería importante facelo o antes posible, que teña claridade os concellos de cara a planificar as súas actuacións o antes posible.

E por outra parte eu creo que hai unha demanda xeral nos alcaldes de todas as cores políticas, e é que sería bo eliminar en maior medida a burocracia, e gustaríanos que para



conseguir que as decisións se adopten dunha maneira máis áxil e operativa, que as baixas correspondentes ao POS deberían ser xestionadas directamente polos concellos, para a realización de novas actuacións, sen necesidade de iniciar un camiño de regreso a esta entidade, é dicir, deámoslle maior liberdade aos concellos para que satisfagan con estes importes as actuacións que demandan os seus veciños. En calquera caso, con estas observacións, críticas nalgún caso, e noutras esperemos que as achegas sexan, polo menos estudadas, desde logo anunciamos a nosa abstención neste punto.

Sr. Regueira Varela

Eu primeiro agradecer o ton e agradecer os puntos de vista construtivos. Evidentemente o Plan sempre aquí estamos continuamente estudando un Plan de cara a melloralo, de feito este ano o Plan leva un pequeno cambio que é o que, dalgunha maneira, intenta dar solucións tamén administrativas e de xestión aos concellos en grave risco económico. En cada anualidade os servizos técnicos e a parte política valórase como se pode mellorar o Plan.

Pero mire vostede, a min gustaríame en calquera caso contradicilo nalgunha das afirmacións. O PAI é un instrumento que, efectivamente, xurdiu na etapa de goberno de don Diego Calvo como presidente desta administración, e eu recordo perfectamente unha cuestión que eu lle formulaba fóra do salón de Plenos, á saída do debate nesta Corporación sobre o PAI, eu preguntáballe, porque tiña certas dúbidas, se a Deputación da Coruña ía ser unha especie de banca que lle transfería créditos aos concellos, porque tiña dúbidas moi grandes, e el fíxome unha aseveración que me pareceu, aseveración desde o punto de vista dunha persoa que tiña a responsabilidade de gobernar unha administración pública, que tiña un montón de diñeiro, e que non sabía como prestarlle con ese diñeiro servizo aos concellos, e el díxome algo así de lacónico, pero de contundente, díxome "Se non o fago así, non o pode facer". Efectivamente, a fórmula de transferencia do PAI podémola ver desde un montón de puntos de vista, o que está claro é que nós consideramos, e desde os servizos técnicos tamén se considera así, de que ter un instrumento único é unha boa fórmula para eliminar burocracia, algo ao que vostede tamén se refería na súa intervención.

Vostede falaba do POS, do POS clásico, eu quérolle dicir unha cousa, e tamén é algo que lle vou poñer no haber a don Diego Calvo, tamén llo vou poñer no haber, porque cando o presidente do Estado español naquel momento, don Mariano Rajoy, tamén o coñecerá vostede, decide quitarlle as achegas ás Deputacións provinciais, as achegas do Estado ao POS, nesta administración pública hai un presidente do Partido Popular, que decidiu mantelas, pero hai outras deputacións, tamén gobernadas naquel momento polo Partido Popular, que decidiron non mantelas. Polo tanto, temos un POS a pesar dunha decisión do Estado do Partido Popular, e nós seguimos nese camiño. E cremos ademais que vostede ten razón, cantos máis recursos poidamos chegar ao POS, mellor, porque fíxese vostede, se a parte política desta administración, non sei, esta consulta non lla fixen nunca á parte técnica, lle dixeran, vostedes estarían dispostos, o POS ten tres patas, o PAS, o investimentos financeiramente sostible e o PAI, a parte de crédito, se nós puidéramos meter todo o Plan en POS, teña vostede por seguro que o íamos facer así, oxalá os orzamentos do Estado nos abran esa perspectiva de medrar.

E logo, eu téñolle que recordar o das nominativas, Sr. Ben. Eu fun aquí portavoz na oposición durante a etapa 2011-2015, o Sr. Taboada estaba no Goberno, eu, efectivamente, pódese dicir que ás veces incluso bramei contra as nominativas, pero fíxese vostede, é que aquí facíanse anos de 27 millóns de euros de nominativas, e ían practicamente todas para o Partido Popular, curiosamente. Aquí sempre defendemos, o Sr. Taboada, insisto, estaba alí, que non debiamos superar a porcentaxe do 5% do orzamento en nominativas, e estamos por debaixo desa porcentaxe. Temos que seguir avanzando, estou de acordo con vostede que ten que ser unha tarefa política en reducir as nominativas á mínima expresión, e só para aquelas cuestións que son totalmente excepcionais, ou que son de difícil concorrencia, porque tamén hai cuestións

que son difíciles de articular a través dunha concorrencia competitiva, pero eu creo que esta administración vai no camiño tamén de ser unha administración modélica, aínda tendo nominativas, si se está facendo un esforzo enorme en reducilas á mínima expresión, e eu convídoos, e pódense facer públicas, a que se analicen estatisticamente as anualidades de xestión e podemos comprobar e comparar cal era o nivel de subvencións nominativas e como se repartían esas nominativas antes e cómo se está facendo agora. En todo caso, insisto, agradézolle a súa intervención crítica, pero tamén intentando achegar, e moitas cousas teña vostede por seguro que imos intentar valoralas e intentaremos tamén pactalas entre todos os Grupos, pero nestes momentos, efectivamente, o Plan é un instrumento que todos os concellos, eu non coñezo concellos, pódense facer valoracións políticas de cara á galería, que tamén as hai, vostede falaba de cosmética, ou de escaparate no PAI, e eu dígolle tamén que por parte dalgúns alcaldes e alcaldesas do Partido Popular é moi diferente a postura que teñen diante dun medio de comunicación cando se poñen nas escaleiras da Deputación, e outro o que me trasladan a min na mesa no despacho, dicindo, "non o toquedes". En todo caso, hai cuestións técnicas que, efectivamente, haberá que valorar se tecnicamente se poden acometer. A reasignación de fondos, vostede preguntelle ao meu alcalde, que é do BNG, e vaille dicir, si, si, estou de acordo con vostede, pero a veces non podemos facer todo o que queremos facer.

En todo caso, insisto, eu creo que é de agradecer o ton, e eu creo que todos os Grupos que estamos aquí, créame, vimos do ámbito municipal e imos intentar que os nosos concellos, todos, absolutamente todos, sexan da cor política que sexan, teñan o máximo de recursos posibles. O gran problema dos concellos agora mesmo, fíxese vostede, que falaba da urxencia de coñecer o POS, e é certo que hai unha urxencia para preparar os orzamentos, pero a grande urxencia dos concellos desta provincia, que tamén lastra a propia Deputación, é o nivel de licitación e de execución de obra, temos francamente problemas graves para licitar todos os recursos que nos achega a Deputación da Coruña, hai concellos que non teñen nin os recursos humanos suficientes, incluso non teñen tampouco os recursos técnicos suficientes para darlles saída aos recursos económicos que reciben da Deputación, iso é tamén unha materia que deberemos de falar no seu momento todos os Grupos e intentar buscar solucións, veñan de onde veñan, porque é algo que está lastrando tamén a economía da provincia porque non somos capaces de xerar o nivel de execución de obra que deberíamos de ser capaces en base aos fondos que recibimos. Arrastramos licitacións de plans anteriores aínda, por rematarse nos concellos, ese si é un gran problema. Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas, practicamente eu penso que está case todo dito por parte do vicepresidente e responsable desta área, eu subscribo ao cen por cento o que comentou, e tamén o feito de que se agradeza o cambio de ton e, sobre todo de criterio fronte ao POS+ que nos últimos anos era bastante máis belixerante en canto que dicían que era un mal plan, que se lle roubaba aos concellos, agradecemos e valoramos positivamente que abandonen esa dinámica, que a verdade é que a realidade constatou que non tiña nada que ver co que se estaba a facer realmente, e que os concellos reciben máis do que recibían en períodos anteriores, e que sobre a cuestión do PAI recordar que grazas a iso os concellos reduciron en máis de nove millóns de euros a súa débeda, grazas a ese PAI, a ese préstamo provincial, aqueles concellos que tiñan débeda lograron ao longo destes anos de Plan único reducila en 9,6 millóns de euros.

Tamén agradecer o cambio de actitude fronte ás nominativas do Partido Popular, como ben dicía o vicepresidente, foi o campión das nominativas noutras lexislaturas, e xa non era que fora campión das nominativas porque dera moitas, senón que ademais as daba cun claro nesgo político, nalgún dos anos, creo recordar cun 98,9% desas nominativas para concellos gobernados polo Partido Popular.

Precisamente este Plan único o que quería ir é en contra dese tipo de actitudes e

favorecer que os concellos, independentemente de quen os governe, poidan recibir fondos con criterios totalmente obxectivos, como digo, independentemente da cor política do goberno que os estea a xestionar en cada un deses momentos, que o faga con criterios obxectivos e que o faga cunha premisa básica que é o de entender que os concellos son maiores de idade e que teñen a capacidade de poder decidir eles en exclusiva en que invisten os fondos en base ás súas necesidades, ás necesidades que teñan, esa é a grandeza do Plan único, fronte a plans anteriores que ían máis dirixidos, despois poderemos incluso debater sobre este tema, penso que a través dunha moción presentada polo seu Grupo, pero repito, que o espírito do Plan Único precisamente era iso, que os concellos poidan investir naquilo que eles consideren dentro das súas funcións, que é o máis urxente, o máis necesario, facilitarlles ademais que eses fondos cheguen con criterios totalmente obxectivos e, polo tanto, non dependan do criterio político partidista de cada un dos gobernos de cada momento, pero repito que, agradecendo ese cambio de actitude por parte do Grupo Popular e que se sume, aínda que facendo algunhas críticas porque, efectivamente, ninguén é perfecto e o Plan terá cuestións que poden ser mellorables, pero si que é de agradecer, como digo, ese cambio de actitude respecto ao Plan único e que vaia recoñecendo que é un bo mecanismo para colaborar e financiar as actuacións necesarias para os concellos da provincia. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Dúas cousiñas, por encima. Sr. Regueira, non nos comentou cando ten pensado aprobar o complementario, sería bo que nolo dixera a nós e llo dixera tamén aos distintos alcaldes dos distintos partidos na provincia da Coruña.

Hai algo que recoñeceron, a dificultade que teñen os concellos para xestionar, reforcen vostedes o departamento de Asistencia aos Municipios, collendo xente doutros sitios, incluso podendo incrementar o persoal ao servizo dos concellos, porque esta Deputación, en teoría, estamos, sobre todo os que están no Goberno, ao servizo dos distintos concellos, haberá que formularse reforzar ese departamento.

Respecto do que dixo o Sr. Bernardo, quero dicirlle que o que haxa un Plan único, que lle chaman vostedes, non quere dicir que non poida haber plans específicos dirixidos, e non me quero adiantar a posteriores debates, non quere dicir que non os poida haber. Esta Deputación, por dicilo dalgunha maneira, cando no ano 2015 hai un cambio cóllese con débeda cero, saneada ao cen por cento, podemos dicilo, aínda que soe así dalgunha maneira, que aquí hai diñeiro por castigo, en sentido esaxerado, esforcémonos na xestión e poñamos ese diñeiro ao dispor dos concellos. Quere dicir que facer un plan destinado a x ou y, e atentar contra o Plan único que vostedes tanto valoran?, non, non o é, un plan con publicidade, concorrencia e obxectividade nunca vai vulnerar ou atentar contra o Plan único cando os recursos así o suxestionen.

Respecto ao ton, don Bernardo, eu procurarei sempre ter un ton similar a este, onte en Santiago tivemos un ton un pouco máis arisco debido a outras cuestións relacionadas con Cataluña e demais, este ton, o ton de hoxe vén ben encaixado, tamén vin en vostede un ton máis moderado, o cal a esta parte do Grupo Popular satisfainos bastante.

E pouco máis podo dicirlle, é dicir, teñen diñeiro, achéguenllo aos concellos, esfórcense na xestión, axuden aos concellos porque axudar aos concellos é axudar aos veciños desta provincia.

Sr. Regueira Varela

Oxalá puideramos meter todo o diñeiro que temos en transferencias a través do Plan aos concellos da provincia. Non será cousa da miña forza política ter un Montero ou un Montoro que nos impediron sucesivamente, con diferentes leis, utilizar ese diñeiro para transferilo, non

podemos.

Vostedes saben, eu falaba antes cun alcalde do Partido Popular aquí presente que todos estamos nadando en diñeiro por desgraza. Fíxese vostede, voulle recoñecer que recollemos unha administración sen débeda, pero vostede tamén pode consultar o diario de sesións para saber que este portavoz do Grupo do BNG no seu momento, no debate do Pleno onde realmente xa se extinguía a débeda da Deputación dixo que era un mal negocio, que era o negocio perfecto para os bancos naquel momento perdonar unha débeda que practicamente non se pagaba ningún tipo de xuro, era un mal negocio.

En todo caso, estamos no mesmo camiño, eu convido ao Partido Popular, con moita forza a nivel do Estado, e tamén aos nosos socios do Partido Socialista, a que a través da FEMP se formulen as reclamacións do xeito máis contundente para que o Estado escoite por fin ás administracións locais e realmente poidamos utilizar os remanentes que temos porque iso de dicir, teñen vostedes diñeiro, gástenos, non, nós temos o diñeiro que nos permite ter o orzamento provincial, que é o mesmo tamén que lle permiten nas corporacións locais ter aos concellos. Asegúrolo, eu veño dun concello que ten trece millóns de euros metidos nos bancos que non pode gastar, asegúrolo que os veciños e veciñas do meu concello non entenden como pode haber fochancas tendo tanto diñeiro, pero hai unha lei que nos impide xestionar ese diñeiro.

En todo caso, creo que no fondo estamos de acordo en que o Plan está ben, posteriormente imos ter un debate interesante tamén sobre outros plans que contra ao final deste Pleno poderemos falar longo e tendido tamén sobre iso, e agora toca aprobar un bo plan. É un Plan que están esperando, efectivamente, todos os concellos e eu agardo que ese Plan, coma sempre, sirva para ter dinámicas positivas para a economía.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, efectivamente, o ton depende das circunstancias, vostede mesmo acábao de reflectir coa cuestión de Santiago, pero en todo caso, repito que llo agradezo.

O que si me gustaría dicir é que, efectivamente, que haxa outros plans non atenta contra o Plan único, se vostede o quere ver así, pero desde o meu punto de vista atenta contra o municipalismo e contra a autonomía dos concellos, porque obrígaos a dedicar fondos a unha cousa que igual non necesitan, porque o meu concello pode necesitar reparar unha instalación tipo equis, da que falaremos despois, e outro concello igual as ten todas reparadas e necesita investir en saneamento, polo tanto mellor que lle deamos os fondos e que el decida en que gastalo, así nin atentamos nin contra a autonomía dos concellos, nin contra o municipalismo.

E desde aquí fago un chamamento a que outras administracións que tamén colaboran cos concellos, e que tamén derivan fondos dos concellos, tomen boa nota do que se fai nesta Deputación e fagan o mesmo en lugar de sacar liñas que ademais, xa non é que sexan en concorrencia, con criterios obxectivos, senón que moitas veces van por orde de chegada, como todos os que estamos aquí, que non somos dunha determinada cor, padecemos habitualmente. Moitas grazas.

#### Sr. Ben Otero

Xa si, final. Que hoxe vaia debaterse aquí un plan destinado a algo en concreto, non quere dicir que nos sucesivos plenos non veñan máis ideas. Vostede di, se se destina unha liña de axudas a un Plan específico para X, algún concello pode non necesitalo, pero non se preocupe que se hai ausencia de ideas irémoslle achegando distintos plans provinciais para que poidan facer uso dese diñeiro que hai aquí, e repito con publicidade, obxectividade e concorrencia.

Sr. Presidente

Finalizamos o debate, pero non me quero esquecer de que todos somos conscientes os que estamos aquí, provimos do mundo municipal, estamos nel, hai un concepto que non se pode obviar, dicía Evaristo que temos cartos por castigo, si, efectivamente, esta Deputación estaba saneada, segue saneada e continuará saneada, non esquecemos de que hai unha regra que se chama regra de gasto, teito de gasto, que ao final limita, por moitos plans que poidamos presentar aquí, ao final limítanos considerablemente.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", cuxo texto figura no Anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201, 0430/4599/76201 e 0430/9437/82120, tanto no orzamento inicial do exercicio 2020 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe para o financiamento do POS+ 2020."

**BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS  
DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS )  
“ POS+ 2020 ”**

**1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2020 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha “**achega provincial 2020**” por importe de 21.900.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2020 e no expediente de modificación de créditos (EMC) 4/2019, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2020, e nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo dos anos 2019, 2020 ou 2021, vaise consignar a cantidade de 21.900.000,00€ para o financiamento desta achega provincial 2020 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2019**” por un importe total de 5.300.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2019 na partida 0430/4599/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 4/2019.

- Cunha achega provincial denominada “**préstamo provincial 2020**” por importe de 20.000.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2020 na partida 0430/9437/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2022, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+ 2020 ascende a 47.200.000,00 €**, desagregado como se indica a continuación:

	<b>Consignación</b>
Achega provincial 2020	21.900.000,00
Achega provincial 2019	5.300.000,00
Préstamo provincial 2020	20.000.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>47.200.000,00</b>

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2020, o POS+ 2020 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2020 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2019, 2020 ou 2021 para o financiamento do POS+ 2020. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

## 2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

### **FINALIDADE**

O POS+ 2020 continua na liña dos POS+ 2017, 2018 e 2019 que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2020, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda con entidades financeiras ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que anteriormente daban lugar a novos Plans.
- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprímense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos

DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións sumouse á dotación do POS+ 2017, 2018 e 2019 e tamén súmase á do POS+ 2020, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.

Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- **Dar resposta á situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos teñan cos seus provedores**, financiando as facturas pendentes de pago cos requisitos que máis adiante se indican, o **que repercutirá positivamente no tecido empresarial**, que deste xeito poderá cobrar as súas facturas pendentes.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras**, mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun prazo de carencia de 2 anos.

## **OBXECTO**

Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

### - PAGO A PROVEDORES

En primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2019” e “achega provincial 2020” (non “préstamo provincial 2020”) ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, que estean pendentes de pago no momento da elaboración do informe que para estes efectos emita a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, segundo se detalla na Base 5.B.1.

No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar, a “achega provincial 2019”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2020”, ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1.



Non obstante, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2019 e 2020 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2019 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe, segundo se detalla na Base 2.1.

A cantidade restante poderá destinala cada concello a os outros obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega provincial:

- **GASTO CORRENTE**

O concello poderá destinar a “achega provincial 2020”, ou excepcionalmente a “achega provincial 2019” no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2020, segundo se detalla na Base 5.B.2, sen límite ningún.

- **REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS**

O concello poderá destinar a “achega provincial 2020”, a “achega provincial 2019” e o “préstamo provincial 2020” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- **REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS**

Por outra parte, no que se refire ao posible destino do “préstamo provincial 2020”, o concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras, como mínimo, o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2020 asignado, a porcentaxe do seu “*nivel de endebedamento*” segundo se define na Base 2.4, e o préstamo provincial restante só poderá destinalo ben a reducir máis débeda municipal con entidades financeiras ou ben á realización de investimentos.

En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, debido a que, por unha banda, a “achega provincial 2019” procede do superávit orzamentario da deputación, polo que o seu destino debe cumprir os requisitos fixados para os investimentos financeiramente sostibles na disposición adicional decimosesta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE nº 73 do 24 de marzo de 2018), e por outra banda, o “préstamo provincial 2020” destinarase prioritariamente á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

<b>POS+ 2020</b>		
<b>TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO</b>		
<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020</b>
<b>(21.900.000,00 €)</b>	<b>-superávit-</b>	
	<b>(5.300.000,00 €)</b>	<b>(20.000.000,00 €)</b>
Pago a provedores	Pago a provedores	
Gastos correntes	Gastos correntes (Excepción da Base 2.2 final)	
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles	Obras ou subministracións
		Redución da débeda do concello con entidades financeiras

## **2. 1 Financiamento de pago a provedores (achegas provinciais 2019 e 2020)**

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), que teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, e que estean pendentes de pago no momento da elaboración do dito informe.

Non obstante, deberán excluírse deste informe as facturas que xa foron financiadas a través do POS+ 2017, 2018 ou 2019, base ou adicional, así como as que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, debendo concretarse as ditas causas neste informe. Tamén deberán excluírse as facturas que van ser financiadas polo concello con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.

Neste informe deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do Concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello, todo iso segundo se detalla na Base 5.B.1.

No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste Plan á parte que financia o concello.

A achega provincial asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2019” e “achega provincial 2020” (non “préstamo provincial 2020”) deberá necesariamente destinarse ao pagamento das ditas débedas, aplicando en primeiro lugar a achega provincial procedente do ano 2019 e posteriormente a de 2020, tendo en conta que deberá seguirse para o seu pagamento a orde da súa entrada no Rexistro do concello.

Excepcionalmente, cando o importe destas débedas do concello con provedores sexa moi elevado, e coa finalidade de que o concello poida dar resposta á situacións especiais e singulares, o concello poderá solicitar de forma debidamente xustificada, a aplicación de ata o 25% da suma de “achega provincial 2019” e “achega provincial 2020” (non “préstamo provincial 2020”) para o financiamento de investimentos necesarios, urxentes e inaprazables, sempre que teñan a condición de financeiramente sostibles, debendo acreditarse todas estas circunstancias excepcionais e singulares na Memoria do Plan asinada pola Alcaldía segundo o modelo Anexo II, e financiarase con cargo á achega provincial 2020.

Por outra banda, o concello poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2019 e 2020 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2019 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe. Estas facturas "voluntarias" imputaranse, en primeiro lugar, á achega provincial 2019, se existe dispoñible logo de destinarse ás que son obrigatorias; e, en segundo lugar, á achega provincial 2020. En calquera dos casos, aínda que se imputen á achega provincial 2019, o importe das facturas "voluntarias" non poderá superar o 30% da achega 2020 asignada.

## **2. 2 Financiamento de gastos correntes (achega provincial 2020 e excepcionalmente achega provincial 2019)**

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a “achega provincial 2020” ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2020, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2020, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliaria de lixo, alumeados públicos, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2020 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non poderán incluírse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

Excepcionalmente, os concellos que se atopan nunha situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 200% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poderán destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2020, como a que reciben polo concepto achega provincial 2019, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

## **2. 3 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2019 e 2020 e préstamo provincial 2020)**

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, aptos urbanisticamente, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e os pregos de prescricións técnicas deberán presentarse para todas as obras e subministracións incluídas neste Plan, tanto do Plan Base como do Plan Complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído). Non obstante, se a achega provincial asignada é inferior a 18.000,00 €, o concello poderá solicitar unha subministración cun orzamento inferior, para axustarse á achega provincial asignada.

Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarse cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia. Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria do Plan asinada pola alcaldía (Anexo II).

### **Investimentos financeiramente sostibles**

(Investimentos financiados con “Acheга provincial 2019”, “investimentos excepcionais previstos no penúltimo parágrafo da Base 2.1” e investimentos incluídos no “Plan Complementario”).

Para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo a “acheга provincial 2019”, “investimentos excepcionais previstos no penúltimo parágrafo da Base 2.1” e do “Plan Complementario”, debe terse en conta que deben ser “investimentos financeiramente sostibles” e cumprir os requisitos fixados na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE nº 73 do 24 de marzo de 2018).

Esta disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos “financeiramente sostibles” que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste Plan con cargo aos tres conceptos antes indicados, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada disposición adicional decimosexta da Lei de facendas locais, na súa redacción dada polo citado Real decreto-lei 1/2018, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

- 160. Rede de sumidoiros
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165. Alumeado público
- 172. Protección e mellora do medio natural
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422. Industria
- 425. Enerxía
- 431. Comercio
- 432. Información e promoción turística
- 441. Transporte de viaxeiros
- 442. Infraestruturas do transporte
- 452. Recursos hidráulicos
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada
- 491. Sociedade da información
- 492. Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos destes programas superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva, e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda.

- 132. Seguridade e orde pública
- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 135. Protección civil
- 136. Servizo de prevención e extinción de incendios
- 153. Vías públicas
- 171. Parques e xardíns
- 231. Asistencia social primaria
- 321. Creación de centros docentes de ensino infantil e primario
- 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil, primario e educación especial
- 332. Bibliotecas e arquivos
- 333. Equipamentos culturais e museos
- 336. Protección do patrimonio histórico-artístico
- 342. Instalacións deportivas
- 453. Estradas
- 454. Camiños veciñais
- 933. Xestión do patrimonio no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario e enseres, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.

#### **2.4 Redución da débeda do concello con entidades financeiras (préstamo provincial 2020)**

Se o concello solicita préstamo provincial 2020, deberá aplicar a reducir o seu

endebedamento con entidades financeiras, como mínimo, un importe resultante de aplicar ao “préstamo provincial 2020” asignado a través deste Plan, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento”, calculando para iso a porcentaxe que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo do concello con entidades financeiras a 31 de decembro de 2018 por ser o último exercicio obxecto de liquidación, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Non se computarán para estes efectos a débeda coa deputación a través de Plans provinciais de préstamo nin as cantidades xa amortizadas polo concello.

A porcentaxe co nivel de endebedamento deberá expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

O “préstamo provincial 2020” restante, só poderá destinalo, ben a reducir máis débeda municipal con entidades financeiras, ou ben á realización de investimentos, sexan obras ou subministracións.

En todo caso, o concello deberá presentar a documentación que se detalla na Base 5 xustificativa de que o préstamo que se solicita á deputación cumpre cos requisitos establecidos na lexislación vixente para a concertación de operacións de endebedamento, e que non está relacionado con mecanismos de financiamento para o pago a provedores.

### 3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

### 4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán esta deputación e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

#### 4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na Base 1, o Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha “**achega provincial 2020**” por importe de 21.900.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2020 e no expediente de modificación de créditos (EMC) 4/2019, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2020, e nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo dos anos 2019, 2020 ou 2021, vaise consignar a cantidade de 21.900.000,00€ para o financiamento desta achega provincial 2020 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2019**” por un importe total de 5.300.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2019 na partida 0430/4599/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 4/2019.

- Cunha achega provincial denominada “**préstamo provincial 2020**” por importe de 20.000.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2020 na partida 0430/9437/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2022, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+ 2020 ascende a 47.200.000,00 €**, desagregado como se indica a continuación:

	<b>Consignación</b>
Achega provincial	21.900.000,00
Achega provincial	5.300.000,00
Préstamo provincial	20.000.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>47.200.000,00</b>

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2020 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

As cantidades que inicialmente se lle asignan a cada concello calcúlanse mediante a aplicación á achega provincial 2020, á achega provincial 2019 e ao préstamo provincial 2020 das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican a continuación:

- 10% cota fixa
- 5% esforzo fiscal
- 15% número de parroquias
- 35% poboación (só a rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35% superficie

No caso do concello fusionado de Oza-Cesuras aplicaráselle dúas cotas fixas para realizar o dito reparto, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

A cada concello comunicaráselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2020, (“achega provincial 2020”, “achega provincial 2019”, e “préstamo provincial 2020”), e o concello poderá destinala aos distintos obxectos do Plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na Base 2, especialmente na táboa denominada “POS+ 2020: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo”.

#### **NOTA ESPECÍFICA SOBRE A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PROVINCIAL PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS, OU PARA A REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS**

Nos casos nos que o concello solicite préstamo provincial, tanto para o financiamento de investimentos como para a redución da súa débeda con entidades financeiras, debe acreditarse o cumprimento da lexislación sobre préstamos, en especial o cumprimento do disposto no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Para estes efectos deberá presentar un informe emitido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo que figura no Anexo XI, relativo aos seguintes extremos:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación

- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, os concellos que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do TRLRFL, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo; e se o endebedamento excede do 75% pero non supera o 110%, deberá contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todo iso sen prexuízo da obriga dos concello de remitirle ao Ministerio de Facenda, a través da Central de Información de Riscos, a información á que se refire o artigo 55 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Ademais, nos casos nos que o concello solicite préstamo provincial para a redución da súa débeda con entidades financeiras, debe acreditarse que o préstamo municipal a cuxa minoración se aplica o préstamo provincial, non está relacionado coa formalización de operacións de endebedamento financeiro no marco do mecanismo de financiamento para o pago a provedores regulado, na súa primeira fase, polo Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago a provedores das entidades locais. Esta acreditación realizarase no modelo que figura no Anexo XII ás Bases.

#### **4.2.- Achega municipal**

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, de ser o caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da deputación.

#### **4.3.- Plan Complementario**

A deputación aprobará o Plan Base da anualidade 2020 xunto cun Plan Complementario que se xestionará como se indica nesta Base.

O Plan Complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que a deputación así o acorde ao longo do exercicio 2020.

Para estes efectos realizarase unha distribución desta maior achega provincial entre todos os concellos, aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na Base 4.1. Con cargo a esta nova cantidade asignada, os concellos deberán financiar, en primeiro lugar, as débedas con provedores pendentes de pago que non foran financiadas a través de anteriores Plans, debendo excluírse ademais as facturas que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, así como as facturas que van ser financiadas polo concello con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal; e, en segundo lugar, os investimentos financeiramente sostibles solicitados inicialmente no Plan Complementario, ou outros novos. Todo isto realizarase segundo as



instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos no seu momento.

Por iso, no POS+ 2020 é obrigatorio para os concellos solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste Plan, aínda que se aconsella que sexa maior. Non obstante, aqueles concellos cuxas débedas con provedores sexan moi elevadas, poderán indicar que non presentan investimentos no Plan Complementario porque no caso de incremento de achega provincial, destinaríana integramente ao pago das súas débedas con provedores pendentes de pago.

Só poderán incluírse neste Plan complementario “investimentos financeiramente sostibles”, segundo se definen no apartado correspondente da Base 2.3, dado que previsiblemente financiaríanse con cargo ao superávit orzamentario da deputación.

En síntese, esta deputación aprobará, xunto co Plan Base, o Plan Complementario, integrado por investimentos financeiramente sostibles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente dos incrementos da achega provincial que, de ser o caso, se aproben posteriormente.

No momento de iniciar a elaboración do Plan Adicional no marco do Plan Complementario, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten documentación actualizada da súa situación en relación co pago a provedores segundo o modelo Anexo III a) ou III b), así como outros documentos necesarios para a elaboración do Plan Adicional, tendo en conta os investimentos xa aprobados polo concello como Plan Complementario no acordo inicial de solicitude.

Se o concello inclúe varios investimentos no Plan Complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar a nova cantidade asignada, con independencia da súa orde de relación no dito Plan. Para o caso de que os investimentos do Plan Complementario foran insuficientes para investir toda a nova cantidade asignada, ou que o concello renuncie á execución dalgún deles, poderá solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

## **5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña. [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal). A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o **luns 11 de novembro de 2019 e rematará ás 14.00 horas do xoves 19 de decembro de 2019.**

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, tendo en conta o seu carácter substancial ou non.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases, e de acordo coas instrucións desta deputación.

## **5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL**

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha memoria xustificativa da súa solicitude:

### **– Certificación do acordo plenario (ANEXO I)**

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na Base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, no seu caso, o seu financiamento desagregado, así como o resto do contido previsto no Anexo I.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

### **- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)**

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.
- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.
- Financiamento. Analizarase e xustificarse o plan financeiro previsto.
- Só no suposto previsto no penúltimo parágrafo da Base 2.1, xustificación da necesidade de investimentos financeiramente sostibles, de ata o 25% da suma da achega provincial 2020 e 2019 asignada (non préstamo provincial 2020).
- Se é necesario, outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

## **5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS**

### **5.B.1.- Pago a provedores (ANEXOS III-a) / III-b )**

#### **- Informe de que o concello non ten facturas pendentes de pago con provedores (ANEXO III -a) Convocatoria POS+SOLICITUDE**

No caso de que o concello non teña pendentes de pago facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III-a) a estas Bases, no que se indique esta circunstancia, e subírase na convocatoria POS+SOLICITUDE.

Igualmente se emitirá o informe segundo o modelo III-a) cando o concello unicamente teña facturas destas características que se financiaron con cargo a Plans de anos anteriores, ou que non pode pagar por causas que non lle son imputables (deberán concretarse), ou que se van financiar con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno do concello.

**-Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores do concello (ANEXO III-b) Convocatoria POS+PROVEDORES**

No caso de que o concello teña facturas pendentes de pago, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como Anexo III- b a estas Bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), que teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, e que estean pendentes de pago no momento da elaboración do dito informe, e subirase na convocatoria POS+PROVEDORES.

Neste informe deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello. Non obstante, deberán excluírse deste informe as facturas que non poidan pagarse por causas non imputables ao concello, debendo concretarse estas circunstancias no dito informe. Ademais, deberán excluírse as que xa foron financiadas a través do POS+ 2017, 2018 e 2019, base ou adicional, así como as facturas que van ser financiadas polo concello con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.

Por outra banda, o concello poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2019 e 2020 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2019 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe. Estas facturas "voluntarias" imputaranse, en primeiro lugar, á achega provincial 2019, se existe dispoñible logo de destinarse ás que son obrigatorias; e, en segundo lugar, á achega provincial 2020. En calquera dos casos, aínda que se imputen á achega provincial 2019, o importe das facturas "voluntarias" non poderá superar o 30% da achega 2020 asignada.

No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada á parte que financia o concello.

**5.B.2.- Gasto corrente**

**- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2020 (ANEXO IV)**

No suposto de que o concello opte por destinar, en todo ou en parte, a "achega provincial 2020", ou excepcionalmente a "achega provincial 2019" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2020, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, referidos aos conceptos de gasto que se detallan na Base 2.2.

No dito Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir no Anexo unicamente os datos dos servizos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo ao Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos que figuran no Anexo.

Non poderán incluíse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

No suposto excepcional previsto no último parágrafo da Base 2.2, a Intervención ou a Secretaría- Intervención do concello deberá engadir ao final do modelo Anexo IV que o concello está en situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 200% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, o que xustifica que o concello solicite destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2020, como a que reciben polo concepto achega provincial 2019, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

### **5.B.3.- Obras e subministracións**

#### **5.B.3.1.-- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas**

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan Base como do Plan Complementario, co contido establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017).

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase ao carácter da prestación principal, de acordo co disposto no artigo 18 da citada norma.

#### **Obras**

No caso das obras, os **proxectos técnicos** deberán presentarse nun só documento e comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta. Non se admiten obras cuxo único obxecto sexa a demolición. No caso de incluír varias obras deberán ter carácter homoxéneo.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. Non se admiten obras con financiamento plurianual.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin

honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orzamento do proxecto incluído no Plan. Tampouco poderá incluírse o custo do cartel da obra, por ser a cargo do adxudicatario.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Consideraranse partidas alzadas as correspondentes á xestión de residuos e á seguridade e saúde a menos que teñan prezos descompostos.

- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.
- f) O estudo de seguridade e saúde ou, de ser o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).
- h) O estudo xetotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.
- i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.
- j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

É importante salientar que non se poden facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (luminicos, hidráulicos, etc). Únicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da citada Lei 9/2017 e deberá engadirse a mención «ou equivalente».

### **Subministracións**

No caso de subministracións, os **pregos de prescricións técnicas** deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.
- b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orzamento do prego incluído

no Plan. Non obstante, poderán incluírse os gastos da Inspección técnica de vehículos (ITV) ou cursos de formación do manexo da subministración.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”.

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.

A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitirase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego, e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración. Nos casos de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, luminarias, marquesiñas, colectores de lixo, sinais de tráfico ou turísticas e similares, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.

### **5.B.3.2.- Informe técnico (ANEXO V)**

Informe técnico individual para cada investimento, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido:

- Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes. Neste último suposto, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

No caso de que algún investimento precise autorización desta deputación por afectar a unha estrada provincial, deberá presentar a súa solicitude de autorización a través da Convocatoria específica da plataforma SUBTEL, xuntando a documentación requirida e de acordo co procedemento aprobado por esta deputación e publicado no BOP nº 40 do 26 de febreiro de 2019.

- Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 3, apartado 6, da citada norma.

- Fases, partes ou tramos (obra completa)

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste Anexo V deberá xustificarse que, de acordo co previsto no artigo 13.3 da citada Lei 9/2017, trátase dunha "obra completa", no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

- Lotes

De acordo co previsto na Base 2.3, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adjudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

- Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

- Aptitude urbanística

Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución.

-Competencia do redactor do proxecto ou prego

Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina.

### **5.B.3.3.-Informe técnico-xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)**

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo Anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento, e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos. Cada asinante unicamente subscribirá as súas declaracións.

### **5.B.3.4.- Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (ANEXO IX)**

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adjudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017.

#### **5.B.3.5.- Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga (ANEXO X)**

No caso de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da secretaría do concello no que xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

#### **5.B.3.6.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (ANEXOS VII e VIII)**

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

##### **- Memoria económica específica da Alcaldía (ANEXO VII)**

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo Anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

##### **- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO VIII)**

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo Anexo VIII, sobre os seguintes extremos:

- Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía
- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no Anexo VIII, indicando unha única aplicación orzamentaria de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da Base 2.3.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado “financeiramente sostible”.

#### **5.B.3.7.- Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos e sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO XI)**

Cando se trate de investimentos financiados con cargo a “préstamo provincial 2020”, o concello deberá presentar o informe que se detalla na Base 5.B.4.1, segundo o modelo Anexo XI, relativo ao cumprimento da lexislación sobre préstamos e sobre o nivel de endebedamento do concello.

#### **5.B.4.- Redución de endebedamento do concello con entidades financeiras**

##### **5.B.4.1.- Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos e sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO XI)**

Nun primeiro apartado do modelo Anexo XI, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá informar se o acordo de solicitude de préstamo provincial 2020 foi adoptado conforme ás normas de aplicación, e que o concello non necesita autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade autónoma de Galicia, ou, de ser necesaria, que se obtivo a dita autorización.

No segundo apartado deste modelo, e coa finalidade de concretar o “nivel de endebedamento” do concello, deberá indicar os datos do volume total do capital vivo das



operacións de crédito vixentes a longo prazo do concello con entidades financeiras a 31 de decembro de 2018, por ser o último exercicio obxecto de liquidación, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do citado Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Non se computarán para estes efectos a débeda coa deputación a través de Plans provinciais de préstamo, nin as cantidades xa amortizadas polo concello.

A porcentaxe co nivel de endebedamento deberá expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

#### **5.B.4.2.- Datos da débeda a reducir (ANEXO XII)**

No suposto de que o concello teña débedas con entidades financeiras, a Intervención ou Secretaría– Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo Anexo XII, cos datos das débedas concretas ás que se vai aplicar o “préstamo provincial 2020” para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

Ademais, indicarse se o préstamo municipal a cuxa minoración se vai aplicar o préstamo provincial está relacionado ou non cos mecanismos de financiamento do pago a provedores, segundo se indica no último parágrafo da Base 4.1.

### **6.- APROBACIÓN DO PLAN**

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluírá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, segundo se describe na Base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do Plan Adicional que máis adiante se aprobe, no marco do Plan Complementario descrito na Base 4.3, financiado cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, realizarase mediante Resolución da Presidencia ou acordo plenario, segundo corresponda, coa finalidade de declarar cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan Adicional no que se incluírán as solicitudes dos concellos con indicación do seu financiamento.

## **7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS**

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2017 de contratos do sector público mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "aberto simplificadísimo, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

Non se poderá realizar a adxudicación dos investimentos mediante contrato menor.

Se no momento da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuación incluídas no Plan **ata o 30 de novembro de 2020**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2020 ou 2021, a deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na plataforma de tramitación telemática desta deputación:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido
- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avilables
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da valoración das ofertas

No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/ 2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

## **8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS**

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice,

con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dárselle audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello ou un compromiso do seu financiamento.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello, e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

## **9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL**

O pago da achega da deputación realízase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

### **9.1 Achega provincial destinada ao financiamento de pago a provedores (ANEXOS III-b e XIII)**

Para aqueles concellos que teñan débedas con provedores, cuxos datos figuran no informe presentado polo concello segundo o modelo Anexo III-b), a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, a cantidade solicitada para esta finalidade.

Unha vez que o concello realice o pago destas débedas, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2021, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen os pagos efectuados, segundo o modelo que figura como Anexo XIII. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

No caso de que o concello non xustifique a realización do pago das facturas para cuxo financiamento se solicitou a achega provincial xa transferida ao concello, ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os importes a reintegrar poderán ser obxecto de compensación con calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello.

### **9.2 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS IV e XIV)**

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a "achega provincial 2020", ou excepcionalmente a "achega provincial 2019" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes, a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos

emitida pola Intervención ou Secretaría- Intervención do concello, segundo o modelo Anexo IV.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2021, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallan, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ 2020, segundo o modelo que figura como Anexo XIV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

Non poderán incluíse na xustificación do Gasto corrente financiado con cargo ao POS+ aquelas facturas cuxo financiamento xa se solicita dentro do obxecto "Pago a provedores".

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

### **9.3 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións**

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a "acta de comprobación do replanteo" e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego, e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

**Todos os investimentos deberán estar terminados o 30 de novembro de 2021.** Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar una prórroga para o seu remate de acordo coas instrucións que se lle remitirán máis adiante, que se concederá, no seu caso, mediante Resolución da Presidencia.

#### **9. 4 Préstamo provincial destinado ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras**

No suposto de que o concello destinase o préstamo provincial ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras, a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle, con carácter prepagable, directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

#### **10.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL**

Os concellos deberán devolverlle á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que se lles transfira, devolución que se realizará a partir do ano 2022 ata o 2031, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido, tanto para a redución do seu endebedamento como para a realización de investimentos, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade a devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.

A devolución realizarase mediante o ingreso na conta da deputación que se lles indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, a deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizarlle ao concello.

#### **11.- RÉXIME SANCIONADOR**

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta Base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co disposto na Base 7, o incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto nas Bases 9.1 e 9.2 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado, aínda que o importe da achega provincial reintegrada poderá recuperarse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Os importes a reintegrar poderán ser obxecto de compensación con calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello.

No caso de pagos de achega provincial que **requiran a previa xustificación** do gasto polo concello, a súa non xustificación dará lugar á perda da achega provincial correspondente, aínda que se poderá recuperar nun Plan posterior.

En todos os casos, a presentación da documentación xustificativa fora do prazo establecido, poderá dar lugar á imposición das seguintes sancións de conformidade co disposto na Base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación:

- De se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €.
- De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €.
- De exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

1.- A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Presidencia desta deputación, previos os informes da Secretaría e da Intervención.

2.- Para o non disposto expresamente nas presentes Bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

**ANEXO I**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE  
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL  
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

D. / Dna.

secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

**C E R T I F I C A :** Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /201 , adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>			

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020			
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019			
	Préstamo 2020			
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020			
	Achega 2019			
	Préstamo 2020			
	TOTAL			





**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”  
ANEXO II  
MEMORIA DO PLAN**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA</b>	

De acordo co esixido na Base 5.A das reguladoras do Plan, emítase esta Memoria relativa á súa elaboración:

**OBXECTIVOS DO PLAN**

(Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local)

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

**FINANCIAMENTO**

(Analizárase e xustifícarase o plan financeiro previsto)

**XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DE ATA O 25% DA SUMA DA ACHEGA PROVINCIAL 2019 E 2020 ASIGNADA (NON PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020), CANDO AS DÉBEDAS DO CONCELLO CON PROVEDORES SEXAN SUPERIORES Á DITA CANTIDADE**

(Só para os concellos cuxas débedas con provedores sexan superiores á suma da achega provincial 2020 e 2019, segundo o previsto no penúltimo parágrafo da Base 2.1.)

**OUTRAS CUESTIÓNS**

(Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

**“POS+ 2020”**

**ANEXO III –a)**

**INFORME DE QUE O CONCELLO NON TEN FACTURAS PENDENTES DE PAGO CON PROVEDORES COS REQUISITOS DAS BASES DO POS+ 2020,  
OU QUE TÉNDOAS, NON PODE PROCEDER AO SEU PAGO POR CAUSAS XUSTIFICADAS**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítase este informe para facer constar a situación deste concello en relación coas facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído:

(Marcar o que corresponda)

	Este concello <b>non ten facturas pendentes</b> de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído.
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, que <b>se financiaron con cargo a Plans de anos anteriores</b>
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, que <b>non pode pagar por causas que non lle son imputables</b> As causas son as seguintes: - - -
	Este concello unicamente ten facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), con data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, que <b>se van financiar con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado</b> inicialmente polo Pleno do concello.

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN  
ÚNICO DE CONCELLOS)  
"POS+ 2020"**

**ANEXO III -b)**

**INFORME COA RELACIÓN DE FACTURAS PENDENTES DE PAGO CON PROVEDORES, DE IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 100,00 € , PARA AS QUE SE APLICA FINANCIAMENTO  
PROVINCIAL CON CARGO AO POS+ 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) que teñen data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, (ou data de entrada posterior se voluntariamente así o acorda o concello ata unha contía máxima do 25% da achega 2020) que están pendentes de pago no momento da elaboración deste informe, separando as facturas que se imputan ao capítulo II e as que se imputan ao capítulo VI do orzamento municipal, que se relacionan segundo a orde da súa entrada no Rexistro do concello.

**NOTAS:**

- Deben excluírse as facturas non pagadas que xa foron financiadas a través do POS+ de anos anteriores.
- Deben excluírse as facturas que o concello non pode pagar por causas que non lle son imputables, debendo concretarse as ditas causas neste informe.
- Deben excluírse as facturas que van ser financiadas con cargo a un expediente de modificación de créditos xa aprobado inicialmente polo Pleno municipal.
- No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións Públicas (AP), desagregase o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste Plan á parte que financia o concello.

**DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL**

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1							
2							
3							
4							
5							
...							
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO II)</b>							

**DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL**

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1							
2							
3							
4							
5							
...							
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO VI)</b>							

RESUMO DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AOS CAPÍTULOS II E VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL	Importe (IVE incluído)		
	Concello	Outras AP	Total
Total facturas con provedores pendentes de pago (CAPÍTULO II)			
Total facturas con provedores pendentes de pago (CAPÍTULO VI)			
<b>T O T A L</b>			

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO IV**

**INFORME SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

(só cubrir os datos dos servizos aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan)

<b>SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)</b>
		<b>(A)</b>	<b>(B)</b>	<b>(A-B)</b>
Subministración de auga potable	- Persoal directamente			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Limpeza viaria	Persoal directamente			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Recollida domiciliar de lixo	Persoal directamente			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020  (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)  (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)  (A-B)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
(Outro servizo obrigatorio)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
(Outro servizo obrigatorio)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
<b>T O T A L</b>				

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”  
ANEXO V  
INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

#### **AUTORIZACIÓNS**

(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes.

Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

#### **SUPERVISIÓN TÉCNICA**

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 3.6 da citada norma.)

#### **FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)**

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

#### **LOTES (marcar o que proceda)**

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
  - Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
  - Outros motivos técnicos (especificar)

#### **ESTUDO XEOTÉCNICO**

(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).



**APTITUDE URBANÍSTICA**

(Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución)

**COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO**

(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

**OUTRAS CUESTIÓNS**

( Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO VI**

**INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado, subscribindo cada un dos asinantes unicamente as súas declaracións:

**INFORME TÉCNICO**

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

**INFORME XURÍDICO**

(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO VII**

**MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA  
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO**

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

**1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS**

*- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)*

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

## 2.- PROYECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

*(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)*

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

*“Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros”*

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

*“Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil.”*

	2020	2021	2022	.....	Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN  
ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO VIII**

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN ESPECÍFICO DE CADA  
INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO**

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

**1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCÍONS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA**

Breve análise da Memoria específica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

**2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE**

*(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)*

- Competencia municipal
- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria
- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos
- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)
- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación
- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

**Conclusión:**

O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

ANEXO IX

**CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020"**

D. / Dna.

secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

De acordo co disposto no na Base 5.B.3.4 das Reguladoras do Plan, **CERTIFICA** :

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día \_\_\_/\_\_\_/201\_\_\_, ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllese algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

-A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico

-O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

- (...)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de dous mil \_\_\_\_\_.

V. pr.  
A Alcaldía

<b>PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020" ANEXO X INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO CICLO DA AUGA</b>	
<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO</b>	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”  
ANEXO XI**

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O  
CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS E SOBRE O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO  
DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS**

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	

### 1.- CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

De acordo co esixido na Base 5.B.4.1 das reguladoras do Plan, e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, emítense o seguinte informe:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación
- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, e excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia

### 2.- NIVEL DE ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

A- Volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo a 31 de decembro de 2018 (1)	
B- Ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior	
(A / B) - Nivel de endebedamento a longo prazo do concello con entidades financeiras (2)	

(1) Non se computarán para estes efectos a débeda con esta deputación a través de Plans provinciais de préstamo, nin as cantidades xa amortizadas polo concello.

(2) O nivel de endebedamento debe expresarse mediante unha porcentaxe con dous decimais.



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”  
ANEXO XII  
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS  
DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR**

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	

De acordo co esixido na base 5.B.4.2 das reguladoras do Plan, emíttese este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

(Deberá cubrirse unha táboa por cada préstamo, pero debe presentarse un único documento Anexo XII que englobe todas as táboas e subirse na Convocatoria POS+Amortización)

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente do préstamo	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Este préstamo está relacionado co mecanismo de pago a provedores (Base 4.1 final) ( SI / NON )	
Outros datos	

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO XIII**

**INFORME XUSTIFICATIVO DO PAGO A PROVEDORES CON CARGO AO POS+ 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA DO INFORME</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 9.1 das reguladoras do Plan, emítase informe xustificativo dos pagos realizados das facturas con provedores que figuraban no Anexo III –b) da solicitude, pagadas con cargo ao financiamento do POS+ 2020, cuxa relación é a seguinte:

**DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL**

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO II)</b>								

DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL								
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO VI)</b>								

RESUMO DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AOS CAPÍTULOS II E VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL	Importe (IVE incluído)		
	Concello	Outras AP	Total
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO II)			
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO VI)			
<b>TOTAL</b>			

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2020”**

**ANEXO XIV**

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO  
XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES REALIZADOS NO 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 9.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

<b>SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PAGOS REALIZADOS 2020 (A)</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)</b>	<b>GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B)  (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)</b>
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS 2020 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
(Outro servizo obrigatorio)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
(Outro servizo obrigatorio)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	<b>SUBTOTAL</b>			
<b>T O T A L</b>				

**13.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase" do Concello de Ames incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015 co código 2015.3111.0501.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver que mediante Resolución da presidencia nº 38964/2017 do 1 de decembro de 2017 aprobouse o Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, no que se incluíron investimentos previstos no Plan complementario ao PAS 2015, aprobado por acordo plenario do 29 de xuño de 2016 no marco das súas Bases reguladoras aprobadas por acordo plenario desta deputación de 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 196 do 14 de outubro de 2015

Logo de ver que entre os investimentos incluídos no PAS Adicional 1/2015 inclúese a obra do Concello de Ames denominada "Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase" co código 2015.3111.0501.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado da dita obra, sen variación do seu orzamento, pero que introduce modificacións nas actuacións e nas súas partidas internas, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente e a conformidade do contratista adxudicatario da obra.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada "Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, co código 2015.3111.0501.0, que foi aprobado por Resolución 38964/2017 do 1 de decembro de 2017, que non supón unha variación económica do seu orzamento, nin varía o seu obxecto e finalidade pero presenta cambios nas actuacións a executar e nas súas partidas internas.

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
Ames	2015.3111.0501.0	Accesibilidade universal en edificios públicos 2ª fase	104.102,84	23.897,16	128.000,00

2.- Na partida 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra

3.- Comunicarlle ao concello de Ames a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e efectos oportunos."

**14.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma viales en Sobreira, Gárdoma, Aquelavila, a Igrexa, Ponte Boado, Casa do Monte e Fontao," do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 19.2000.0118.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver que no Anexo VI a este acordo figura a listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ 2019, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Boimorto denominada "Reforma viales en Sobreira, Gárdoma, Aquelavila, a Igrexa, Ponte Boado, Casa do Monte e Fontao", co código 19.2000.0118.0

Logo de presentar o Concello de Boimorto un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, xunto cos informes técnicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña  
ACORDA

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Boimorto denominada "Reforma viales en Sobreira, Gárdoma, Aquelavila, a Igrexa, Ponte Boado, Casa do Monte e Fontao", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 19.2000.0118.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, cun orzamento de contrata de 146.989,21€, que non representa variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, aínda que supón modificacións en dúas das actuacións recollidas, concretamente no lugar de Aquelavila e no lugar de Igrexa, para evitar o solapamento de actuacións cunha obra posteriormente presentada ao POS+ Adicional 1/2019.

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Boimorto para os efectos oportunos."

**15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na Pontella, do Cruce de Buxantes á estación de bombeo", do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0736.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cee do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento na Pontella, do Cruce de Buxantes á

estación de bombeo”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0736.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 23 de marzo de 2018 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, e co acordo plenario do 8 de xuño de 2017, aprobou a segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2017, no que se inclúe este investimento que xa está adxudicado e totalmente pendente de certificar

Logo da acta de comprobación da implantación negativa, asinada o 4 de xuño de 2019 polo representante do concello, a dirección da obra e o representante da empresa adxudicataria, na que se constata que as características xeométricas do proxecto non se corresponden coa obra a realizar

Logo de que o concello procedera a baleirar e limpar o colector e o pozo de bombeo, para constatar o estado real dos mesmos, observándose que as comprobacións do topógrafo eran erróneas debido ao estado de colmatación de sólidos e a inundación que presentaba cando se realizaron, e que no pozo de bombeo había gran cantidade de residuos susceptibles de ocasionar atascos nos impulsores das bombas de augas residuais

Logo de que o director da obra emitira o 14 de agosto de 2019 un informe favorable no que xustifica a proposta da instalación de bombas trituradoras en vez das inicialmente proxectadas, cun cadro eléctrico novo, para dar solución a estas circunstancias que non se puideron coñecer con anterioridade á licitación do contrato por estar o pozo saturado de desfeitos, as bombas sen funcionar e a rede anegada, e de autorizar o inicio das obras

Logo de aprobar o Concello de Cee, previo o correspondente informe favorable da secretaría e intervención municipais, un proxecto modificado deste investimento, coa conformidade da empresa adxudicataria, para reflectir estes cambios sen variación do seu orzamento total

Tendo en conta que este proxecto modificado require da mesma autorización que o proxecto inicial (Axencia Galega de Infraestruturas) e que logo da segunda acta de comprobación de implantación negativa, do 19 de agosto de 2019, motivada pola caducidade da autorización que fora outorgada por este organismo o 2 de maio de 2017, xa consta no expediente a nova autorización para a execución da obra emitida o 21 de agosto de 2019

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 26 de setembro de 2019

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ Adicional 1/2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA: Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento na Pontella, do Cruce de Buxantes á estación de bombeo”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de



concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0736.0, que foi aprobada mediante acordo do Pleno provincial do 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, cos datos que se indican, sen variación do seu orzamento total, que se aprobou polo concello coa conformidade da empresa adxudicataria para substituír as bombas inicialmente previstas por outras trituradoras de maior calidade, máis duradeiras e que requiren dun menor mantemento que as previstas no proxecto inicial:

		<b>Contrata</b>	<b>Adxudicación</b>	<b>Baixa</b>
<b>Saneamento na Pontella, do Cruce de Buxantes á estación de bombeo Concello de Cee</b> <b>Código: 2017.2001.0736.0</b>	Deputación	48.468,54	48.468,54	0,00
	Concello	4.335,47	3.340,34	995,13
	Total	52.804,01	51.808,88	995,13

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/1604/76201 do vixente orzamento provincial."

**16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de equipamentos e espazos libres públicos na Picota e en San Cosme", do Concello de Mazaricos, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0749.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Mazaricos do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de equipamentos e espazos libres públicos na Picota e en San Cosme", incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0749.0, no que se acreditan os seguintes

**ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 23 de marzo de 2018 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, e co acordo plenario do 8 de xuño de 2017, aprobou a segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2017, no que se inclúe este investimento que xa está adxudicado e totalmente pendente de certificar

Logo de que a dirección da obra emitira o 23 de xullo de 2019 un informe, no que xustifica a necesidade de modificación do proxecto para dar solución a circunstancias que non se puideron coñecer con anterioridade á licitación do contrato, consistentes en esixencias da Unidade Técnica da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e en axustes técnicos relativos a aspectos construtivos que xurdiron no desenvolvemento das obras, que implican a

necesidade de levar a cabo modificacións das unidades de obra previstas no proxecto inicial

Logo de aprobar o Concello de Mazaricos un proxecto modificado deste investimento para reflectir estes cambios sen variación do seu orzamento total, previo o correspondente informe favorable da secretaría municipal e a audiencia ao representante da empresa adxudicataria, sen que formulara oposición algunha á proposta de modificación

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 26 de setembro de 2019

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017 (aplicables ao POS+Adicional 1/2017), aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de equipamentos e espazos libres públicos na Picota e en San Cosme", do Concello de Mazaricos, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0749.0, que foi aprobada mediante acordo do Pleno provincial do 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, cos datos que se indican, sen variación do seu orzamento total, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e previa audiencia ao representante da empresa adxudicataria, para dar solución ás esixencias da Unidade Técnica da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e para realizar os axustes técnicos relativos a aspectos construtivos que xurdiron no desenvolvemento das obras:

		<b>Contrata</b>	<b>Adxudicación</b>	<b>Baixa</b>
<b>Acondicionamento e espazos libres na Picota e S. Cosme Concello de Mazaricos Código: 2017.2001.0749.0</b>	Deputación	44.994,21	40.494,79	4.499,42
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	44.994,21	40.494,79	4.499,42

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/93394/76201 do vixente orzamento provincial."

**17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e adaptación do parque infantil de Bañobre", do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0752.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Miño do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e adaptación do parque infantil de Bañobre", incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0752.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 23 de marzo de 2018 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, e co acordo plenario do 8 de xuño de 2017, aprobou a segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2017, no que se inclúe este investimento que estaba financiado integramente por esta deputación e foi adxudicado polo concello con baixa de licitación

Logo de que a dirección da obra emitira o 13 de xuño de 2019 un informe, no que xustifica a necesidade de modificación do proxecto para aumentar unidades de obra (dous bancos e unha fonte), que a pesar de que xa estaban previstos no proxecto, non se incluíran nas medicións e nas valoracións das obra, así como para axustar as medicións do proxecto á medición real da obra

Logo de presentar o Concello de Miño un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento que é financiado integramente polo concello, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto, a conformidade do representante da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto inicial e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 26 de setembro de 2019

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017 (aplicables ao POS+Adicional 1/2017), aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e adaptación do parque infantil de Bañobre", do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0752.0, que foi aprobada mediante acordo do Pleno provincial do 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnico e xurídicos favorables, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto inicial, para incluír partidas no orzamento que estaban incluídas no proxecto (colocación de fonte e bancos) e de axustar as medicións de obra; e tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido

integramente polo concello de Miño tal e como se indica na seguinte táboa:

Reforma e adaptación do parque infantil de Bañobre Concello de Miño Código: 2017.2001.0752.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	57.617,96	42.592,53	57.617,96	42.592,53	0,00
Concello	0,00	0,00	4.959,29	3.666,02	3.666,02
<b>Total</b>	57.617,96	42.592,53	62.577,25	46.258,25	3.666,02

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/1714/76201 do vixente orzamento provincial."

**18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Asfaltado en Liñares, Castiñeira, ampliación de parking público e rede de saneamento en Grandal", do Concello de Vilarmaior, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0325.0**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Vilarmaior do proxecto modificado do investimento denominado "Asfaltado en Liñares, Castiñeira, ampliación de parking público e rede de saneamento en Grandal", do Concello de Vilarmaior, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0325.0, no que se acreditan os seguintes

**ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento que xa está adxudicado e totalmente pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Vilarmaior, previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, pero que supón con respecto deste un cambio do trazado da rede de saneamento inicialmente prevista, dado que o trazado do proxecto inicial esixía movementos de terras na proximidade das cimentacións dunha edificación auxiliar a unha vivenda que podía ver comprometida a súa estabilidade

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 25 de setembro de 2019

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Regulatoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña  
ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Asfaltado en Liñares, Castiñeira, ampliación de parking público e rede de saneamento en Grandal", do Concello de Vilarmaior, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0325.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, co código 2018.2000.0325.0, cos datos que se indican a continuación, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria, para cambiar o trazado da rede de saneamento inicialmente prevista, sen variar o seu orzamento total:

		Contrata	Adxudicación	Baixa
		<b>Asfaltado en Liñares, Castiñeira, ampliación de parking público e rede de saneamento en Grandal Concello de Vilarmaior Código: 2018.2000.0325.0</b>	Deputación	49.028,09
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	49.028,09	37.720,00	10.308,09

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial."

**19.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Acondicionamento de senda peonil de Oroso Pequeno ao Parque Fluvial do río Carboeiro"**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva.

A actividade subvencionada ao CONCELLO DE OROSO , relativa ao proxecto



“ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO” busca acondicionar un tramo de servizo ao Camiño Inglés, unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago O tramo obxecto deste proxecto, é utilizado polos peregrinos na entrada ao núcleo de Sigüeiro, non existindo como elemento de comunicación continuo e "delimitado", senón que os peregrinos camiñan pola borde da rúa ou estrada, nalgúns sitios ocupando parte da calzada por non existir espazo libre, cos problemas de seguridade que iso implica. O proxecto ten por obxecto acondicionar un tramo na entrada ao núcleo de Sigüeiro, dándolle un tratamento uniforme no seu percorrido.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE OROSO con CIF P1506100E, para financiar o" **ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO** " cun orzamento de 204.501,42 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 163.601,14 euros, o que supón porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/76201, onde existe crédito no exercicio 2019.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 2019/24475 de 16/07/2019, para a firma do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO"ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO"**

Na Coruña, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, Deputado de \_\_\_\_\_ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

E doutra parte D. \_\_\_\_\_, Alcalde Presidente do **Concello de OROSO**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación

destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de OROSO considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o **"ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO"**:

O Camiño Inglés é unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. As peregrinacións históricas que elixían este itinerario chegaban á costa galega a través de Ferrol e A Coruña, sendo o punto de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre.

O tramo obxecto deste proxecto, aínda que non é estrictamente parte do Camiño Inglés oficial pero serve como obra de servizo ao mesmo, encauzando o fluxo de peregrinos hacia o núcleo de Sigüeiro. Este tramo obxecto das obras non existe como elemento de comunicación continuo e "delimitado", senón que os peregrinos camiñan pola borde da rúa ou estrada, nalgúns sitios ocupando parte da calzada por non existir espazo libre, cos problemas de seguridade que iso implica.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO , motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de OROSO ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- O B X E C T O**

1- O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de OROSO, con CIF P1506100E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUENO AO PARQUE FLUVIAL DO RÍO CARBOEIRO,

2.- A Deputación achega ao expediente exemplar do proxecto, sendo os Servizos Técnicos da Deputación os autores da redacción do mesmo. A entidade beneficiaria achega aprobación do mesmo así como certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución das obras.

Demolicións e actuacións previas.....	4.568,62
Movimentos de terras.....	7.482,60
Firmes e pavimentos.....	95.495,98
Xardiñaría.....	7.034,63
Varios.....	24.307,19
Seguridade e saúde.....	1.373,22
Control de calidade.....	371,84
Xestión de residuos.....	1.390,66
<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL.....</b>	<b>142.024,74</b>
Gastos xerais 13%.....	18.463,22
Beneficio industrial 6%.....	8.521,48
Imposto sobre o valor engadido (21%).....	35.491,98

**Presuposto de execución por contrata 204.501,42**

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **163.601,14 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4322/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.





5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

#### **VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**



- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**

- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido

xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago



dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio iniciará a súa vixencia o día da súa sinatura e rematará o **30 de xuño do 2020**, prorrogable por causas xustificadas.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do 30 de maio de 2020**, deberá solicitar a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 30 de abril do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.



**Deputación  
DA CORUÑA**

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE OROSO**

**O DEPUTADO DE \_\_\_\_\_**

**Asdo.:\_**

**O SECRETARIO XERAL**

**DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo. \_\_\_\_\_**

**20.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2019.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de setembro de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

**21.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a agosto de 2019 e proxección a 31/12/2019.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de agosto de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**22.- Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 4/2019 de aprobación polo Pleno.**

#### INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, imos absternos porque, si é verdade que na Comisión se nos aclararon algunhas dúbidas en canto ás baixas, que non estaban especificadas con detalle no expediente, e logo porque volvemos ver, estamos falando do POS, estamos falando de que

todo cabe no POS, duns convenios de 187.000 euros, de 400.000 euros, de 150.000 euros para a Universidade de Santiago, para o Concello de Santiago, para a Universidade da Coruña, para o Concello da Coruña, en fin, quero dicir, de maneira bastante discrecional, por que se financia, -que nos parece ben se está xustificado, concretamente este non o cuestionamos-, o Centro Sociocultural do Ensanche de Santiago e non se financian outras cuestións que imos ver despois na moción que presentamos sobre instalacións deportivas, se todo cabe no POS?, que criterio se está adoptando para aprobar estes convenios? Son nominativas a dedo, de maneira discrecional.

Si é verdade que o convenio da Universidade de Santiago, programa de fomento, educación, investigación e actividades, está detallado, está cuantificado, o da Universidade da Coruña para nada, para nada, veremos cando se aprobe o convenio a xustificación do orzamento e do importe das actividades que se realizaron, pero sinceramente gustaríanos máis que se dedicase para actividades de investigación ou de formación, pero si é verdade que o convenio non se xustifica absolutamente en nada, dise que se realizaron unhas actividades culturais, pero non se especifica nin unha soa contía.

Y recordar, aproveitando que estamos a falar dunha parte do orzamento, dunha modificación do orzamento, que temos o orzamento de 2020, que habería que aprobar xa, falouse de aprobalo nun Pleno extraordinario en novembro, díxose que se estaban pechando uns números, pero polo que eu sei, o Sr. Formoso, presidente desta Deputación, vai a semana que vén ao Parlamento de Galicia a contarlles o orzamento. Gustaríanos que antes de presentalo no Parlamento de Galicia nos dea un borrador á oposición polo menos.

#### Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. En primeiro lugar darlle a benvinda a Manolo Taboada e, tal e como expliquei na Comisión e detallei as partidas deste expediente, de forma, é certo, que xenérica, pero creo que foron seis partidas bastante clarificadoras no sentido de que estivera o máis axustado posible, pero non hai ningún inconveniente, como xa lle dixemos tamén en poder afondar en calquera desas partidas, en concreto se estamos falando da Universidade da Coruña, se vostedes vén os expedientes que veñen de anos atrás poderá corroborar que a cantidade vai en torno aos 140.000 euros en cada Universidade ao longo de todos estes anos, ademais xa viña tamén unha contía que viña xa gobernando o Partido Popular.

En canto ás actuacións en Compostela, si que é certo que son unhas nominativas, que veñen xa de moitos anos e produto de convenios que había no seu momento co Concello de Compostela e tamén neste caso con Abanca, un convenio que vimos reiterando que, neste caso, Compostela o axeite e o adecúe, e estamos nesa liña. Non nos gustan, xa o dicían nas anteriores intervencións, as nominativas, pero estamos intentando a esas nominativas poñerlle, dentro de que vaian doutras formas, en concorrencia ou noutro tipo de programas, a proba está que tamén neste expediente vostede poderá comprobar que hai unha cantidade importante que vai a clubs deportivos, que vai a liñas para clubs deportivos, que antes viñan en nominativas. Pois nada, dicirlle que esa é a liña que nós imos seguir, que queda moito por facer, sen dúbida que queda moito por facer, que neste caso de Compostela haberá que axeitalo, pois por suposto que haberá que axeitalo co Concello de Santiago, pero estamos dando forma e fondo para non agraviar tampouco aos usuarios que hai neste caso dese centro do Ensanche.

E o resto das cantidades creo que xa se clarificou na propia Comisión e reitero, unha vez máis, que nunca tanta información houbo, tanto na plataforma, como nas Comisións, dos expedientes que se traen a Pleno, algo que no seu día simplemente viñan as cantidades. Moitas grazas.

#### Sra. Gallego Neira

Nunca tanta información houbo, primeiro, agora hai unha lei de transparencia que

obriga a dar toda a información, e ademais desde sempre a información ten que estar a disposición dos Grupos, se os Grupos non a piden, ou non a len, ou dálles igual, pois mire, cada un no seu momento terá que pedir a que considere. Nosoutros si lemos os expedientes.

Non estamos en contra dun convenio coa Universidade, nin de Coruña, nin de Santiago para nada, para nada, o que dicimos é que concretamente o da Coruña non está xustificada ningunha cantidade nin nada, e fala aquí de programación, de divulgación do coñecemento científico e só vemos exposicións, danza, tal, e non sabemos nin o que custou, todo realizado xa. Que veremos no seu momento, cando se traia o convenio, valoraremos sinxelamente, e gustaríanos máis que se dedicase o diñeiro para investigación, ou para outro tipo de actividades de formación, nada máis, pero non estamos en contra nin de que se subvencione a un concello ou a outro, dicimos que os convenios se fan de maneira discrecional, por moito que digan, decidiuse que a estes concellos, e a outros non se lles subvencionen outra serie de cuestións, como veremos agora coa moción das instalacións deportivas. Nada máis.

#### Sr. Leira Piñeiro

Eu en ningún momento dixen que estaban en contra, senón que intentei clarificar este punto, e reitérome, creo que teñen a documentación no seu poder, e tamén teñen aos servizos e a min mesmo á súa disposición para calquera consulta que queiran facer, así o reiteramos na Comisión, e así o reitero tamén no propio Pleno, e en canto aos orzamentos, si que o presidente vai o día 31, os orzamentos están xa, practicamente estamos nos últimos flocos, e para a semana poreime en contacto con vostedes para fixar un día e poder ter, polo menos, un avance, e a súa opinión, por suposto.

#### Sr. Presidente

Soamente comentar un par de cousiñas respecto disto. Aludía Rosa a nominativas que se están concedendo ou prevendo aquí neste modificativo de crédito, respecto dos centros do Ensanche de Santiago, que xa anunciou que estaba de acordo loxicamente con ese apoio, quero dicir que esta nominativa concreta leva vinte anos propoñéndose polas presidencias sucesivas da Deputación, vinte anos, desde unha proposta por Dositeo Rodríguez, se non recordo mal, que foi apoiada por unanimidade durante vinte anos, e traída a Pleno durante vinte anos por distintos presidentes da Deputación. Quero dicir que algo haberá para que non sexa tan sinxelo incorporalo no Plan único ou no POS anteriormente, algo pasará, é dicir, que non será tan doado.

E por outra parte, respecto das universidades, gustaríame aclarar unha cousa, efectivamente a todos nos gustaría que a Universidade da Coruña, de Santiago, investigara máis e tivera máis recursos para investigación, son universidades deficitarias, sobre todo a de Santiago respecto da Coruña, necesita cantidades inxentes para que a Universidade se converta nun centro de referencia de investigación aplicada que supoña un soporte ao tecido empresarial de Galicia para non quedar atrás nos indicadores avanzados que neste mundo tecnolóxico e dixital requirimos.

Evidentemente, a Deputación da Coruña non vai solucionar ese gran buraco económico que teñen as universidades, ten que ser a Universidade e a propia Xunta de Galicia, Consellería de Educación que ten esas competencias, e o propio Ministerio de política científica, que tamén as ten, non se vai resolver isto desde a Deputación.

En calquera caso, para a tranquilidade de todos e de todas, a xustificación destas actividades que leva a cabo a Universidade da Coruña, coas que tamén está de acordo Rosa, e quero que quede claro que non hai nese sentido ningunha dúbida, evidentemente nós apoiamos a Universidade nos conceptos que nos pide a Universidade, a veces financiamos proxectos de investigación, acabamos de aprobar no punto 8 ou 9 un proxecto de investigación que se chama cátedra de Administración local, e levamos dous anos financiando un proxecto que é increíble que teña que ser a Deputación da Coruña quen o financie, como é a



investigación para a erradicación e control da vespa velutina, a raíz dunha moción que presentou o deputado Gelo.

Polo tanto, nas nosas humildes posibilidades orzamentarias, apostamos por apoiar as universidades galegas da provincia da Coruña, evidentemente, e en calquera caso no ámbito que nos piden. Algunha das actividades que enumeraba Rosa tamén son importantes, ou así considera a universidade se nos formula esa solicitude. É unha confianza insterinstitutional que, loxicamente, se vén mantendo ao longo dos anos e que, seguírase mantendo con esta Corporación provincial.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

### ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2019 de competencia do Pleno que se tramita dentro del vixente orzamento xeral por un importe 12.972.042,23 euros e que ofrece o seguinte resumo:

#### A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

##### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 105.035,20

SC. Suplementos de crédito: 12.867.007,03

**Total aumentos: 12.972.042,23**

##### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 12.154.132,43

Baixas por anulación: 817.909,80

**Total financiamento: 12.972.042,23**

#### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

##### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

##### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	115.953,73	0,00	1. Impostos directos	0,00
2. Gastos correntes	164.482,50	580.000,00	2. Impostos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. correntes	2.812.095,40	74.114,37	4. Transferencias correntes	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Investimentos	650.000,00	0,00	6. Enaxenación	0,00

reais			investimentos reais	
7. Trans. de capital	9.229.510,60	163.795,43	7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	12.154.132,43
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>12.972.042,23</b>	<b>817.909,80</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>12.154.132,43</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos

20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2019 exceden do límite establecido na regra de gasto no Plan económico-financieiro 2018-2019 deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financieiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

7.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións nominativas, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará trámite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar."

### **23.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS: artigo 5, coa seguinte redacción:

#### **ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS TRIBUTARIOS**

##### **Artigo 5.- Base imponible.**

A base imponible estará constituída polos seguintes conceptos:

1) A recadación líquida obtida en período voluntario durante o exercicio que se vai liquidar; entendendo como tal o resultado de diminuír, dos ingresos brutos recadados, o importe das devolucións de ingresos indebidos formalizadas, acordadas durante o exercicio.

A efectos da cuantificación da cota tributaria prevista no artigo 6 a), para a determinación do importe dos ingresos brutos recadados fíxase un importe máximo de 60.000,00 euros por cada recibo, liquidación ou autoliquidación.

2) O importe das recargas do período executivo recadados no exercicio.

2.- O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

3.- Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo."

**ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN**

**I.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa á xunta de portavoces da Deputación Provincial da Coruña**

O regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña recolle no seu artigo 28 o seguinte texto que reproducimos de xeito literal:

**Artigo 28**

1. A Xunta de Portavoces está constituída, baixo a presidencia do/a presidente/a da Deputación, por todas a persoas portavoces dos grupos políticos.
2. Son funcións da Xunta de Portavoces:
  - a) Acceder ás informacións que a Presidencia lle proporcione para difundila entre os membros do seu grupo.
  - b) Canalizar as peticións dos grupos en relación co seu funcionamento e coa súa participación nos debates corporativos.
  - c) Consensuar o réxime dos debates en sesións determinadas.
  - d) Cantas outras considerar oportuno atribuírle a Presidencia.
3. A Xunta de Portavoces terá sempre carácter deliberante.
4. A Xunta de Portavoces reunirse cando sexa convocada pola Presidencia do Pleno, por decisión propia ou tras a solicitude motivada dun terzo dos grupos provinciais que integran a corporación. Neste último caso, a Presidencia deberá convocala no prazo máximo de cinco días hábiles desde a solicitude e propor a orde do día.

Entendemos como necesaria a convocatoria da Xunta de Portavoces por ser este un órgano que facilita a todos os grupos os seguimento do Pleno e a orde no asuntos, ao ser o lugar onde se coñecen os textos presentados como moción e as emendas que destas podan derivarse.

Dito órgano funcionou no mandato anterior con réxime ordinario, sendo convocado 48 horas antes da celebración do Pleno.

Por todo isto, os grupos propoñentes solicitamos ao Pleno da Deputación da Coruña o seguinte ACORDO:

- Aplicación inmediata do artigo 28 en cada Pleno ordinario celebrado desde hoxe.

- Constitución da xunta de voceiros nos mesmos termos, e coa mesma frecuencia, coa que funcionaba no mandato anterior, é dicir, 48 horas antes de cada Pleno ordinario.

Sr. Lema Suárez

Bo día, presidente. O que propoñemos nesta moción vén sustentado no propio artigo 28 do Regulamento que rexe o funcionamento desta Corporación, no que se recolle a figura dunha Xunta de Portavoces que ten como finalidade a de, dalgunha maneira, non ordenar os asuntos que veñen a Pleno, que iso lle corresponde á Presidencia, senón dalgunha maneira coordinar e prever como vai ser o transcurso do Pleno. Creo que isto é necesario facelo non só por unha razón, se se quere, de hixiene democrática, senón tamén precisamente para poder prever como vai transcorrer o Pleno, que asuntos se van, efectivamente, debater, ou que outros se van retirar da orde do día se procede. Eu creo que esa necesidade dalgunha maneira de coñecer no posible como vai transcorrer o Pleno, eu creo que é algo manifesto, non o digo unicamente facendo referencia ao acontecido hoxe, senón tamén ao acontecido no anterior Pleno no que se retiraron dous puntos da orde do día do que, cando menos, este voceiro non tiña constancia.

E ao fío tamén disto, aínda que non ía incluído na moción, eu tamén quería solicitar así "in voce" que se permita aos voceiros dos Grupos provinciais que toque a enunciación da pregunta oral que se faga no Pleno, eu creo que tamén é algo que se viña facendo con anterioridade, que sexa o voceiro do Grupo provincial, el mesmo, quen expoña a pregunta oral no caso de que teña a necesidade ou a oportunidade de facelo.

Sr. Regueira Varela

Eu creo que despois dese primeiro esquecemento, por chamalo dalgunha maneira, de que non houbo unha Xunta de Portavoces, está claro que a situación xa se reconduciu, xa levamos dúas e na última ademais houbo un acordo tácito de que na semana previa ao Pleno os mércores ás dez e media, ordinariamente vai haber Xunta de Portavoces, haxa ou non haxa asuntos que tratar, que seguramente vai haber en todas elas.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa á xunta de portavoces da Deputación Provincial da Coruña"**

O regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña recolle no seu artigo 28 o seguinte texto que reproducimos de xeito literal:

Artigo 28

1. A Xunta de Portavoces está constituída, baixo a presidencia do/a presidente/a da Deputación, por todas a persoas portavoces dos grupos políticos.
2. Son funcións da Xunta de Portavoces:
  - a) Acceder ás informacións que a Presidencia lle proporcione para difundila entre os membros do seu grupo.
  - b) Canalizar as peticións dos grupos en relación co seu funcionamento e coa súa participación nos debates corporativos.
  - c) Consensuar o réxime dos debates en sesións determinadas.

d) Cantas outras considerar oportuno atribuírle a Presidencia.

3. A Xunta de Portavoces terá sempre carácter deliberante.

4. A Xunta de Portavoces reunirse cando sexa convocada pola Presidencia do Pleno, por decisión propia ou tras a solicitude motivada dun terzo dos grupos provinciais que integran a corporación. Neste último caso, a Presidencia deberá convocala no prazo máximo de cinco días hábiles desde a solicitude e propor a orde do día.

Entendemos como necesaria a convocatoria da Xunta de Portavoces por ser este un órgano que facilita a todos os grupos o seguimento do Pleno e a orde no asuntos, ao ser o lugar onde se coñecen os textos presentados como moción e as emendas que destas podan derivarse.

Dito órgano funcionou no mandato anterior con réxime ordinario, sendo convocado 48 horas antes da celebración do Pleno.

Por todo isto, os grupos propoñentes solicitamos ao Pleno da Deputación da Coruña o seguinte ACORDO:

- Aplicación inmediata do artigo 28 en cada Pleno ordinario celebrado desde hoxe.
- Constitución da xunta de voceiros nos mesmos termos, e coa mesma frecuencia, coa que funcionaba no mandato anterior, é dicir, 48 horas antes de cada Pleno ordinario."

#### **Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a creación dun novo parque comarcal de bombeiros para dar servizo á área metropolitana de Santiago de Compostela**

En abril de 2017, seis alcaldes da comarca de Compostela, os de Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra e Vedra, lle remitían unha comunicación á Deputación da Coruña na que denunciaban a deficiente cobertura que o Consorcio Provincial Contraincendios da provincia da Coruña lle prestaba a estes concellos, e solicitando a creación dun novo parque de bombeiros que atendera as súas necesidades.

Ata o día de hoxe, e dada a imposibilidade de comarcalizar o parque de bombeiros municipal de Santiago de Compostela, son os parques provinciais de bombeiros e Boiro e o de Santa Comba os que lle prestan servizo a estes concellos, un servizo que non pode máis que ser ineficiente dada a distancia entre estes dous parques e os concellos da comarca compostelá de referencia.

Ademais do antedito e a consecuencia do proceso acelerado de quecemento global, o risco de incendios aumenta ano tras ano e, por tanto, tamén a necesidade de dispoñer dun servizo contra incendios eficaz e de proximidade que lle dea cobertura.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno o seguinte ACORDO:

- 1.- A creación dun novo parque comarcal de bombeiros que lle dea servizo aos concellos da área metropolitana de Santiago de Compostela antes citados.
- 2.-A previsión de reserva de crédito nos orzamentos da Xunta e da Deputación da Coruña para o ano 2020 para a posta en marcha do devandito parque.
- 3.- A convocatoria dunha xuntanza cos alcaldes dos concellos citados, a Xunta e Galicia e a Deputación da Coruña para acordar os aspectos relativos á posta en marcha do parque provincial de bombeiros de Santiago de Compostela.

4.- O contido deste acordo será remitido á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento Galego.

Sr. Lema Suárez

En canto ao fondo do asunto hai que dicir que eu creo que toda a Corporación é consciente desta necesidade, así se expuxo tamén na Xunta de Portavoces na que se informou que se estaba traballando con vistas precisamente a ampliar os servizos que agora mesmo vén prestando o Consorcio, e que ademais está nun proceso de recuperación para o público dun servizo que antes estaba eu creo que, dalgunha maneira, prestándose de xeito desorganizado.

Hai un compromiso tamén adquirido de xeito persoal co deputado Blas García Piñeiro, antes do comezo desta sesión, polo cal se comprometía a no prazo de tres meses, no mes de febreiro, traer unha proposta para darlle cobertura no servizo contraincendios a estes seis concellos da área de Santiago, el mesmo é de Ames, polo tanto entendo que debe estar persoalmente interesado no tema, polo cal propoñemos deixalo sobre a mesa e que así se decida ata esa sesión, eu apelo a ese compromiso individual mantido hai escasamente media hora con este deputado, trato de ser unha persoa de palabra, aínda que teño que dicir que, por outros motivos acontecidos neste Pleno, realmente tal vez non tiña moitas ganas de retiralo, pero propoñemos a súa retirada, se así é aceptada polo resto do Pleno.

Apróbase por unanimidade a retirada da orde do día

### **III.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños para restablecer a normalidade dos traficos no cruce das estradas provincial DP 5803 e autonómica AC-12**

A vía provincial DP-5803 que comunica a avenida Rosalia de Castro e o alto da localidade de Perillo coa N-VI no cruzamento do Sol e Mar, con motivo das obras do colector de saneamento realizada pola Xunta de Galicia na avenida Che Guevara, desde Bastiagueiro á Ponte da Pasaxe, fixo necesario que, temporalmente, durante o transcurso das obras, cortásese o acceso desde a citada vía provincial hacia á localidade de Nos e outras direccións, permitindo só a circulación hacia á Ponte da Pasaxe co fin de regular a sobrecarga dos tráficoos nese punto. Dous anos despois desta actuación provisional e un ano despois da finalización das obras, por parte do Ministerio de Fomento segue impedíndose o acceso desde a vía provincial hacia Nos e outras localidades obrigando aos cidadáns, sen ningún tipo de xustificación, a desprazarse ata o concello da Coruña para poder conectar con diversos núcleos e localidades do municipio de Oleiros e outros. Os motivos do Ministerio para manter esta situación irregular baséanse en que se ían a levar a cabo as obras, previstas desde hai máis de doce anos, no citado cruzamento para axilizar o tráfico e garantir a seguridade de automobilistas e peóns, pero a pesar de figurar nos orzamentos do Estado durante os tres últimos anos a contratación das mesmas non se realizou.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno Provincial a aprobación dos seguintes:

#### **ACORDOS**

- 1.- Demandar que a Deputación Provincial reaperture os tráficoos que desde tempo inmemorial utilizáronse neste punto de conexión.
- 2.- Demandar do Ministerio de Fomento a recolocación dos semáforos que regulaban os accesos neste punto e que foron eliminados con motivo das obras.

Sr. García Seoane

Paso a ler a moción. A vía provincial DP-5803 que comunica a avenida Rosalia de Castro e o alto da localidade de Perillo coa N-VI no cruzamento con Sol y Mar, con motivo das obras do colector de saneamento realizada pola Xunta de Galicia na avenida Che Guevara, desde Bastiagueiro á Ponte da Pasaxe, fixo necesario que, temporalmente, durante o transcurso das obras, se cortase o acceso desde a citada vía provincial cara á localidade de Nós e outras direccións cara o norte do municipio, permitindo só a circulación cara á Ponte da Pasaxe co fin de regular a sobrecarga que naquel momento se metía dos tráfico nese punto. Hai que dicir que todas as estradas de Oleiros se metía o tráfico nese punto. Dous anos despois desta actuación provisional e un ano despois da finalización das obras por parte da Xunta, por parte do Ministerio de Fomento segue impedíndose o acceso desde a vía provincial cara Nós e outras localidades obrigando aos cidadáns, sen ningún tipo de xustificación, a desprazarse ata o concello da Coruña para poder conectar con diversos núcleos e localidades do municipio de Oleiros e outros, en concreto veciños de Perillo que están, Perillo ten dous quilómetros cadrados en conxunto a parroquia, teñen que desprazarse dous quilómetros afora para poder ir a súa casa cando a teñen en fronte ao outro lado da calzada. Os motivos do Ministerio para manter esta situación irregular baséanse en que ían levar a cabo as obras, previstas desde hai máis de doce anos, estamos falando do ano 2007, que xa se ía contratar por parte do Estado a obra da zona de Sol y Mar, a canalización e o soterramento do tráfico nesa zona e, por tanto, dicían que, como comentaba, que se ía contratar esta obra, pero a pesar de figurar nos orzamentos do Estado durante tres anos, durante os tres últimos anos a obra non se realizou. Isto é un atropelo total á comarca da Coruña, aos cidadáns que a diario circulan por aí, hai que recordar que a estrada da Ponte Pasaxe no nó da Ponte Pasaxe ten 90.000 vehículos, é a estrada con máis tránsito de toda Galicia. Non é como di Fomento, 60.000 na nacional VI, pero hai que engadir os 27.000 da estrada de Santa Cruz e case os 20.000 da estrada de Montrove. Por tanto, nese punto en concreto temos 90.000, ao parecer non lle interesa moito ao Goberno da nación solucionar un problema tan grave en tráfico como está aí, as colas son interminables para os que cruzan a diario por aí para ir traballar, comprar, estudar, etc., é horrible.

Por todo o exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno provincial a aprobación dos seguintes temas: demandar que a Deputación provincial, como dona da estrada que linda coa nacional VI, reabra o tráfico que desde tempo inmemorial se utilizaron neste punto de conexión. E segundo, demandar do Ministerio de Fomento a recolocación dos semáforos, porque a raíz desas obras se sacaron os semáforos ao desviar os tráfico, que regulaban os accesos neste punto e que foron eliminados con motivo das obras.

Esta é a proposta que se fai.

Sr. Fernández Piñeiro

Simplemente parécenos axeitada a moción, o único que no primeiro punto, mandar a Deputación provincial reabra o tráfico, en principio sabe, xa o temos comentado, que é unha xestión que temos que facer co Ministerio de Fomento, non podemos abrir sen telo falado previamente con eles pero, por tanto, si que hai o compromiso de sentarnos a falar co Ministerio e intentar reabrir, como di vostede, ao tráfico e evitar que ese tráfico pesado pase por Perillo e que poidamos continuar coa situación que tiñamos con anterioridade ao anuncio desa obra que, efectivamente está a xerar unha serie de problemáticas nesa zona.

Sra. Gallego Neira

Para o noso Grupo ten toda a razón o Sr. García Seoane. O que non se pode é parar unha obra que xa estaba presupostada, e proxectada e deixar todo empantanada. O único que



si que botamos de menos é que neses paneis que pon o Sr. García Seoane tan críticos moitas veces con outros, fáltanos o cómic do Sr. Sánchez pedíndolle que retire todo o que ten montado alí. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Os paneis son informativos, e son para denunciar os atropelos que hai contra o Concello de Oleiros e os cidadáns que atravesan o Concello de Oleiros. No seu momento púxose a cara de Rajoy, e no seu momento puxéronse outras caras, tamén se falou da ministra de quenda que hai cinco anos chegou a Perillo e dixo: "en Perilló, imos facer as obras da Ponte Pasaxe e as de Sol y Mar", teño que dicir en honor a esta persoa, a Sra. Ana Pastor, que si meteu nos orzamentos da nación catro millóns de euros, e que agora non se están realizando. Non hai ningunha desculpa para que o Goberno provisional, ou fixo, ou como se lle queira chamar faga a obra, agora os paneis porán sempre o que lle dea a gana ao alcalde de Oleiros para denunciar todos os atropelos que haxa contra o Concello de Oleiros, poñerlle as cores na cara e, por certo, anuncio que se isto non vai para adiante haberá unha grande concentración alí, pero non de persoas, eu non vou cortar o tráfico porque bastante sofren as persoas, pero ao mellor voume instalar alí a vivir durante un tempo nese cruce, por certo, xa lle pido agora o permiso a Deputación, para meterme nese cruce cunha tenda de campaña e estar alí o tempo que sexa necesario ata que se contrate a obra.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños para restablecer a normalidade dos traficos no cruce das estradas provincial DP 5803 e autonómica AC-12**

A vía provincial DP-5803 que comunica a avenida Rosalia de Castro e o alto da localidade de Perillo coa N-VI no cruzamento do Sol e Mar, con motivo das obras do colector de saneamento realizada pola Xunta de Galicia na avenida Che Guevara, desde Bastiagueiro á Ponte da Pasaxe, fixo necesario que, temporalmente, durante o transcurso das obras, cortácese o acceso desde a citada vía provincial hacia á localidade de Nos e outras direccións, permitindo só a circulación hacia á Ponte da Pasaxe co fin de regular a sobrecarga dos tráficoos nese punto. Dous anos despois desta actuación provisional e un ano despois da finalización das obras, por parte do Ministerio de Fomento segue impedíndose o acceso desde a vía provincial hacia Nos e outras localidades obrigando aos cidadáns, sen ningún tipo de xustificación, a desprazarse ata o concello da Coruña para poder conectar con diversos núcleos e localidades do municipio de Oleiros e outros. Os motivos do Ministerio para manter esta situación irregular baséanse en que se ían a levar a cabo as obras, previstas desde hai máis de doce anos, no citado cruzamento para axilizar o tráfico e garantir a seguridade de automobilistas e peóns, pero a pesar de figurar nos orzamentos do Estado durante os tres últimos anos a contratación das mesmas non se realizou.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno Provincial a aprobación dos seguintes:

**ACORDOS**

- 1.- Demandar que a Deputación Provincial reaperture os tráficoos que desde tempo inmemorial utilizáronse neste punto de conexión.
- 2.- Demandar do Ministerio de Fomento a recolocación dos semáforos que regulaban os accesos neste punto e que foron eliminados con motivo das obras."

**IV. Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar a aprobación dun Plan integral de reforma, adaptación, acondicionamento, reparación e mantemento continuado no tempo, da totalidade das instalacións deportivas dos municipios da provincia da Coruña.**

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

Este grupo provincial cree necesario que se aposte polo deporte como saúde e polo deporte nos nenos como algo máis que necesario, sen que teña que practicarse estando dentro dun determinado club deportivo, senón que poida ser tamén practicado dentro das actividades de entidades, asociacións xeneralistas, etc., sempre que a súa actividade estea así relacionada ou sexa unha forma de iniciar aos nenos nos deportes.

Por parte deste grupo, considérase que non só débese de apostar polos clubs deportivos que estean a actuar na terceira división, e como mostra diso as subvencións nominativas concedidas nos plenos de data 21/12/2018 a 5 Coruña Fútbol Sala (5.000€), de 1/03/2019 a Sociedade Deportiva Negreira (7.670,10€), de 29/03/2019 a Bergantiños FC (7.500€), senón tamén se ha de apoiar a niveis moito máis modestos, pero tamén importantes. É hora xa de que se axude e apóste por distintas entidades, asociacións de persoas, etc., que utilizan a diario todas esas infraestruturas municipais, ás que lles gusta practicar deporte e a actividade física para a saúde, ou para que os nenos introdúzanse no deporte e poidan realizalo con todas as facilidades. Por tanto apoiemos aos municipios da provincia a través dun Plan Integral de reforma, adaptación, acondicionamento, reparación e mantemento continuado no tempo, da totalidade das instalacións deportivas dos Municipios da Provincia da Coruña, co fin de achegar o deporte á cidadanía, contribuíndo á mellora da súa calidade de vida, e que sexa este un referente para a planificación na política de investimento provincial. Como administración supramunicipal debemos ter presenza real en toda a provincia, que ademais debería estar ao tanto e coñecer a súa realidade deportiva.

O obxectivo do plan é, como dicíamos, apoiar aos municipios da provincia na construción, modernización e mellora das instalacións deportivas públicas "para achegar o deporte á cidadanía, e contribuír á mellora da calidade de vida dos seus habitantes", atendendo entre outras, ás seguintes modalidades de colaboración:

- Modernización, remodelación e mellora de instalacións e outros aspectos de uso deportivo
- Construción de novas instalacións
- Colaboración económica para a construción de instalacións deportivas, cofinanciadas por outras administracións.
- Adquisición de equipamento deportivo para instalacións deportivas, espazos, etc..

En concreto, o que se persegue, é a mellora das infraestruturas deportivas, achegar o deporte aos noventa e tres municipios da provincia, xerar emprego, e fomentar a economía local.

**MOCIÓN:**

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

Que por parte desta Deputación Provincial, elabórese e poña en marcha un Plan Integral de reforma, adaptación, acondicionamento, reparación e mantemento continuado no tempo, da totalidade das instalacións deportivas dos Municipios da Provincia da Coruña, con dotación orzamentaria suficiente, e que este se realice seguindo os principios de publicidade e concorrencia, para que todos os Concellos poidan optar ao mesmo, en condicións de igualdade e atendendo ás súas necesidades, co obxecto de dar así, resposta á posibles deterioros das diferentes instalacións deportivas municipais dos Concellos solicitantes, co obxecto de que o seu estado sexa digno para a práctica do deporte.

Sr. Castrillón Permuy

Grazas, presidente, bos días a todas e a todos.

O Grupo Popular provincial presenta esta moción ao Pleno porque entendemos que sería unha boa opción que a Deputación Provincial da Coruña sacara un plan específico co obxectivo de mellorar e ampliar as instalacións deportivas nos concellos da provincia. Todos somos coñecedores da importancia que ten a práctica do deporte nas nenas, nos nenos, así como na sociedade en xeral. Asíciase a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como de valores e superación, de loita, de compartir, de respecto aos demais, de respecto ás normas, de crecemento persoal baseándose no esforzo, no perfeccionamento e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

Este grupo provincial cre necesario que se aposte polo deporte como saúde e en xeral como algo máis que necesario. Estamos de acordo en que se debe axudar aos clubs deportivos, ás asociacións deportivas, pero tamén será necesario que se axude e se aposte por distintas entidades, asociacións de persoas que utilizan a diario todas esas infraestruturas municipais, ás que lles gusta practicar deporte e a actividade física para a saúde, ou para que os nenas e as nenas se introduzan no deporte e poidan realizalo con todas as facilidades.

O obxectivo do plan é, como dicíamos, apoiar os municipios da provincia na construción, modernización e mellora de instalacións deportivas públicas para achegar o deporte á cidadanía, e contribuír á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

Que por parte desta Deputación provincial, se elabore e poña en marcha un Plan Integral de reforma, adaptación, acondicionamento, reparación e mantemento continuado no tempo, da totalidade das instalacións deportivas dos municipios da provincia da Coruña, con dotación orzamentaria suficiente, e que este se realice seguindo os principios de publicidade e concorrencia, para que todos os concellos poidan optar a el, en condicións de igualdade e atendendo ás súas necesidades, co obxecto de dar así, resposta a posibles deterioros das diferentes instalacións deportivas municipais dos concellos solicitantes, co obxecto de que o seu estado sexa digno para a práctica do deporte.

Sr. Regueira Varela

Falaba antes o Sr. Ben das ideas de plans, eu asegúrolle que podo vir para aquí, para a Deputación, con varias todos os días, iso seguro. Aquí temos peticións noutros Plenos dun plan de canceiras, un plan de desfibriladores, que naquel momento presentara o portavoz de Compostela Aberta, hai plans para todos os gustos. Hai unha teoría económica, hai un bolsa económica e desa bolsa económica que antes discutíamos que tiña que medrar para o POS, queremos sacar para facerlle fronte a outros plans. Pero hai datos curiosos neste debate con

esta moción, polo tanto, eu tamén estaba moi interesado en chegar a este punto da orde do día.

Viamos con certa sorpresa o carácter intervencionista do Partido Popular na economía no anterior Pleno co tema de Endesa, é dicir, un partido claramente liberal pedía a intervención do Estado. E agora mesmo eu oíndoo falar ao portavoz de Alternativa dos Veciños, que citou a Rúa Che Guevara, recordei aquela famosa frase do Che, "seamos realistas e hagamos lo imposible", multipliquemos os pans e os peixes, imos poñer máis diñeiro no POS e imos facer plans novos. A min simplemente gustárame unha cousa, porque eu estou disposto a que o meu Grupo o apoie, se o Partido Popular trae á Deputación da Coruña o apoio da metade dos concellos máis un, dicindo que, aínda que lle quitemos diñeiro ao POS, fagamos plans finalistas, eu estou disposto a valorala e incluso a apoiala, fíxese vostede, pero creo que iso non se vai dar.

En todo caso, falabamos do POS e dicíamos que era, que foi un importante, ou demostrouse, un importante instrumento para reducir a débeda das administracións locais. Os plans finalistas foron unha das causas maiores do endebedamento das administracións locais. Nesta provincia hai casos moi curiosos de concellos que teñen un ou dous campos de fútbol de herba artificial, e non teñen equipo de fútbol, e hai concellos que practicamente están desertos porque desgrazadamente teñen un problema demográfico e non hai nenos e nenas para facer actividade deportiva, teñen pavillóns polideportivos, piscinas descubertas, todo por facer plans finalistas que curiosamente coartan ou modifican a concorrencia de igualdade no reparto de fondos porque os concellos que non teñen certas necesidades en principio non deberían poder ir a eles, ou non deberían querer ir a eles, pero é que ademais teñen que cofinanciar. Polo tanto, é un problema porque obrigamos a cofinanciar e a endebedarse.

Pero fíxense vostedes, antes o Sr. Ben falaba dun plan e na moción tamén se expresa así, e recálcase moito, a igualdade, a concorrencia, a participación. Fíxese vostede, a administración que ten a competencia exclusiva no fomento do deporte e a actividade física, a Xunta de Galicia, voulles dicir canto diñeiro reparte e como reparte. No ano 2019, case catro millóns de euros para construción e mellora de instalacións deportivas, exercicio 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte curiosamente méteo nunha partida de consignación de convenios nominativos, é dicir, os catro millóns que utiliza a Xunta para mellorar as instalacións deportivas, fainas co criterio contrario ao que propón o Partido Popular para a Deputación, faino a través de convenios nominativos, ano 2019. Curiosamente desa partida só temos noticia de que só se asinou un convenio cun concello de 19.000 euros, case 20.000, 19.999, co Concello de Mos, pero fíxese vostede que a Xunta, nisto que vostedes nos piden a nós dun plan baremado, igual para todos, con concorrencia, a Xunta faino por convenios a dedo. No ano 2018 o mesmo, 2.833.043 euros para concellos a través de nominativas en convocatoria, aí accederon Viveiro, Oia, Vila de Cruces, Sarria, Santa Comba, Ribeira, Mos, Mondoñedo, Melide, Crecente, Expourense, Cortegada, Cerceda, Boquexión, Boimorto, Beariz, Baiona, Valdeorras e A Cañiza. Con isto que quero dicir?, para o ano 2020 figuran 3.219.000 tamén polo mesmo método, a través de convenios nominativos con concellos. Polo tanto, é curioso, é curioso que os esforzos que se lle piden a unha administración como dicía antes, de pouco máis de orzamento de 180 millóns de euros, que se lle pide incluso un esforzo a maiores na distribución de fondos a través dun plan, como é o POS, se lle pide un esforzo a maiores e meter máis diñeiro aí, ao mesmo tempo se lle está pedindo continuamente reducir contías para metelas en plans que as administracións que teñen as competencias non o fan, ou fano dunha maneira totalmente a dedo, é moi curioso, é unha cuestión dunha falta de coherencia absoluta.

Eu insisto, e aí vai a miña proposta, porque eu sei que case todos temos problemas de instalacións deportivas e seguramente non hai POS que sexa capaz de solucionar o que queremos facer nas instalacións deportivas, pero eu propóñolles o que lles dicía ao comezar esta intervención, se realmente os concellos da provincia da Coruña están dispostos a ver minorada a achega provincial a través do POS, e prefiren cambiar a subvencións finalistas, tráiaa, xa lle digo, este Grupo vai ser o primeiro que avalíe, se é a vontade das administracións

locais, terémolas que cumprir, pero eu dubido moito de que iso sexa así.

E curiosamente tamén gustárame resaltar unha cousa, púidoseme traspapelar algún dato, ou a mellor non fun consciente de todo o que se xustificou nestes anos, por volver á petición que se formulou no seu día dun plan de desfibriladores. Eu creo que non houbo un céntimo do POS que os concellos da provincia xustificaran con desfibriladores, pero ben, podían gastar todo o POS en desfibriladores, pero non o quixeron gastar, e tampouco teño ningún tipo de dato, tamén pode estar equivocado, de que os concellos da provincia asignaran POS a canceiras, que era un problemón, pero tampouco vin nunca que os concellos asignaran POS a canceiras.

Eu creo que, antes falaba vostede e falaba ben, Sr. Ben, de incluso aumentar a autonomía municipal, home, se a aumentamos por un lado, non a queiramos restrinxir polo outro, metamos canto máis diñeiro mellor no POS e se hai concellos que teñen a urxencia nas infraestruturas deportivas, que o gasten aí, porque eu vou recordar un dato. As axudas a infraestrutura deportiva, está o interventor na sala por se digo unha burrada, rógolle que me corrixa se é necesario, cando había aquí axudas finalistas, unha liña de concorrencia para concellos, tiñan un tope, un teito de 30.000 euros, pouco se podía facer de reformas nos pavillóns, nos campos de fútbol e nas piscinas con 30.000 euros. Ao meu concello, 32.000 habitantes, correspondíanlle 1.900, iso nas vacas gordas, pero normalmente, novecentos, mil e pico. Agora mesmo unha administración local que a través do POS, e incluso da liña de investimentos sostibles, reciban, por poñer un exemplo, 250.000 euros, 300.000, pódeo gastar todo se quere, se ten unha urxencia deportiva apremiante pódeo gastar todo.

Eu creo que se fixo un esforzo en avanzar na autonomía municipal enorme, e eu creo que non podemos defender as dúas liñas argumentais, incrementar POS e ter subvencións finalistas, é imposible, teñen que dicir vostedes se queren unha ou se queren a outra, pero as dúas ao mesmo tempo é imposible. Aprobar unha liña finalista significa, imperativamente, reducir o que estaría planificado no ano 2020 para incrementarllo ao POS, é curioso, iría en detrimento da concorrencia de todos os concellos da provincia, porque seguramente haberá concellos da provincia que non quixerían ir a unha liña de piscinas, de campos de fútbol porque ao mellor non o necesitarían, pero xa digo, é moi curioso que a administración competente, que ten once mil e pico millóns de euros, invista tres millóns escasamente, e encima en convenios nominativos e desa contía económica no ano 2019 só consuma 20.000, e que nos pidan a nós un esforzo grande, ao mesmo tempo que xa nos están pedindo máis esforzo tamén no propio POS, é moi curioso.

#### Sr. Lema Suárez

Nós non imos apoiar esta proposta de moción basicamente polos motivos que acaba de expoñer extensamente o deputado do BNG Regueira. Non pensamos que en si mesmas as subvencións finalistas sexan unha ferramenta que lamina a autonomía local, non creo que sexa sempre en todo caso, creo que ás veces tamén desde outras administracións superiores se pretende estimular necesidades que, ao mellor, dalgunha maneira desde administracións xerarquicamente inferiores non son tidas en conta, non diría que en si mesma unha subvención finalista supón unha laminación da autonomía local, pero si penso que este tipo de finalidade que se propón, ben pode estar recollida perfectamente neste Plan de obras e servizos que, recollendo tamén, ao fío do que acaba de dicir o deputado, nos gustaría ver incrementado na súa contía, e tamén dalgunha maneira saber cando, unha vez máis, interpelamos directamente, cando se podería poñer en marcha.

#### Sr. García Seoane

O espírito do escrito está ben, o que pasa é que está mal se analizamos un montón de temas. O primeiro plan que se fixo paréceme para instalacións deportivas a grande escala, e que moitos concellos de Galicia lograron ter unha instalación deportiva que non tiñan, foi con Lendoiro aquí, o Plan tremendo, que fora moi criticado, pero que realmente grazas a aquel

plan moitos puidemos facer instalacións deportivas necesarias, no caso de Oleiros unha piscina climatizada, hoxe temos catro piscinas climatizadas, con ximnasia a todo meter, como os ricos, porque Oleiros é un sitio, como din algúns, de xente que lle gusta vivir ben, máis ricos ou menos ricos. Por tanto, aquel plan estivo ben, o que pasa é que tivo tamén unha parte mala, tivo unha parte mala porque, como di o texto tamén aquí da moción do Partido Popular, a todos os concellos, non todos os concellos desgrazadamente necesitan instalacións deportivas como un campo de fútbol, como unha piscina, etc., etc. Naquela época fixéronse moitas piscinas no interior de Galicia, que estaban xustificadas porque non teñen praia, e era unha forma... pero que hoxe parecen estanques de auga en caso de incendios, cheas de mofo, augas verdes, etc., etc., non se utilizan, por que? porque non podía o concello de quenda manter unha instalación dese tipo aínda que era descuberta, as cubertas son máis caras, non podía un concello do interior, como pode ser Santiso onde era o pai da miña muller, e despois manter unha instalación como aquela, eu estiven co alcalde no seu día e dixo "Gelo, isto é aberrante, fíxose esta instalación" levoume a ver unha serie de cousas que eu quedei coa boca aberta, e tamén vin outras por aí adiante, por Galicia. Por tanto, hai que ser comedidos á hora de falar, non son iguais as necesidades duns concellos e outros, e non quere dicir que non lle haxa que dar igual a un concello ou a outro a oportunidade de ter unhas instalacións determinadas, adecuadas ao seu municipio, e o mantemento que pode facer desas instalacións, porque senón o pode facer pechemos a porta porque é tirar os cartos e iso xa se fixo lamentablemente en parte naquel plan que tiña un bo fin, pero que acabou, xa digo, en gran parte mal.

Non se pode vir á Deputación e pedir un plan para a totalidade das instalacións deportivas para todos os municipios, porque volvo dicilo, repítome no que acabo de manifestar agora, non hai necesidade en moitos casos, e ao mellor necesitan outras cousas, que ao mellor hai que incrementar o POS+ en moito máis diñeiro e que cada un decida, como xa se fai realmente, en que quere investir os cartos, pero non quere dicir que o tema deportivo haxa que deixalo de lado.

Entón, no Concello de Oleiros temos trinta e sete pistas polideportivas descubertas, temos dez cubertas, temos cinco pavillóns polideportivos, catro piscinas climatizadas e a nai que me pariu, temos a de deus, pero que temos?, nós temos un gasto tremendo de mantemento, un gasto tremendo de mantemento de instalacións deportivas, temos catro campos de fútbol con herba sintética, iso é un mantemento tremendo. Por tanto, ao mellor, non sei noutro momento, e se hai cartos na Deputación, dicir, sáqueo do POS+, coidado, porque as necesidades, xa digo, son distintas, pois ao mellor haberá que falar, sentarse os políticos desta Corporación, e ver se é interesante abrir unha vía, e mentres non haxa iso eu non vou votar agora para que se faga en todos sitios isto, si habería en cambio, e fago unha chamada de atención, si habería que mellorar a política que xa se mellorou, xa se mellorou tamén, pero fáltalle aínda moito camiño para chegar ao óptimo, habería que mellorar a política do programa de subvencións a entidades deportivas, porque iso son dos nosos municipios a alma, a alma e o motor da vida dos concellos.

Ás veces hai concellos que queren apoiar algún club, pero se o fan e invisten nun campo que é privado, están cometendo un delito, iso hai que ver como imos chegar a poder axudar a eses clubs, que están aí, ou ver a saída que se lle pode dar para que se melloren instalacións, se conserven, etc., porque se desaparecen esas instalacións, desaparece o pouco que teñen algún municipio para ter a xuventude entretida nunha actividade sa e deportiva.

Por tanto, si creo, e déixoo aí, que habería que analizar se hai que incrementar esa partida que hai aberta onde participan todos os clubs con máis diñeiro e que se sexa máis, que non se arrime a ascua á sardiña, que se reparta o diñeiro como hai que repartilo, non pode ser que cinco clubs pidan unha embarcación para remar, os cinco pidan unha embarcación para remar, e a uns lle deamos trinta puntos e a outros lle deamos dezasete, a uns lle deamos vinte e cinco, e a outros dezasete, non pode ser. E non vale o tema do argumento, moi ben por parte da funcionaria, que non teño nada que dicir, ben, son os

criterios que están establecidos así, non vale, non, é que vostedes, no caso digo de Mera, para comprar unha barca para as rapazas que queren remar en Mera, que están remando nunha lancha que compramos nós que non vale para nada, que non dan chegado nunca, e queren unha lancha de fibra, unha traíña de fibra, o que non pode ser, xa digo, é pechar as posibilidades dicindo "a ti douche sete, e a ti douche tres", cos mesmos criterios, eu pido que niso o analicemos e no futuro se mellore. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Tirando un pouco dos argumentos que fun escoitando e do que comentamos no punto no que falabamos precisamente, adiantándonos un pouco a este debate, dicía o Sr. Ben que se hai algunha ausencia de ideas, iranse achegando novas propostas, se o problema non é que non haxa ideas, ou que non haxa propostas, senón que desgrazadamente as propostas non veñen acompañadas de fondos por xeración espontánea, é dicir, o feito de que cremos aquí ou poñamos en marcha máis plans de investimentos non vai facer, por desgraza para todos e todas nós, que nas arcas da Deputación aparezan cartos de forma automática, máxica ou, como digo, por xeración espontánea. Polo tanto, se se crean novos plans de investimento, ou de colaboración cos concellos, hai que detraelos doutros sitios e se os detraemos do Plan único, efectivamente haberá menos fondos para investimentos xerais.

Eu penso que, como comentaba antes, hai un cambio evidente no seu Grupo en canto ás formas e ao fondo, en canto ás formas, perdón, ao fondo non, porque eu penso que hai aí un cambio de estratexia, isto é como en estratexia militar hai dúas formas de guerrear, a primeira é a confrontación directa, imos ao campo de batalla, loitamos nos distintos campos que poida haber, de forma directa, efectivamente, e despois estaba a forma de confrontación indirecta que entre outras cousas se baseaba, por exemplo, en someter a embargo a un dos países, a un dos contendentes, evitando que puideran chegar a recursos e así, polo tanto, ir minguando a súa capacidade, que é un pouco a estratexia que estamos vendo agora no Partido Popular, é dicir, non atacamos xa o Plan único directamente cunha confrontación directa porque xa a propia realidade encargouse de amosar que estabamos como mínimo equivocados, xa non vou dicir mentindo, pero como mínimo equivocados, porque todos aqueles argumentos que utilizabamos contra este Plan non eran verdade, entón tendo en conta que, claro, un ano, dous, tres, catro, o primeiro ano criticaban vostedes o Plan único, 90 millóns, o segundo criticaban o Plan único, 92 millóns, o terceiro criticaban o Plan único, 96 millóns, e o cuarto criticaban o Plan único, 100 millóns. Polo tanto, como digo, a realidade foi desmontando a súa argumentación. Polo tanto, agora a estratexia cal é?, pois imos propoñer plans que soan moi ben, que é dicir, "oe, cartos para os concellos para deportes", pero para que?, para ir minguando o Plan único pouco a pouco e volver á situación que tiñamos inicialmente cando gobernaban vostedes nesta Deputación, que era un POS raquíto comparado con este Plan, e despois benvidos á senda das non nominativas, nominativas. Porque na última etapa de Goberno do Partido Popular entre o ano, do 01.01.2012 ao 30.06.2015, repartiron vostedes en subvencións nominativas, a dedo, como dicía a Sra. voceira do Partido Popular, 39.085.000 euros. Do 30.06.2015 ao 31.12.2018, que foron as nominativas que repartiu este Goberno, repartíronse 21,1 millóns, polo tanto, 18 millóns de euros menos a dedo, e con criterios discrecionais, como di vostede, que cando gobernabamos esta institución. Polo tanto, agradecemos que o Partido Popular abandone esa estratexia, pero esperemos que a abandone tamén se algún día se volve gobernar esta Deputación, porque claro somos moi dados a esixir aquilo co que non estamos de acordo cando non gobernamos nós, cando gobernamos nós xa sabemos o que pasa. Podemos falar se queren vostedes do Plan DTC, que pervertía cal é o espírito dunha Deputación favorecendo ás grandes cidades en contra, ou en detrimento dos concellos pequenos. Polo tanto, se tiramos da historia, penso que temos argumentos de sobra para desmontar os que son a súa argumentación actual. E sobre esta cuestión repito o que dixemos na Xunta de Portavoces, o Plan único, a grandeza do Plan único é que pon os fondos de forma, con criterios obxectivos, como ben falabamos antes, sen ningún tipo de criterio político, nas mans dos concellos, e eles en base ás necesidades que teñan deciden onde investilos. Durante os tres anos, catro anos, que levamos co POS+ financiáronse 75 obras en instalacións deportivas por distintos concellos,

cun importe total de 10.900.000 euros, ben, pois eses concellos entenderon que entre as súas prioridades e necesidades estaba investir fondos neses centros deportivos, nesas instalacións deportivas. Outros concellos poden non ter esa necesidade, comentábo antes, eu teño unha instalación deportiva recentemente arranxada, igual non necesito fondos para iso, pero pódoo necesitar para o saneamento ou para o abastecemento de auga, ou para un auditorio, etc., etc, para outro tipo de infraestrutura que non sexa deportiva, por qué me obrigan vostedes a pedir para unha infraestrutura deportiva, ou non pedir, cando é moito máis sinxelo que me dean os cartos e eu decida, en base á autonomía local, en qué quero gastalos en base ás necesidades do meu concello?, non ten ningún sentido. Isto é como propoñer que circulemos en carro cando xa vamos en avión, é unha volta ao pasado que non achega absolutamente nada, ademais de que chama a atención de que vostedes nalgúns plenos se queixen da inmensa burocracia que temos, e non obstante agora propoñen outro plan que incrementaría máis a burocracia e, polo tanto, tamén implicaría máis tempo por parte destes departamentos, máis tempo dedicado por parte dos concellos, etc., etc. Entón, en que quedamos?, non podemos defender unha cousa e a contraria.

Se queren un plan de deportes detraemos fondos do Plan único, que eu penso que no fondo é o que queren vostedes, se os quitamos das nominativas, se creamos un plan á parte, haberá que estudalo en tal caso pero seguiremos xerando burocracia, como vostedes din. Polo tanto, este Goberno aposta, como se dixo en moitas ocasións, por ir incrementando ese Plan único para que cada vez os concellos poidan dispoñer de máis fondos para gastalo naquilo que necesiten, e convídoos a vostedes a que fagan esa mesma proposta noutras administracións onde gobernan, porque na Xunta de Galicia, desgrazadamente os concellos padecemos que o reparto de fondos non é como vostedes comentan aquí, non se fai con estes criterios, porque o Fondo de compensación todos sabemos o que nos dan e, por certo, cada vez nos quitan máis cartos do Fondo de compensación para financiar cuestións que tiña que financiar a Xunta, de feito a última proposta que se trasladou á Federación Galega de Municipios e Provincias e que están vostedes dispostos a financiar determinados servizos pero a custa de detraer fondos dese Plan. Así que trasládenlle vostedes a aquelas administracións gobernadas polo seu Partido que repartan os fondos con criterios obxectivos, como facemos aquí co Plan único, porque das subvencións que hai para deportes da Xunta de Galicia, todos sabemos onde caen e a quen, e sempre están do mesmo lado, que é unha cousa bastante curiosa.

Así que, como comprenderán, loxicamente, como lles dixen antes, penso que o exemplo é perfecto, non imos votar trasladarnos en carro, cando xa imos en avión. Moitas grazas.

Sr. Castrillón Permuy

Nós pedímolos para instalacións públicas, non para instalacións de clubs privados, iso está claro, creo que na moción está claro iso. E despois, si é certo que desde o POS pódense sacar fondos para isto, pero loxicamente calquera concello cun POS de 104.000 euros, ou de 106.000 euros, poucos recursos pode sacar para instalacións deportivas, e somos todos conscientes que concellos con poucos habitantes, ou máis reducidos, que teñen dificultades para facer o mantemento desas instalacións e, sobre todo, para despois ampliar e mellorar esas instalacións. Agora estamos nunha demanda importante de actividades deportivas e que se necesitan instalacións, e polo tanto cremos que é moi necesario que haxa un plan deste tipo, e despois que o plan terá que acordar, e os concellos que o soliciten terán que facer un compromiso de que van utilizar esas instalacións, non facer unha instalación para que estea sen ter actividade, loxicamente iso é o fundamental do Plan, e despois creo que o Plan tamén se podería sacar desde o PAI unha parte dese PAI que vaia para un plan deste tipo, que cremos que se pode facer e ademais que agora mesmo se necesita, porque vós vedes e sabedes claramente que se devolve do PAI, practicamente volve á Deputación unha maioría moi importante, porque os concellos non poden investir, non o poden utilizar, porque ao final estalles penalizando unha regra de gasto. Entón, nós cremos que en vez de traer convenios nominativos que ao final estannos prexudicando a todos, especialmente ao equipo de



Goberno, que ten que levantar uns reparos, creo que sería moito mellor que se fixera un plan deste tipo para que non tiveramos eses problemas ao final.

Eu creo que sería necesario, ao mellor hai que sentar, estudar e ver qué posibilidades hai e en que determinacións se pode sacar ese plan, pero loxicamente hai unha demanda nese sentido, e todos sabemos que o POS vai encamiñado a outro tipo de obras, é dicir, que concello medio-pequeno non ten unha necesidade dunha rede de sumidoiros, ou dun abastecemento, ou dun alumeadado público, pois loxicamente o primeiro investimento vai destinado a iso, entón estamos minguando as posibilidades de facer e de mellorar unhas instalacións deportivas porque non lles quedan fondos para podelos utilizar. Iso é un pouco do que vai a moción esta.

Sr. Fernández Piñeiro

Fixen agora un cálculo rápido, comentabas Germán que un concello con 140.000 euros de POS pouco pode facer, pois 140.000 euros multiplicado por 93 concellos son 13 millóns de euros, para pouco facer. Polo tanto, para poder facer algo teríamos que dotar a partida como mínimo cuns 30 millóns, e a ver onde os sacamos, porque en nominativas non gastamos 30, é dicir, en nominativas ao ano estamos durante a etapa do Goberno anterior, tres millóns, catro millóns, en nominativas, polo tanto, imos poñernos no exemplo que din vostedes que eliminamos todas as nominativas, tres, catro millóns de euros para ese plan de deportes, ben, pois os concellos recibirían, no mellor dos casos, 50.000 euros, se 140 nos parecen pouco, para canto máis, 40.000. Claro, é que a proposta penso que non está moi ben pensada desde o punto de vista económico porque din vostedes, unha proposta que, si, si, moi ben, imos facer un campo de fútbol de 300.000, imos multiplicalo por todos os concellos que hai, ou propoñen vostedes, entendo que se cento corenta lles parece pouco, que nos poñamos nunha media de douscentos, douscentos e pico, a cantos cartos nos imos, de onde os sacamos, porque cinco millóns de nominativas, xa digo, para cento corenta mil por concello ímonos a trece millóns, e é pouco, vaiámonos a douscentos e pico, ímonos poñer en dezaioito millóns de euros, a ver onde os sacamos porque en nominativas son cinco, pois os trece millóns restantes, de onde van?, do capítulo de persoal, de benestar social, de vías e obras, ou do Plan único?. Pois ese é o problema, que ao final do que se trata é de ir minguando o plan único pouco a pouco para volver á situación do carro. Repito, mantémonos na do avión, grazas.

Sr. Castrillón Permuy

Aquí non nos referimos a que todos os concellos vaian solicitar un campo de fútbol, pero tamén sabemos que os concellos que o teñen, que o mantemento é moi caro, e que pasa a caducidade do céspede que teñen artificial, e necesitan repoñelo, e despois se poñemos os catro ou cinco millóns que di vostede, e poñemos outros catro ou cinco do PAI, estamos nos dez millóns ou once millóns. E creo que o importante disto é iniciar un camiño e despois facer un plan que sexa necesario e que os concellos xustifiquen que esas instalacións que solicitan, que realmente as van poñer en uso e que as van utilizar, pero iso sería o ideal, entón eu creo que temos marxe para poder facer, e para iniciar ese camiño, que ao mellor non podemos chegar agora a dezaioito millóns, pero si podemos chegar a dez ou doce millóns de euros, que serían moi importantes, e se poderían facer moitas melloras en instalacións e mantemento de instalacións, e aquel concello que necesite unha instalación nova, pois que solicite a instalación nova, e que xustifique que esa instalación vai ter uso e vai funcionar, eu creo que sería o camiño ideal.

Sr. Regueira Varela

É que hai un problema técnico, eu non sei se é que non nos explicamos ben, se non coñecemos suficientemente as normas ás que nos temos que ater, o PAI non se pode utilizar para iso, non podemos calcular o PAI para iso, de que estamos falando? E como se dicimos que traemos unha máquina para fabricar cartos e o que fabricamos o metemos aí, o PAI non

está para iso, esa é unha hipótese que non se pode barallar, non é posible utilizar o PAI, só é posible restarlle ao POS, non hai outra fórmula.

E as nominativas, xa digo, acaba de dicilo o voceiro do PSOE, están na mínima expresión, tres millóns, catro millóns, cinco millóns de euros de nominativas, dan para o que dan distribuídas entre os 93 concellos da provincia. Pero quero recordar unha cousa, cando falamos das nominativas alegremente témonos que dar conta do que significan as nominativas, un millón e medio de euros vai para o Consorcio da Música, estamos dispostos a eliminala?, podemos empezar nominativa por nominativa. Estamos dispostos a asumir que non lle temos que dar diñeiro tampouco ás universidades?, porque falar alegremente de quitar de aquí e poñer de alá, e xa digo, o do PAI é un discurso totalmente trucado porque non serve para esta cuestión. E logo hai unha cousa moi curiosa, fíxese vostede, eu insisto que a administración que ten 11.000 millóns, que deixou sen gastar nesta anualidade 7.000, deixou sen gastar 7.000 do seu orzamento, a esa non lle piden contas, e pídenlle contas a unha administración pobre, así con todas as letras, como é esta, de pouco máis de 180 millóns de euros, que ten que distribuílo entre 93 concellos da provincia.

Pero dígolles algo máis, o Fondo de cooperación da Xunta de Galicia o ano pasado, cando anunciou o proxecto de orzamentos da Xunta para o 2019 trasladoulle a boa nova aos concellos de toda Galicia, que era que ían distribuír nada máis e nada menos que a inxente cantidade de fondos de 124 millóns de euros, con 11.000 de presuposto. Na Deputación da Coruña distribuímos arredor dos 100 millóns entre 93 concellos, e encima aínda nos temos que facer cargo de maiores investimentos en instalacións deportivas cando estamos dando ese nivel de solvencia económica aos concellos?, eu creo que non.

E logo pasa unha cousa moi curiosa, fíxese, na Xunta de portavoces facía unha referencia a ela porque vaimos dicir vostede que, efectivamente, no seu concello tamén. As instalacións educativas dos colexios da provincia estannos significando á maioría dos concellos, polo menos ao meu así é, unha enorme cantidade de recursos en mantementos, as instalacións deportivas seguro, estamos continuamente no Concello amañando desperfectos e remodelando e facendo obras nas instalacións deportivas de carácter educativo, nin iso paga a Xunta de Galicia, pagámolas os concellos. Eu pódolle asegurar que o meu concello mete esas obras nos POS, méteas nos POS, e estou seguro que todos os concellos tamén, polo tanto, eu creo que podemos debater do que sexa, pero aquí está clara unha cousa, máis plans, menos POS. E a min gustaríame recordar un dato que non é menor, e que ademais é un dato que nos afecta a nós, salvo no DTC, que moi ben comentaba o portavoz do PSOE, que aquí o Partido Popular inventou un plan ao revés, de darlle máis diñeiro a máis habitantes e quitarlle diñeiro aos de menos habitantes, a maioría dos plans históricos da Deputación están vinculados cos concellos de menos de 20.000 habitantes. Entón, se se fai un plan novo, finalista, o normal é que se fixera para aqueles concellos que tiveran menos recursos, os de menos de 20.000, xa nos estaríamos cargando unha boa contía económica, un bo cacho do pastel do POS, xa llo estaríamos restando aos concellos de máis de 20.000, non sei se estarían moi de acordo.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

### **V.Moción do Grupo Provincial Popular de apoio e recoñecemento da labor que realizan as forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña**

Ante os graves disturbios que nos últimos días están a producirse en distintas cidades de

Cataluña, a Deputación da Coruña, reafirma o seu rexeitamento a calquera manifestación de violencia e o seu compromiso na defensa da Constitución, a legalidade vixente e os principios, dereitos e liberdades que dela emanan.

Fronte á barbarie de quen perturba a convivencia pacífica entre os españois, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto aos Mossos d'Esquadra, veñen realizando un labor exemplar para a protección dos bens e a seguridade de todos. Grazas ao seu traballo, profesionalidade e sacrificio, e a pesar da falta de respaldo institucional das autoridades autonómicas, os cidadáns de Cataluña viron constatada a fortaleza e a vixencia de Estado de Dereito.

Resulta imprescindible, nunha institución que debe cumprir e facer cumprir a Constitución e a legalidade vixente así como garantir a seguridade dos seus cidadáns, mostrar o recoñecemento de todos os españois á exemplar e abnegada labor que levan a cabo estes servidores públicos.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar o seu máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestando a súa solidariedade e alento aos millóns de cidadáns que están a sufrir esta terrible situación

Segundo.- Mostrar un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como á Policía Autonómica catalá, e en especial a todos aqueles de os seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, polo seu impecable labor e a profesionalidade demostrada para a defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.

#### Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Grupo Popular sobre o apoio e o recoñecemento do labor que realizan as forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña. Votamos a urxencia.

Procédese a votar a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

#### Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, antes de nada quero saudar a Sandra Castro que é a secretaria provincial do Sindicato Unificado de Policía na provincia da Coruña que vén en representación dos seus compañeiros.

Chócame que voten a urxencia, o cal agradezo, para que se poida debater esta moción, e no seu caso, esperemos que aprobala, o que nos tivese gustado é presentar unha declaración institucional, non foi posible e lamentámolo porque unha declaración de recoñecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado polo extraordinario traballo que están realizando en Cataluña. Vou pasar a ler os puntos da moción porque pasa a votarse, evidentemente.

Entón o primeiro punto sería por parte da Deputación da Coruña adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar a súa máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestando a súa solidariedade e alento aos millóns de cidadáns que están a sufrir esta terrible situación

Segundo.- Mostrar un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como á Policía Autonómica catalá, e en especial a todos aqueles dos seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, polo seu impecable labor e a profesionalidade demostrada para a defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.

Como dicía, é unha pena que non se puidera presentar como declaración institucional asinada por todos os Grupos, pero si entendemos e manifestamos a solidariedade e o apoio aos miles e miles de persoas que están sufrindo en Cataluña as consecuencias destas actuacións violentas, así como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Vou ler porque máis alá do que se poida debater, eu creo que eles falan solos e eles din clarísimo o que alí pasou, e así se dirixiron ao fiscal xeral do Estado, gustárame, para que entendamos o que están pasando, o que están sufrindo, eles dicían que a situación, ou a máis dura, ou a máis dura ás que se enfrontaron, dicían algúns. E no seu escrito din desde o Sindicato Unificado de Policía, "Estamos asistindo con máxima preocupación a uns disturbios rexistrados estes días nos que 134 membros do noso Corpo resultaron feridos, algúns incluso permanecendo ingresados en centro hospitalario, e un deles en Unidade de Coidados Intensivos, pola actuación planificada e coordinada de grupos de persoas que activan de maneira medida e coetánea ataques contra os axentes nos que se empregan medios tan contundentes e perigosos, que só poden pretender buscar un morto entre os nosos compañeiros, refírome ao uso de cócteles Molotov, bombonas de butano manipuladas para a súa detonación, lastros, rodamentos, lanzas, material pirotécnico manipulado, motoserras, ferramentas de grandes dimensións e incluso sinais de tráfico". Continúan dicindo, "Encontrámonos ante episodios de guerrilla urbana impulsados, coordinados e tutelados, baixo o paraugas dun proxecto que pretende vulnerar o ordenamento constitucional para segregrar unha parte do territorio español e independizalo, empregando para iso medios que pretende, por unha parte xerar unha tensión social de carácter insurreccional nas rúas, e doutro impoñer un proxecto político mediante o uso da violencia e a coacción, en definitiva recorrendo ao terror". Isto dino eles, isto dío quen o está sufrindo e quen o está padecendo. Entendemos que Pedro Sánchez non estivo á altura desde que se produciu a sentenza do Procés, porque Torra fíxolle presidente e Torra pode volver a facelo presidente. Fala de que condene, nada, nin lle manda un requirimento, nin atende as súas chamadas, o que estamos é a ver se pasan as eleccións, e mentres tanto que pase o tempo. De feito este domingo, en lugar de acudir á manifestación da Sociedad Civil Catalana a Barcelona, vén aquí a contraprogramar a Paco Vázquez, o que foi o seu líder nesta cidade, o exalcalde e outros deputados constituíntes.

Entón o que queremos é que se apoie publicamente ás Forzas e Corpos de Seguridade, pedimos ademais, e así o fixeron os nosos compañeiros no Parlamento, unha condecoración para todos aqueles que estiveron en Cataluña e distincións superiores para os feridos, alegrámonos moito de que Iván xa estea fóra de perigo, que vaia mellorando, e que a Ángel lle dean a alta, son os dous galegos que estaban feridos, Ángel vén mañá, e gustárame finalizar recordando que o ministro de Interior anterior, Zoido, aprobou en marco, asinou en marzo de 2018 un acordo de equiparación salarial de policías e gardas civís, o diñeiro está no orzamento de 2018, deixouno aprobado o PP, e só falta que se cumpra.

Dicirvos que tedes todo o noso apoio, e que no estades solos. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

A moción é unha cousa e o que se falou aquí outra, por tanto eu a moción apóioa. Paréceme que o que pasou en Cataluña non se pode permitir no noso país, felicitar ás forzas de orde pública, os tres corpos que actuaron aí, e que o fixeron moi ben, non caeron na provocación, e tamén hai que dicir, porque aquí se vén facer política, o presidente do país fixo un traballo extraordinario, extraordinario, non caeu na provocación daqueles que atentan nas rúas contra os intereses dos cidadáns, soubérono facer moi ben, e as forzas de orde pública, non podía ser doutra forma, coordinadas polo Goberno da nación, fixérono de p...m.... Por

tanto, vou votar a moción, pero non fagamos politiquilla aquí, o presidente do Goberno de dez, e a Garda Civil, a Policía Nacional e os Mossos de dez, nada máis.

Sr. Lema Suárez

Eu creo que si que estamos facendo política con Cataluña, non para Cataluña, tampouco me sorprende, non creo que entre dentro das competencias, outras veces apelárase ás competencias desta entidade, da Deputación, claramente este asunto que excede das competencias da Deputación pero que, efectivamente, o momento e o entorno levan a que esteamos debatendo sobre isto, a min tampouco me parece mal, eu creo que é un debate lexítimo.

Quen trae esta moción aquí hoxe é o Partido Popular que non ten representación nas Cortes catalás, tampouco ten representación no Concello de Barcelona. Por suposto isto non resta ningunha lexitimidade para que vostedes veñan aquí, -non, non a teñen, Sra. Gallego-, para que vostedes veñan aquí hoxe a traer esta moción. Eu entendo que este feito pon de manifesto o seguinte, eu creo que o Partido Popular non ten nada que perder en Cataluña, non ten absolutamente nada que perder en Cataluña, creo que é un problema cando un partido político non ten nada que perder nun asunto determinado, porque isto lévao a caer na tentación de usar esa cuestión determinada, ese son determinado, para outros fins, para outros fins que son facer política con Cataluña fóra de España, fóra de Cataluña, para o resto de España, eu creo que iso é evidente, eu creo que non hai por ningún lado ningunha intencionalidade de asomarse á resolución dun problema que a verdade creo que ninguén pode pensar que pola vía policial vai ser, en ningún caso, encamiñado.

Dicía Jacques Rancière, un dos filósofos de cabeceira do 68 francés, distinguía entre *police* e *politique*, dicía que *police* é o que se fai na política de consenso é a policía a súa tradución, e a *politique*, a política, é o territorio do disenso, e polo tanto dicía que non hai política sen disenso. Efectivamente existe un disenso en Cataluña sobre un modelo de Estado, non só unicamente en Cataluña, que non se vai arranxar de xeito policial en Cataluña, e precisa política, máis política e eu entendo que menos policía.

Como o momento histórico dá para estas sobreactuacións políticas e dunha temperatura extraordinaria, que eu creo que de xeito irresponsable estase axudando a quentar, non digo con esta moción, ou este momento en particular, senón coa suma de moitos outros elementos que nos trouxeron ata aquí, por falar un pouquiño do contexto inmediato, quería facer referencia a dous eventos que acaban de ter, que acaban de acontecer onte mesmo. Un deles, que tivo unha grande trascendencia a nivel de Estado, foi a exhumación do cadáver de Franco que, por suposto, nós apoiamos, porque Franco simboliza, evidentemente, simboliza xusto o contrario do que representa esta institución, é dicir, a garantía de dereitos básicos, é dicir, tamén a liberdade, e é dicir tamén a democracia. Por iso garantimos e por iso apoiamos a exhumación dun ditador ao que se lle rendían honores indebidos nunha democracia.

Pero onte tamén aconteceu un evento doutra escala, moito menor, que a min me toca máis cerca, porque particularmente era cliente ocasional desta persoa, falo dunha froiteira, da dona dunha froitería da Coruña, da rúa Ponteijos, que recibiu un ataque de alguén que non vou cualificar, porque estaba molesto porque no seu establecemento se vendera froita catalá, este é o estado de opinión, o estado de ánimo que se está creando. E eu creo que realmente señores vostedes están xogando aínda a quentar máis esta situación. A min paréceme moi grave o que está acontecendo, non só en Cataluña, senón a través da cuestión catalá fóra de Cataluña. Paréceme que empezamos un camiño moi perigoso que pode levar a unha senda de recortes de dereitos que a verdade debería, sinceramente, preocuparnos.

Nós entendemos que a cuestión catalá non se reduce a unha cuestión de orde pública, non se reduce a unha cuestión policial, senón que é un problema moito máis amplo, é un problema que creo que atinxe ao modelo territorial do conxunto do Estado, é un problema que

esixe diálogo, é un problema que esixe tamén solucións políticas, eu convídoos a algúns de vós, se teñen oportunidade, ou interese, a ver como tratan este asunto na prensa estranxeira, na prensa que non é española, os cualificativos respecto das persoas que están agora mesmo presas en Madrid son moi contundentes, cualifícanos como tales presos políticos, e non vou entrar aquí nun debate xurídico sobre esta cuestión, non son xurista, non é o meu traballo, si creo, francamente, que o que esixe este momento histórico é responsabilidade e diálogo, e por estas razóns expostas imos votar en contra desta moción.

Sra. Muíño Filgueira

O BNG vai facer unha intervención breve co afán de clarificar a nosa postura relativa á moción que se presenta. Por unha banda, evidentemente, e ante todo, deixar claro que rexeitamos e condenamos calquera tipo de violencia, veña de onde veña, e desexamos ademais unha pronta recuperación de todas e cada unha das persoas feridas nos diferentes disturbios. Fóra disto temos que trasladar tamén que lamentamos fondamente a situación que estamos vendo e que se está a vivir en Cataluña e certamente nós entendemos que tratándose dun problema político, a lóxica vía para abordar esta cuestión e para orientar as solucións, tiña que vir efectivamente tamén pola vía política, fomentando o diálogo e alonxándose de calquera tipo de actitude de forza ou violencia. Non sendo así o tratamento desta cuestión, e alonxándose do que son estes principios que nós defendemos, entendemos que non podemos coincidir co contido da moción.

Con todo, insisto e reitero o noso rexeitamento a calquera tipo de violencia, sempre, veña de onde veña.

Sr. Fernández Piñeiro

Sobre a moción, nós subscribímosla integramente e ímola apoiar, si que é certo que non así a intervención da Sra. Aneiros que paréceme inapropiada e incluso pouco elegante, con todos os respectos, porque do que estamos a falar é do que vén na moción, e meter outra serie de cuestións que nada teñen que ver co que estamos a falar na moción, paréceme que non axuda a esa concordia e, desde logo, non vai nesa liña, -Aneiros, non, perdón, si, certo, porque coñezo unha Rosa Aneiros, entón estaba confundindo as dúas, desculpade, sabe Aneiros que a aprecio igualmente, e a Rosa tamén-, en todo caso digo que o que estaba a comentar, -fóiseme pouco o fío con isto que me fixo bastante graza-, pero comentaba iso que tiña pouco que ver coa moción, co que estamos a falar da moción e con outras cuestións que penso que non debían de tratarse aquí e que, como digo, vai en contra dese espírito de concordia que se buscaba e que se denunciaba no inicio da súa intervención, en canto a que non foi posible traela como declaración institucional. Facer determinadas afirmacións, que nada teñen que ver con esta moción para aproveitar e darlle paus a uns e a outros, penso que tampouco axuda. Dito isto, sobre o que estamos a debater, que é esta moción que vostedes presentan, repito que nós a subscribimos integramente e que votaremos a favor dela.

Sra. Gallego Neira

Non fagamos politiquilla, todos de dez, iso non é o que din as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, din que estaban moi poucos efectivos e que non estaban nas condicións axeitadas, eu creo que iso non é unha boa xestión. Claro que estamos falando de política e estamos facendo política. Púidose ler unha declaración institucional asinada por todos, que non habería debate, pero en medio do debate si que saen cuestións, de feito todos os meus compañeiros falan de Cataluña e non falan da policía, o Sr. Lema e a deputada do BNG. Entón, Sr. Lema, temos representación en Cataluña, non temos Grupo propio, pero temos catro deputados, vostede está aquí só e ten Grupo e todo, e asesor e demais, ou sexa, que non se queixe, pero si temos representación e temos voz en Cataluña, só faltaba.

O episodio de onte da persoa, da froiteira que vendía peras de Cataluña e froita catalá, por suposto que o condenamos, xa o fixemos publicamente, nós si condenamos toda

violencia, todos os actos violentos, todos, non vin a ningún, nin da Marea Atlántica, nin do BNG, condenar xamais ningunha agresión a un policía, xamais o vin, din agora que si, pero van votar en contra dunha moción que di exactamente iso. Entón botar leña ao lume é quen se manifesta publicamente e abertamente a favor dos presos políticos, que están condenados por unha sentenza, polo Tribunal Supremo, a vostedes a sentenza válelles para facer unha moción de censura, interpretando unha sentenza que agora resulta que non estaba tan ben redactada e tan ben feita como se dicía, pero valelles para unha moción de censura, e non lles vale para que esta xente que cometeu delitos de sedición, vaia ao cárcere, pois ou nos vale sempre ou non nos vale nunca.

E nada máis, a situación de Cataluña con diálogo si, cando se condenen os actos de violencia, si cando se diga que non se vai facer un referendo mañá, si cando se diga que non se vai soltar aos presos políticos e se lles vai indultar mañá, si cando se coide á policía nacional e ás forzas e corpos de seguridade do Estado, incluídos, por supostísimo, e non se lles dea ordes contraditorias, aos Mossos de Squadra, cómo non!

#### Sr. Lema Suárez

Creo que non é moi prudente seguir por esta discusión, eu creo que cando menos nós deixamos claro que entendemos que a cuestión catalá excede do ámbito da seguridade, do ámbito policial, que é un problema político, e que nese ámbito debe ser resolto. Eu non puxen aquí sobre a mesa outros aspectos.

Pero xa que vostede nos incita, ao mellor, vou facer un pouco de memoria, memoria moi pequena deste caso. Efectivamente, houbo unha tentativa de pactar no ano, se non me falla a memoria, no ano 2006, sendo Pascual Maragall presidente da Generalitat, un Estatut entre, digamos que renovaba, ou cambiaba ou modificaba o pacto entre as partes, entre a autonomía catalá e o Estado español. Ese Estatut foi aprobado no Pleno da Generalitat catalá, co único voto en contra, por certo, do Partido Popular, e foi tamén aprobado nas Cortes españolas co voto en contra do Partido Popular e tamén curiosamente de Esquerra. Ese Estatut despois foi freado, ou digamos laminado no Tribunal Constitucional, que eu supoño que os xuristas, tranquilícese Sr. Ben, terían as súas razóns, pero sen dúbida desa forma, digamos desa incapacidade, ou dese cuarto poder que emerxe aí, o Tribunal Constitucional, que creo que dalgunha maneira os efectos políticos de todo isto é que dá comezo unha fase nova do que era, eu creo que unha lexítima aspiración do pobo catalán, que está recollida na Carta de Dereitos das Nacións Unidas, que é o dereito de autodeterminación, que teñen como tal. Evidentemente, eu creo que o que sucedeu despois todos os sabemos e creo que ningún está contento, nin moito menos celebra a situación que temos hoxe en día. Eu o que diría é que é mellor actuar con certa calma, é mellor ser responsables, é mellor tratar de enfriar o debate, e é mellor como políticos tratar de que os asuntos políticos se resolvan na esfera política, e eu creo que así finalizarei a miña intervención por hoxe. Grazas.

#### Sra. Gallego Neira

O lóxico non é que non haxa debate, claro que ten que haber debate, como non vai haber debate, pero o lóxico é acatar as sentenzas, cando non se acata nin a Constitución, e cando non se acepta que neste país, falamos de cuarto poder, e de non sei que poder, e non se acepta que aquí hai separación de poderes e que se mesture todo, mal vamos, Sr. Lema.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP, 10 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 5 deputados (4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do BNG e Marea Atlántica, aproba a seguinte moción:

**"Moción do Grupo Provincial Popular de apoio e recoñecemento da labor que realizan as forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña"**

Ante os graves disturbios que nos últimos días están a producirse en distintas cidades de Cataluña, a Deputación da Coruña, reafirma o seu rexeitamento a calquera manifestación de violencia e o seu compromiso na defensa da Constitución, a legalidade vixente e os principios, dereitos e liberdades que dela emanan.

Fronte á barbarie de quen perturba a convivencia pacífica entre os españois, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto aos Mossos d'Esquadra, veñen realizando un labor exemplar para a protección dos bens e a seguridade de todos. Grazas ao seu traballo, profesionalidade e sacrificio, e a pesar da falta de respaldo institucional das autoridades autonómicas, os cidadáns de Cataluña viron constatada a fortaleza e a vixencia de Estado de Dereito.

Resulta imprescindible, nunha institución que debe cumprir e facer cumprir a Constitución e a legalidade vixente así como garantir a seguridade dos seus cidadáns, mostrar o recoñecemento de todos os españois á exemplar e abnegada labor que levan a cabo estes servidores públicos.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar o seu máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestando a súa solidariedade e alento aos millóns de cidadáns que están a sufrir esta terrible situación

Segundo.- Mostrar un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como á Policía Autonómica catalá, e en especial a todos aqueles de os seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, polo seu impecable labor e a profesionalidade demostrada para a defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos."

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Lema Suárez

A nosa pregunta é a seguinte. No Pleno ordinario de 26 de outubro de 2018 foi aprobada con vinte e dous votos a favor e trece abstención a mudanza do nome do IES Calvo Sotelo da Coruña para outra denominación que é, Elvira Bao. Certificamos que a día de hoxe esta modificación aprobada en Pleno aínda non se lle dá cumprimento e facemos as seguintes preguntas: En qué estado de tramitación se atopa o cambio de denominación do IES Calvo Sotelo? e segunda, cal é o motivo polo que non se levou a cabo e derivou que o curso 2019-2020 comezase coa mesma denominación que o Pleno da Deputación aprobou mudar hai exactamente un ano?

### Sr. Regueira Varela

Quedárase en actualizar o Regulamento de concesión e retirada, retirada non, porque o regulamento non tiña un punto de retirada de honores, entón considerabamos que antes de proceder ao cambio definitivo de nome deberíamos de ter unha ferramenta que habilitara esa retirada.

Xa na Xunta de portavoces nos propuxemos chegar a ter ese documento o antes posible, eu creo que é un dos puntos de traballo que debemos afrontar xa de cara á próxima



incluso reunión da Xunta de Portavoces, tamén instamos se hai algún documento guía que se queira achegar para o posterior estudo, que se achegue, pero a idea é proceder a aprobar ese regulamento, ou actualizar o existente, e posteriormente tramitar o punto e traelo a Pleno e aprobalo en Pleno. Nada máis ca iso.

Sr. Ben Otero

Un, que tendo en conta na sesión plenaria de 27 de setembro de 2019 se retiraron da orde do día os puntos 4 e 5, referidos á aprobación de sendos convenios de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Clubs Silva Sociedad Deportiva, por importe de 5.310,10 euros, e Sociedad Deportiva Compostela, por importe de 7.500 euros, motivado pola vulneración da ordenanza xeral de subvencións desta entidade, e que entrou en vigor o 10.05.2019, que determina no seu artigo 4.3 que de ningún xeito se poderá outorgar unha subvención para executar un proxecto ou actividade, que no momento de presentarse a correspondente solicitude xa estea completamente executado e rematada aquela, ordenanza que por certo este Grupo, cando se trouxo ao Pleno para a súa aprobación abstívose, por considerar que vai máis alá do disposto tanto no artigo 2 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do disposto no artigo 2.3.b do seu Regulamento de desenvolvemento, que permiten financiar a través de convenios de colaboración, actividades xa realizadas.

Dous, que sendo formalizados convenios para a concesión de subvencións nominativas para os seguintes clubs que militan na terceira división nas seguintes sesións plenarias: Pleno 21 de decembro de 2018, aprobación convenio con Cinco Coruña Fútbol Sala, subvención por importe de 5.000 euros; Pleno 1 de marzo de 2019, aprobación convenio coa Sociedade Deportiva Negreira, subvención por importe de 7.670,10 euros; Pleno de 29 de marzo de 2019, aprobación de convenio con Bergantiños Fútbol Club, subvención por importe de 7.500 euros.

Tres, que dado o criterio sostido polo responsable da área de Deportes no seu momento para a súa concesión, foi que todos aqueles militen na terceira división do fútbol, e co obxecto de non xerar agravios nin prexudicar aos anteriores, por todo iso o Grupo Provincial Popular e no seu nome este deputado realizan o seguinte rogo:

1.-Que lle encomende ao responsable de Deportes que inicie a tramitación para a aprobación por este Pleno provincial dun convenio de subvencións nominativa cos clubs Silva Sociedad Deportiva, por importe de 5.310,10 euros, e coa Sociedad Deportiva Compostela por importe de 7.500 euros para financiar actuacións do exercicio corrente, e que non se encontren afectadas pola citada ordenanza que aprobaron vostedes.

2.-En caso de non existir crédito suficiente e adecuado neste exercicio, inclúase no orzamento xeral da Deputación da Coruña o vindeiro ano unha subvención nominativa para que os citados clubs, é dicir, Club Silva Sociedad Deportiva e a Sociedad Deportiva Compostela, reciban os importes antes mencionados. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Pódeme repetir o primeiro punto da petición?

Sr. Ben Otero

Que se inicie a tramitación para a aprobación por este Pleno provincial dun convenio de subvencións nominativa cos clubs Silva Sociedad Deportiva, por importe de 5.310,10 euros, e coa Sociedad Deportiva Compostela por importe de 7.500 euros para financiar actuacións do exercicio corrente, e que non estean afectadas pola citada ordenanza que aprobaron vostedes en maio pasado.

Sr. Regueira Varela

Como acaban de informar de que teño no buzón unha carta inesperada, eu rogaríalle ao Partido Popular que lle avisen ao Sr. Casado de que aínda non se pode pedir o voto, e que acaba de chegarme ao buzón isto, ben, eu xa estou convencido, pero por se acaso.

Sr. Ben Otero

Sr. Regueira, eu voulle dicir unha cousa, eu sei que vostede é un home moi ocupado, e en virtude desas ocupacións que ten hai cousas que descoñece no funcionamento do seu Partido. Se vostede lese os prazos destas eleccións é verdade que a campaña electoral acurtouse unha semana, pero o prazo para envío por publicidade e mailing electoral empezou o 25 de novembro, en consecuencia direille ao Sr. Casado que ten un equipo de campaña moi efectivo porque chegaron no seu momento as cartas a domicilio. Grazas.

Sr. Regueira Varela

Pódeme asegurar vostede que se pode pedir o voto en precampaña? non

Sr. Ben Otero

Non, Sr. Regueira, só unha cuestión, non se pode pedir o voto, pero si se poden facer os envíos aos domicilios, permíteo a lei.

Sr. Presidente

Damos por rematado o Pleno, as cuestións burocráticas discútenas entre vostedes.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:46 horas.